

# CLAVE ORIÓN

NÚMEROS XII - XIII - XIV - XV



Luz

HOMENAXES A

PURA VÁZQUEZ

EDUARDO MOREIRAS

LUÍS PIMENTEL

ÚRSULA HEINZE DE LORENZO

HEDI KÜHN-BODE

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

EVOCACIÓN DO EIRE: REPÚBLICA DE IRLANDA

CARMEN BLANCO E CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

ANOS 2005-2009

POESÍA GALEGA ACTUAL







*Ex Libris*  
**Luz Pozo Garza**



# CLAVE ORIÓN

Números XII-XIII-XIV-XV

Anos 2005-2009

## *HOMENAXES*

PURA VÁZQUEZ, *IN MEMORIAM*

LEMBRANZA DE EDUARDO MOREIRAS

LUÍS PIMENTEL: 50 ANOS DO PASAMENTO

ÚRSULA HEINZE DE LORENZO

HEIDI KÜHN-BODE

DÍA DAS LETRAS GALEGAS: XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

EVOCACIÓN DO EIRE: REPÚBLICA DE IRLANDA

CARMEN BLANCO E CLAUDIO RODRÍGUEZ FER



### **EDICIÓN E DIRECCIÓN**

Luz Pozo Garza  
luzpozogarza@gmail.com  
R./ Manuel Azaña, 42, 1ªA  
15011 A Coruña

### **CORREO ELECTRÓNICO**

claveorion@gmail.com

### **SUPERVISIÓN**

A edición destes números XII-XIII-XIV-XV estivo ó coidado de Luz Pozo Garza e Natalia Regueiro

### **INTERVENTOR**

Luis Alonso Girgado

### **CONSELLO DE REDACCIÓN**

- Luis Alonso Girgado: CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
- Ramón Lorenzo: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- Úrsula Heinze de Lorenzo: PEN CLUB ALEMÁN. PEN CLUBE GALEGO. COMITÉ DE PAZ DO PEN INTERNACIONAL
- Andrés Pociña: UNIVERSIDADE DE GRANADA
- Aurora López: UNIVERSIDADE DE GRANADA
- Carmen Blanco: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- Claudio Rodríguez Fer: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- Maximino Cacheiro: UNIVERSIDADE DE VIGO
- Olga Novo: UNIVERSIDADE DE BREST
- Dana-Mónica V. Pozo: ASOCIACIÓN DE COMPOSITORES DE AMÉRICA: ASCAP-DUBLÍN
- Natalia Regueiro: SUPERVISIÓN DE *CLAVE ORIÓN*

### **ILUSTRACIONES**

- |                                   |                            |                             |
|-----------------------------------|----------------------------|-----------------------------|
| - Luz                             | - Pura Tejelo              | - A sandalia de Man         |
| - Chagall                         | - Heidi Kuhn-Bode          | - Ireland's Writers         |
| - Laxeiro. Caixa Nova             | (ilustración e arquivo)    | - Estatua de Molly Malone   |
| - Lugrís                          | - A. Ortega                | (Dublín)                    |
| - Sara Lamas                      | - Custom House de James    | - Cáliz de Ardagh           |
| - Dublín / Ireland Cards          | Gandon (Dublín)            | - Estatua de Amida Buddha   |
| - Tiffany's Windows               | - Postales de Dublín       | - Arquivo persoal de Carmen |
| - Arquivo <i>Goodbye, America</i> | - Castelo de Malahide      | Blanco e Claudio Rodríguez  |
| - Arquivo Pura Vázquez            | - Halfpenny Bridge sobre o | Fer                         |
| - José Valentín                   | río Liffey (Dublín)        |                             |

### **CAPA**

*O Aleph*, de Luz

### **IMPRESIÓN**

Grafisant, S.L. - Santiago

I.S.S.N.: 1135 - 741 X

I.S.B.N.: 978-84-453-4778-2

D.L.: C - 884 - 95

Este número de *Clave Orión* conta coa axuda económica da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia



Luz





## ÍNDICE

O FARO EXTRAVIADO .....	13
Pura Vázquez	
-Esa muerte .....	15
Luz Pozo Garza	
-Os Aldán foron a América, <i>novela de Pura Vázquez</i> .....	17
Luz Pozo Garza	
-As vodas palatinas ( <i>selección</i> ) .....	21
-Limiar de Miguel Anxo Fernán Vello .....	23
-Poemas e selección de Luz Pozo Garza .....	25
-Eu son a amada en vela meu amigo .....	27
-Abrinlle a porta na alta noite ó meu amigo .....	28
-Con palmas con guirlandas... .....	29
-Na alerta do seu soño... .....	30
-...Aquel nadal primeiro en Bom Jesús do Monte .....	31
-"Nesta estación altísima de Cristo que se entrega..." .....	32
-Escoita amor a música en Bussaco .....	33
-"Temos que ir a Bussaco miña amada..." .....	34
-"Escoita amor a música dicías..." .....	35
-"Como pasan as aves tan misteriosamente..." .....	36
-Aquel rei don Denis... .....	37
-Poema de Lisboa .....	38
-"Na escaleira de mármore..." .....	39
-"Hai un paxaro morto..." .....	40
-En Lisboa a contraluz .....	41
-Aquel rei don Denis... .....	42
-"Talvez en Portugal ollamos os castelos máis tristesiros..." .....	43
-Desde Sintra con amor .....	44
-"No teito do Palacio de Sintra..." .....	45
-"Nin sei que fago meu amigo..." .....	46
-"Os palacios de Sintra na cima das colinas..." .....	47
-"Subín na carruaxe ó Castelo da Pena:..." .....	48
DONAS DA PALABRA .....	49
Emma Luaces	
-Lobas libres .....	51
-Aleito a loba .....	53
-Illa de liberdade .....	54
-Loba libre .....	55
-Mulleres e lobos .....	56
Úrsula Heinze de Lorenzo	
(Tradución ó galego de Ramón Lorenzo)	
-"nachtgeplagt... / abouxada..." .....	59
-"zärtlichkeit... / tenrura..." .....	60
-"nur wenn die... / só cando murmura..." .....	61

Olga Patiño	
-Atmosferas .....	63
-Maridaxe, presentación de Teresa Seara .....	65
-Dous cadros de José Valentín cun poema de Olga Patiño .....	63/66
-Escritos de Olga Patiño en galego e francés .....	67
(Tradución ó francés de Noemí Aedo)	
-“Noalba é a terra que me naceu... / Noalba c’est la terre qui est née en moi...” .....	67
-“Eu sempre me afasto o indispensábel da esperanza... / Moi, toujours je m’éloigne que le nécessaire de l’espérance...” .....	68
-“As raíces da noite... / Les racines de la nuit...” .....	69
Pura Tejero	
-Helena e o sol .....	73
-Hilda .....	75
-Home e can pasean polas rúas do outono .....	76
María Novo	
-Aquí, no microcosmos .....	79
Heidi Kühn-Bode	
-Pomerania meu amor –fragmento– .....	83
-Dragón nas augas .....	89
-Poema en catro linguas: Ausden kolonien / Fron the colonies Desde las colonias / Dende as colonias .....	90
Heidi Kühn-Bode & Luz Pozo Garza	
-“soidade... / EINSAMKEIT...” .....	93
Natalia Regueiro	
-Goodbye, America. Welcome Al Levis and the life. Entrevista a Sergio Oksman .....	95
Donas da palabra:	
-Sumario .....	109
HOMENAXE A ALEXANDRA KOSS .....	111
Álvaro Cunqueiro	
(Tradución ó ruso de Alexandra Koss)	
-Pero Meogo no verde prado .....	112
-Un home que desperta .....	112
-Herba aquí ou acolá .....	114
Xosé Luís Méndez Ferrín	
(Tradución ó ruso de AA.VV.)	
-Espranza xorda .....	120
-Ninguén .....	122
-Illa .....	122
MENSURA .....	129
Ensaio	
Andrés Pociña	
-O Parnaso galego de Eduardo Moreiras .....	131
Manuel Fernández Rodríguez	
-Eduardo Moreiras: poética entre dous mundos .....	153

Ramón Reimunde	
-Pescadores de cerco .....	171
Eduardo Moreiras	
-A ría de Vigo .....	177
Creación	
Xosé María Álvarez Cáccamo	
-Poemas de Vento de sal .....	183
-“Dalgún lugar emerxo...” .....	183
-“Este é o tempo de agarimar a memoria...” .....	184
-“Casa do chan terreiro para a muller remota, extraviada...” .....	185
Maximino Cacheiro Varela	
-Path, o amor de Nefertén .....	186
-“Na rosa malva..... / Dans la rose Mauve...” .....	187
-“Viaxe ao corazón... / Voyage au coeur...” .....	187
Cesáreo Sánchez-Iglesias	
-Poema de Variacións Nube .....	188
-“Os anciáns sentados nos bancos da praza...” .....	188
Manuel Álvarez Torneiro	
-Campo segado -fragmentos- .....	190
César Antonio Molina	
-Crista do Xistral .....	191
-Un bo nadador .....	192
Moncho Regueira	
-Imaxe de Rosalía .....	193
Xoán Neira López	
-Poemas de Das últimas lúas .....	194
-Lúa nova .....	194
-Cuarto crecente .....	195
-Lúa chea .....	196
-Cuarto minguante .....	197
Celso Castro	
-Poema de Cinco bicicletas .....	198
-“había unha putiña no paraíso...” .....	198
(Tradución ó galego de L. P. G.)	
Suso Pensado	
-Como librarse... .....	199
William Cliff	
-“alors? oiseaux marins! vieilles natures...” .....	200
Luz Pozo Garza	
-A William Cliff .....	201
Xoán Abeleira	
-A sandalia de Man .....	202
HOMENAXE A XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ .....	205
Luz Pozo Garza	
-“Morrer de tanto amor de tanta entrega...” .....	207
-Como un anxo loitabas .....	208

HOMENAXE Á TORRE DE BREGHAN OU TORRE DE HÉRCULES .....	215
-Limiar de Olivia Rodríguez González .....	217
-Poemas de Luz Pozo Garza de <i>Novo Leabhar Ghabhala</i> .....	225
-Torre de Breoghan .....	226
-Inis Elga .....	228
-Morte de Ith .....	229
-Primeiro discurso de Amirgin .....	231
-Crónica de Amirgin .....	232
-Diálogo das tres deusas .....	233
-Diálogo de Amirgin .....	236
-Litofanías .....	238
-Avalon Avalon .....	239
IWERDDON .....	241
Michael Scott & Dana-Mónica .....	
-La voz de la tierra .....	243
Claudio Rodríguez Fer .....	
-Ir a Irlanda .....	253
Luz Pozo Garza .....	
-Sherpa, a cadela irlandesa .....	271
PARADISO .....	275
-Autógrafos de Eduardo Moreiras .....	
-Avalokitesvara .....	277
-Indra .....	278
-Cantiga dos namorados .....	279
-O ouxeto da poesía é a poesía .....	280
-O son esquecido .....	281
-Pequena historia dunha rapariga .....	282
-A mañán pode nacer calquer día .....	283
-Montes da Grova .....	284
-Irreal, I .....	285
-Terra castigada .....	286
A PLUMA NA MAN .....	287
-Cartas a Eduardo Moreiras de: .....	287
-Ramón Otero Pedrayo .....	289
-Miguel González Garcés .....	292
PARTITURA .....	295
Aurora López .....	
-Outra canción con letra de María do Carme Kruckenberg .....	297
María do Carme Kruckenberg .....	
-Cando marche .....	299
HOMENAXE A CARMEN BLANCO E CLAUDIO RODRÍGUEZ FER .....	307

# O FARO EXTRAVIADO



A Pura Vázquez  
*In Memoriam:*  
No corazón de Galicia  
e da Poesía.  
Sempre.

CLAVE ORIÓN.

*E o faro estraviado  
daba o S-O-S.  
no morse*

*—clave Orión—  
d'as estrelas*

*Manoel Antonio*



**PURA VÁZQUEZ**  
*IN MEMORIAM*



**ESA MUERTE**  
*Pura Vázquez*

Es esa muerte que en mi pecho late  
rondándome apremiante. Desmedida  
espesa voz de tierra. Contenida  
agua que pesa y duele y grita y bate.

Crecida en mí, madura en mí, combate  
mi ciega primavera detenida.  
Duro mensaje de mi sangre. Brida  
hiriéndome la entraña. Hondo acicate.

Soy yo y es esa Muerte que me poda  
soy yo y es esa Muerte. Oscura boda  
de eternidad doliendo sus tributos.

Soy yo muriendo, y es mi muerte roca  
viva, cercana. Ávida mano. Boca  
paciéndome los sueños y los frutos.





## OS ALDÁN FORON A AMÉRICA, NOVELA DE PURA VÁZQUEZ

Luz Pozo Garza

Pura Vázquez viviu a emigración. De Galicia a Venezuela. De Venezuela a Galicia, por tres veces viviu tamén o seu desacougo. Eran os anos cincuenta e sesenta. Anos que foron para Pura Vázquez, como para tantos galegos e galegas, unha tensión entre a esperanza dunha terra prometida e o esgazamento das raíces. En *O Desacougo* deixaba Pura testemuño dese fondo bater entre os pulos da inquedaanza doutras terras e o sentimento da señoardade. En 1952 Luís Seoane xa deixou ben sentado que as transcendentés accións históricas nosas foron de carácter colectivo e determinadas en principio pola necesidade económica. Ben que os emigrantes, en calquera data, se poñen en marcha en circunstancias diversas por un pulo común, ancestral, pero non só pola procura do pan. De aí que, tanto na novela de Pura Vázquez como na obra de Luís Seoane, o resultado final sexa máis ben negativo. Haberá que ter sempre en conta un esforzo de adaptación ós novos espacios e culturas, que en tantos casos corrompen. E por outra banda, o padecemento constante da ferida saudosa ou quizais mesmo o desligamento.

Na presentación da novela declara a autora que se trata dunha obra concibida en Venezuela tras moitos anos de inmigración. Vivía e traballaba alí. Algún ano viña tomar folgos á súa terra e regresaba a América. Durante décadas concentrouse no labor novelístico que, agora, en idioma galego, nos dá como síntese do coñecemento e experiencia da súa vida en Caracas. Tiña que vivir e escribir sobre o tema da emigración que ela considera apaixonante e que sempre a seduciú: os avatares dunha familia galega en América. Novas xentes e novos espacios por coñecer. As dificultades da adaptación para se integrar na cultura caribeña. Todo aquel mundo complexo e exótico semella respirar auténtico nas vivencias que Pura Vázquez traslada á novela *Os Aldán foron a América*.

Articúlase a obra en tres únicos capítulos que asumen a función imbricada de introdución, núcleo e desenlace. No primeiro capítulo, “A viaxe”, vai do momento no que a familia dos Aldán –pai, dúas rapaciñas e un neno– embarcan en Vigo, ata a chegada ó Puerto de la

Guayra en Caracas. A vida no barco relátase demoradamente. O paso polas illas de Madeira e Tenerife, escala obrigatoria da navegación marítima, deixa no texto a pegada do encanto insular. Neste apartado primeiro, especialmente descritivo, coñecemos ós personaxes que imos tratar ó longo da novela: a súa historia; características físicas, comportamento e arelanzas.

O segundo capítulo, “A conquista de Caracas”, narra polo miúdo os trámites administrativos oficiais e o contacto de Felipe Aldán cos responsables da empresa de construción. Aquí leva xa a primeira desagradable sorpresa en relación co seu contrato. A admirable descrición da cidade, nos seus espazos máis espectaculares ós máis deprimidos, lévanos a unha realidade social inxusta. A vida familiar, as relacións con outros inmigrantes, as incidencias de tanta xente esperanzada e os seus avatares, implícanse moi axeitadamente. A relación e casamento de Felipe Aldán coa viúva francesa, Sra. Moreau –que xa coñecemos no barco– vén dotar á historia dun centro afectivo –a casa– un lugar de converxencia de estados anímicos. Incrementan as tensións o traballo e amores da filla maior, Estela, figura principal da obra. A desviación erótica da rebelde adolescente Ros Mari, a irmá máis nova. A imposición paterna incrementada polo relaxamento da moral caraqueña. Son temas fundamentais tratados con mestría psicolóxica pola autora.

O capítulo terceiro, “Pasaporte a Madrid”, narra o amor definitivo e correspondido de Estela. A voda. A memoria do pasado. O estado de felicidade tan duramente conseguido, e a morte prematura...

Os personaxes de *Os Aldán foron a América* están en loita continua consigo mesmos e coas circunstancias adversas. Queren ser. Queren vencer. Queren situarse. Son pura vontade. O antagonismo entre Estela e Ros Mari parte, esencialmente, da súa idiosincrasia. Estela é realista. Positiva. Tradicional no fondo, pero permítese transgresións morais que ela inclúe na conta dunha sociedade contraditoria. Ros Mari, introvertida e egocéntrica, está do lado do erotismo. As súas reaccións son imprevisibles. O pai, contrapunto da sensibilidade feminina, responde ó esquema convencional do “pater familias”.

A novela de Pura Vázquez paréceme chea de acertos psicolóxicos e descritivos. A narración, de corte tradicional, corre rápida e amena. Moi fluída. Escrita en terceira persoa, permite unha ampla focalización

desde un ollar omnisciente. A evidente plasticidade de *Os Aldán foron a América* e, sobre todo, o interese polo tema sempre palpitante da emigración nosa, o pulo dinámico que a autora lle soubo imprimir á obra, darían de seguro un doado guión literario para un interesante filme.

(*O Correo Galego*, 19-IV-1997)



Luz Pozo Garza

AS VODAS PALATINAS  
(selección)

*meu horto cerrado. Ata o mencer*



*Aromas de mazáiras espalla na canción o*

*faremas esta festa de amor queridas rapaciñas*

*Eu son a amada en vela meu amigo*



## LIMIAR

Miguel Anxo Fernán Vello

Eu teño expresado en máis dunha ocasión que lendo a poesía de Luz Pozo Garza experimenta o lector un particular “sentido de elevación”, e chega a percibirse na respiración dos versos da autora unha delicadeza que traspasa o ar, un voo luminoso que só a poesía é quen de trazar. Méndez Ferrín falou, referíndose á poesía de Luz Pozo, de “esplendidez sensual” e Carmen Blanco utilizou unha expresión perfectamente acaída tamén para a autora de *Prometo a flor de loto*: “rebordante sensualidade”. “O que fai o poeta é engadir unha faísca ao lume total”, ten afirmado Luz, concibindo así a poesía como unha totalidade latexante do humano, como un tremor profundo que ascende no ser íntimo das palabras para se converter en definitiva revelación.

Diante destas *vodas palatinas* ás que nos convida hoxe Luz Pozo, xenerosa na arte do seu ser persoal e do seu ser poético, fáisenos real aquel verso de Octavio Paz que define ese “lume total” que os poetas como Luz coñecen, senten e viven: *La poesía es tiempo y arde*. O presente libro, escrito a través do voo delicado da memoria, é un canto de celebración e de beleza. Goethe insistía en “eternizar” o instante e asociábao á beleza. Luz Pozo “eterniza” neste libro o instante amoroso, o curso dunha paixón fixada no tempo, para recobrar mesmo a “lúa dos amantes”, a forma e o fondo dunha experiencia única: crónica sensual, espello da natureza, a “chama dobre” que un día foi centro, ónfalos voluptuoso, amor activo na súa propia beleza.

E estas *vodas* que Luz Pozo certifica na luz e na música dos seus versos, sempre no alto territorio da emoción transvivida, teñen tempo e lugar, teatro certo e recoñecíbel, mapas gravados na lembranza, como se houbera un eco vivo e resoante que servise de guía aos sentimentos. *As vodas palatinas*, libro que “brilla” agora entre nós, conteñen o segredo da “saudade”, e esta saudade ten xeografía no Bom Jesús do Monte, en Bussaco, nas rúas e prazas de Lisboa, á beira das augas do Mondego, na entrañábel Coimbra ou na luz, “entre o ceo e a terra”, de Sintra. Luz Pozo trazou aquí a liña de amor que a une a Portugal no tempo, e é este un “libro portugués” que a autora –“amada en vela”– nos entrega luminoso, “na posición dos astros fascinados”, para celebrar, como un *fado* feliz, un amor que foi e é lei vital, razón de ser e puro fervor de liberdade.



*A poesía é tempo e arde.* Ardamos felizmente os lectores con Luz Pozo na poesía, a súa, que é palabra pura e fulgor no que sempre nos recoñeceremos.

(Transcrición literal do "Limiar" que Miguel Anxo Fernán Vello escribiu para *As vodas palatinas*)

*Luz Pozo Garza*

AS VODAS PALATINAS  
(selección)

*A Eduardo*





## **EU SON A AMADA EN VELA MEU AMIGO**

*A Eduardo in memoriam*

## ABRINLLE A PORTA NA ALTA NOITE Ó MEU AMIGO

*Estaba eu a durmir, pero o meu corazón en vela,  
cando chama petando o meu amigo.*

Cantar dos Cantares

\*

No meu horto cerrado amigas miñas  
aromas de mazairas e vimbios florecidos  
espallan a canción do epitalamio

O amado durme agora o soño dos vencidos  
Viña todo enchoupado de orballo e noite pecha  
fuxindo da desfeita por montañas impías  
por chairas inclementes  
por enlamadas corredeiras...

Abrinlle a porta na alta noite ó meu amigo  
con bálsamo curei as súas meixelas  
con aceites de mirra e sándalo laveille os pés chagados  
Coa miña cabeleira desvelada sandeille as súas feridas

Puxen sabas finísimas de liño no perfumado leito  
Con colchas de farrapos de seda e raso púrpura  
ocultei as xanelas da luz da lúa...

Agora durme como rei meu amado  
baixo o dosel de encaixe que tecín cando nena  
para o enxoval das nosas vodas

miñas amigas  
non mo desveledes!

## CON PALMAS CON GUIRLANDAS...

\*\*

Vinde ventiños a espallar aromas  
do meu horto pechado  
Ventiños mainos non mo despertedes

E vós miñas amigas dádesme a noraboa  
con palmas     con guirlandas  
coa flor do cinamomo

con ramallos de azahar ensimesmado  
para poñer no peito e louvar tanta dita

Pero vinde en silencio  
non despertedes ó amado coas cantigas  
que poñen ledos o corazón nas vodas

Aínda é cedo non mo desveledes  
ata que acorde ledos nos meus brazos

## NA ALERTA DO SEU SOÑO...

\*\*\*

Ata o mencer fagamos esta festa de amor  
queridas rapaciñas  
fagamos o convite de antevodas no xardín das camelias

Vós danzade felices na miña compañía  
cos velos estendidos  
E logo adormecedes que eu ficarei en vela

Mais se sodes as virxes prudentísimas  
non alcedes a voz que o amado durme  
mentres eu permanezo na alerta do seu soño

Miñas amigas: son a amada en vela

**...AQUEL NADAL PRIMEIRO  
EN BOM JESÚS DO MONTE**



\*\*\*\*\*

Nesta estación altísima de Cristo que se entrega  
totalmente na luz

contemplamos o río nas ondas da saudade  
naquelas vodas místicas entre o río e a mar  
pois tan divinamente  
vai meditando o río místico epitalamio

Naquel Nadal primeiro de linguas de diamante  
todo se fixo eterno  
mais a vida era fráxil e fluía igual que flúe o río  
entre a vida e a morte

Deixei na escalinata do Pórtico a diadema  
o ceñidor de fíos de prata e acibeche  
desprendinme da túnica sacramental de outrora  
e fiquei toda espida *ai lelia doura*

# ESCOITA AMOR A MÚSICA EN BUSSACO

*A Aurora e Andrés Pociña*

\*

Temos que ir a Bussaco miña amada  
Temos que ir a Bussaco...

Transitamos a Beira Litoral  
na posición dos astros fascinados  
na procura da lúa dos amantes

Da alta lúa en Bussaco xa sabíamos  
pois era a lei vital dos nosos soños  
na memoria recente do amor en liberdade

Sabíamos tamén que a nosa vida  
ía ficar escrita en tintura de púrpura

Así esquecimos as voces que negaban a vida  
Así procuramos para nós o designio desa lúa  
que eterniza ós amantes en Bussaco  
A luz innumerable que nos cerca...

\*\*

Escoita amor a música dicías  
esta luz sen memoria esta razón de ser  
este vento tan lento

este lume estas chamas que enlevan os principios  
da iniciación da vida

Sostén amor a música indivisa  
Sostén no corazón estes ritmos fluviais  
os elementos cósmicos que inciden na unidade do amor  
na noite altísima en Busaco

Son as arpas dos pinos de Himalaia  
o fervor apaixonado das coníferas a súa linguaxe  
o esplendor da araucana no val de Chile

a fuga virxinal das palmeiras do Nilo  
a expansión do alcanfor xaponés a flor balsámica  
que traspasa os sentidos e fala linguas voluptuosas

\*\*\*

Como pasan as aves tan misteriosamente  
tan por fóra do tempo e as instancias escuras  
Como pasan as aves e as solpresas da noite...

Tanta serenidade diante da luz  
diante do amor libérrimo como cousa divina  
Ritmos ultrasensibles      Pange Lingua...

¿Sintes a curva melódica de liña ascensional  
os intervalos místicos?  
as valencias precisas que nos libran da morte

Imos gardar no corazón a reserva dos salmos  
Soletrear amor o seu misterio anterior a calquera partitura

pois que foron creados nas idades dos altos sacrificios  
dos diamantes feridos  
Revelación da Rosa

## AQUEL REI DON DENÍS...

*Aos meus fillos*



## POEMA DE LISBOA

*un rumor de pegadas*

\*

Descobrí en Lisboa  
a mágoa dos suburbios

Nas tabernas de Alfama  
vin revelarse a noite

Un poeta galego moi noviño  
lía como nun laio versos de Rosalía  
na vella librería do Bairro Alto

Sobrevive a cidade a un destino  
de códices e espadas

Un rumor de pegadas milenarias  
deixa nas lousas doces partituras

\*\*

Na escaleira de mármore  
preto do Mar de Palha  
senteime a meditar no amor...  
a mar a mar ameite

Iba un barco de vela a navegar no río  
Iban lentas gueivotas na banda azul do vento

Daquela soidade  
queda unha imaxe gris como pedra luída

Unha voz ensumida nun antigo poema...  
amar amar ameite



\*\*\*

Hai un paxaro morto  
nun recanto perdido da praza do Comercio  
E revoan as follas dalgún xornal luxado do domingo

E aquela man anónima que arriou a bandeira  
na torre de Belém...

Non estivemos xuntos  
para escoitar o fado aquí  
en Lisboa

## EN LISBOA A CONTRALUZ

*nos farrapos da alma*

Preguntei á meniña que anda a esmolar na praza  
do Marqués de Pombal ¿sinteste desfeliz  
cando vacila a noite?  
respondera a rapaza a mágoa vai por dentro  
nos farrapos da alma  
traguía a chuvia os seus trapallos lentos para  
entregar á tarde lesionada ela dixo  
non sinto o meu sentir vou de prestado  
baixaba a chuvia como luz perdida na mirada  
e nas tempas  
e unha muller collía unha camisa branca  
lixada do chuvasco tendida na fiestra pola praza  
do Marqués de Pombal mentres ollaba ó ceo como  
nun lusco fusco hostil a contraluz da vida  
unha folla que cae síntese a penas  
falaba a rapariga con verbas desligadas que  
non son deste mundo

## AQUEL REI DON DENÍS...

*limpo como patena*

\*

¿Lébraste daquel día en Portugal a descubrir as illas  
imposibles que están na nosa historia?  
¿Lébraste daquel vento? ¿do paraugas tronzado e eu  
suxetando a falda polas rúas de Porto?  
despois chegou a chuvia e pasaba unha luz polos ollos  
do tempo e todo semellaba limpo como patena  
falamos de Pessoa e do seu desacougo que o levaba  
a dicir que se un día amase el non sería amado  
houbo un recordo para Pimentel  
unha camelia branca a se cerrar na tarde aquela  
hora precisa dos pianos escuros  
nas horas decadentes

\*\*

Talvez en Portugal ollamos os castelos máis tristes  
do mundo  
á túa gabardina caíralle un botón  
eu nin levaba fío nin agulla e dicías non perdas  
non perdas o botón  
mais xa estaba perdido sen remedio igual que  
tantas cousas nesta vida  
e aquel rei don Denís que tanto amamos  
mandaba ó vento desviar as albas

## DESDE SINTRA CON AMOR

*A Carmen e Claudio*

\*

No teito do Palacio de Sintra  
meu amor  
o estandarte das Pegas porta o lema "POR BEM"

Son palabras do rei don Xohán Primeiro  
a quen unha mañá do mes de maio  
sorprendeuno a raíña bicando a unha doncela

Bicar sempre é *por ben*  
xa sei que ti dirías  
bicar a flor divina dalgunha primavera

Hai tamén unha fonte de mármore. Azulexos  
e pinturas de cisnes bogando en consonancia  
como no parque de Castrelos

Espellos sen azougue acreditan saudades  
dos clavicémbalos do reino...

\*\*

Nin sei que fago    meu amigo  
nestas vellas estancias consagradas á morte

Aquí parece aniquilarse o tempo  
nunha páxina en soños dun arco que delira

Saio á rúa e respiro moi fondo a túa ausencia

Agora no Palacio vaise apagando lentamente  
a luz ultravioleta que afasta as nosas vidas  
e o corazón moi triste reverte nunha bágoa...

*posdata.* Meu amor: mañá de cedo  
subirei ós palacios desta serra de Sintra  
que se escinde en beleza. Vas comigo

\*\*\*

Os palacios de Sintra na cima das colinas  
imitan a harmonía do universo

Descansan os palacios nesa luz nunca usada  
antes de que naceran as palabras de amor  
o seu delirio

nesa luz anterior ó altísimo silencio  
anterior ó equilibrio que rexen os oráculos  
e á ferida da rosa

antes tamén do corazón que soña  
a luz como unha cítara entre o ceo e a terra

*Cítara* ou *Cintra* ou acaso *Sintra*  
aí meu amigo lonxe desta música...

Oh Luz divina anterior á araucaria e á saudade  
a ti me entrego



\*\*\*\*

Subín na carruaxe ó Castelo da Pena:  
maxestade das árbores e os seus nomes gloriosos  
que nós amamos

Desde a ventana gótica vin pasar a bandada  
de pombas manuelinas a se perder na luz

Vin cisnes wagnerians e lagoas románticas  
e amei ós azulexos das mansións tutelares

Nun altar de alabastro  
deixei as miñas súplicas...

Ascendín á Cruz Alta que biquei no teu nome

Vin cervos das cantigas pasar como nun lóstrego  
como en rapto de luz

son talvez o agasallo derradeiro da tarde  
para Pero Meogo despois de tantas vidas

entre cedros do Líbano araucarias magnolias  
baixo da luz solar...

# DONAS DA PALABRA



Laxeiro. Caixa Nova



*Emma Luaces*

LOBAS LIBRES



Sara Lamas



## ALEITO A LOBA

*Emma Luaces*

Aleito a loba.  
Leite loba  
para a miña loba.  
Amor  
líquido  
libre  
para a súa liberdade  
para a miña  
liberdade loba.  
Colo cálido  
para que nunca chore.  
Unión amorosa  
para que nunca morra.  
Ímos na mar branca  
do amor de mulleres  
as dúas libres  
no leite libre.  
O seu corpo  
no meu corazón  
e caricias  
a súa man  
na miña man  
e bicos da boca  
e bico do peito  
para o seu bico  
e o lobo tenro.  
Mamai nai  
para a mamonciña  
que mama.  
Teta total  
o mundo todo  
para ti  
mamila miña  
de leite libre  
para a miña loba.  
Aleito a loba libre  
co lobo ao lado.

## ILLA DE LIBERDADE

Filla, naciches  
e medraches  
en illa loba  
ínsula estraña  
unha fermosísima  
illa de liberdade.  
Coñeciches  
o pracer profundo  
a plenitude da vida  
e a liberdade total.  
Que esta experiencia  
do extraordinario  
che dea sempre forza  
liberdade de loita e alegría  
no doloroso  
encontro co mundo.

## LOBA LIBRE

Alá quedou a lobada  
e a calor da cova  
mais van contigo.  
Durmiches tantas noites con lobos  
que nunca xamais estarás soa.  
Mais xa es soa e nacida de ti mesma  
para a túa máis absoluta liberdade.  
Segue cantando para ti  
o lobo do pracer que canta  
o lobo libre do gozo da vida libre  
Xa loba libre para sempre.



## MULLERES E LOBOS

As mulleres e os lobos  
compartimos a lúa.  
A lúa é o sol dos lobos  
e o sol das mulleres  
na lingua armoricana.  
As mulleres e os lobos  
compartimos o sol.  
As mulleres e os lobos  
compartimos a luz e a noite.  
Mulleres solares.  
Lobos solares.  
Mulleres e lobos de lúa.  
Mulleres de luz.  
Lobos de luz.  
Mulleres e lobos de noite.

De *Lobo azul*, obra en marcha.

*Úrsula Heinze de Lorenzo*

POEMAS

*-“nachtgeplagt... / abouxada...”*

*-“zärtlichkeit... / tenrura...”*

*-“nur wenn die... / só cando murmura...”*



Luz



## POEMAS DE ÚRSULA HEINZE DE LORENZO

*Tradución ó galego de Ramón Lorenzo*

nachtgeplagt  
suche ich  
licht  
hinter  
den tagen.  
land der *wasser*  
boden der *oc*  
vergangenheit  
ohne alter  
erinnert an wünsche  
und geschehen  
körper voller schönheit  
in leidenschaft  
verirrt.

*unforgettable  
that's what you are  
unforgettable  
so near or far  
like a sound of love  
that comes to me ...*

sicher bin ich  
meiner träume  
dauerhaft bis  
hin ins jenseits.

*Toulouse, dezember 2006*

abouxada  
pola noite  
busco luz  
detrás dos días.  
país de *augas*  
terra de *oc*  
un pasado  
sen idade  
lembra feitos  
e desexos  
corpos de beleza  
confundidos  
con paixón.

*unforgettable  
that's what you are  
unforgettable  
so near or far  
like a sound of love  
that comes to me ...*

certa estou  
dos meus soños  
duradeiros  
máis alá.

*Tolosa, decembro de 2006*

zärtlichkeit  
dein name  
oder  
lippen  
auf der  
spur zum  
flächenbrand  
der jedes  
wort in  
asche legt.  
das paradies  
hat keinen  
mund. nur  
sinne  
die dich  
fühlen.

*Opatija, 2 juni*  
*Nadir, Ed. do Castro, 2005*

tenrura  
o teu nome  
ou  
beizos  
no rastro  
do incendio  
arrasador  
que reduce  
cada palabra  
a cinza.  
o paraíso  
non ten  
boca. só  
sentidos  
que te  
apalpan.

*Opatija, 2 de xuño*  
*Nadir, Ed. do Castro, 2005*

nur wenn die  
stille flüstert  
werfe ich worte  
in die Garonne  
entblöße sie der  
sätze gen süden.

am ufer schatten  
immer gleiche  
und immer andere  
voller wärme  
wie schleier liegen sie  
auf meiner stirn.

in ihrer schwere  
wäge ich die zeit  
die ich nicht habe  
mehr...  
für dich.

*auf der "peniche Occitania",  
Toulouse, 2 dezember 2006*

só cando murmura  
o silencio arrebolo  
palabras no  
río Garona  
íspoas das sentenzas  
cara ó sur.

na orela sombras  
sempre as mesmas  
e sempre outras  
cheas de quentura  
pousan coma veos  
na miña testa.

na súa gravidade  
valoro o tempo  
que xa non teño  
máis...  
para ti.

*despois dun percorrido na "peni-  
che Occitania", Tolosa, 2 de  
decembro de 2006*




Luz



*Olga Patiño*

ATMOSFERAS



José Valentín






## MARIDAXE

*Presentación de Teresa Seara*

Afirmase que a arte é unha busca sen fin, enfebrecida e, por veces, traumática que, grazas á pericia do artista, conduce a un ser desde a nada ata unha presenza completa. Así, a figura reside no interior do mármore que o escultor talla con precisión para rescatala da súa indefinible non existencia, poñendo nova orde no caos inicial propio dos materiais amorfos. Porén, en *Atmosferas*, a sabedoría instaurativa que orienta a man do pintor (José Valentín) e da escritora (Olga Patiño) vai un paso máis aló e devén firme desexo de transcender os límites expresivos da palabra e do trazo. Deste xeito, a forza primixenia onde reside a vontade para ambos os dous creadores de facer arte maniféstase rotunda no diálogo interno que establecen entre si os gravados e os versos ata o punto de que o volume convértese nun libromagma que abrolla ardente desde dentro queimándonos as mans pero no cal atopamos tamén os miles de azuis capaces de refrescar a nosa pel lacerada. Eis que hai nel cores da alma e cores do enigma, palabras-cordón onde pendurar o horizonte. En definitiva, dúas linguaxes a fácerense unha soa na súa perfecta maridaxe.

As *Atmosferas* de Olga Patiño e José Valentín recenden a lúas cheas, a espazos insospeitados onde a luz abrolla incansable choutando desde un leito-terra ata inundar todo o libro. Partindo do misterio que agochan as ventás entreabertas ata un bosque de árbores inflamadas de desexo, as liñas queren ofrecer acubillo para un corpo canso, ser casas á intemperie sen tellado nin cataventos pero que agariman tanto como o colo dunha nai. Hai nas gravuras un ollo azul que nos mira incansable ao asomarnos ao espello e que representa a xénese dunha fantasía na cal as cores desbordan a páxina. E despois todo é cor en explosión nun cadro de bolboretas ao tempo que o verso, como unha marea viva, arrastra os últimos vestixios de escuridade aniquilándoa. Cando estremecerse non é claudicar senón vivir a harmonía do canto, a precisión da liña alimenta “o desexo de acadar/ o camiño da luz,/ tras a fiestra”, talismán protector contra a sombra gris que ameaza sempre na bocanoite. Porque hai atmosferas, como as de Olga Patiño e José Valentín, que o traspasan todo e, coa súa beleza, nos atrapan irremediabilmente.



José Valentín

Aberto dende o abisal,  
inmóbil o tempo tece  
un labirinto de brumas e incendios,  
máis aló enmudece o baleiro.  
Eu quédome co labirinto espello  
que duplica os vieiros  
onde estala a liberdade  
e non morre a inocencia

## ESCRITOS DE OLGA PATIÑO EN GALEGO E FRANCÉS

*Tradución ó francés de Noemí Aedo*

*Noalba* é a terra que me naceu. Alí as plantas crecen con raíces falantes, con talos que teñen voz de buguinas e nos pétalos das flores se entretecen recordos embriagantes.

*Noalba* é unha *burbulla de luz*, onde un sol-aluado fai emerxer o último e o primeiro, cun estremecemento que non te ausenta, pola contra, inmobilízate na harmonía.

-----oooOOOOooo-----

*Noalba* c'est la terre qui est née en moi. Là les plantes poussent avec des racines parlantes, avec des branches qui ont la voix des gueulards et dans les pétales des fleurs se tissent des souvenirs enivrants.

*Noalba* c'est une pompe de lumière où un soleil-lune fait émerger la fin et le commencement avec un frémissement qui ne t'inquiète pas, au contraire, t'immobilise dans l'harmonie.

Eu sempre me afasto o indispensábel da esperanza.  
Síntome perdida  
cando o medo me agarda  
nas pupilas da soidade rebentada.  
Preciso navegar  
pola luz dunha atmosfera  
onde a lingua do silencio planea  
moi preto das pálpebras axustadas,  
onde o tempo se detén e racha o día  
e sobre as nosas cabezas inclínase  
o desexo de aprender a voar.

-----ooooOOOoooo-----

Moi, toujours je ne m'éloigne que le nécessaire de l'espérance.  
je me sens perdue  
quand la peur m'attends  
dans les pupilles de la solitude crevée.  
Il me faut naviguer  
par la lumière d'une atmosphère  
où la langue du silence survole  
tout près des paupières serrées,  
où le temps s'arrête et déchire le jour  
et sur nos têtes se penche  
le désir d'apprendre à voler.

As raíces da noite  
arrincan  
o desafiante desexo  
dos deuses convictos,  
amores imposíbeis  
navegando pola sombra solemne,  
dun *tempo en desuso*.

-----ooooOOOoooo-----

Les racines de la nuit  
arrachet  
le désir défiant  
des dieux convaincus,  
des amours impossibles  
naviguent dans l'ombre solennelle  
d'un *temps en désuétude*.



*Pura Tejelo*

POEMAS





## HELENA E O SOL

*Pura Tejelo*

Qué batalla se librará, Deus, no cume das colinas  
que escintilea salferindo de sangue  
este ceo de vertixe e cólera.

Mañá baixarán de vermello os ríos  
tinxindo a roupa das lavandeiras e as azas das laverças,  
voltando as terras ermas de sílice.

Quén recollerá as vítimas do fragor.

Flotarán no aire os lamentos mudos  
deste sol de escudo e bronce  
encabuxado en non esmorecer,  
hoxe que estás, aí, queda,  
como unha estampa,  
voando as fitas brancas do teu pelo como velas daquelas outras naos,  
nunha atmosfera cruenta.

Sei que loita, Helena, para agradarte  
e prolongará a súa agonía intermitente  
para que ti, extasiada, sigas contemplando  
o solpor,  
morrerendo todas as veces que  
desexes.  
Así te ama.

Este sol alucinado como un tolo  
desangrándose,  
perdido,  
mentres bota bolas de fogo contra as altas torres da escuridade,  
queimando madeiras de bidueiro e desatino,  
boca en rebeldía  
abre un oco imposible na noite, corredor de fondo e lava,  
amándote como un sentenciado.

Pero ti, Helena, na penumbra  
es a auténtica luz,  
darás a volta, andarás lentamente,  
premerás o botón do teu ascensor,  
entre as sabas do leito prenderás a lampadiña  
e recordarás a beleza daquel ocaso,  
na aínda encendida calor das túas meixelas,  
logo durmirás,  
e a fita do teu pelo caerá flotando, branca e vapososa como nas naos de  
antano.

## HILDA

Viñera dun lugar de resonancias xermánicas,  
a súa independencia arrincaba  
das estreitas cadeiras ata a gorxa conmovida e cálida,  
estalando no inesperado pelo louro  
con reflexos de centeo e landras,  
de pan antigo.

Unha noite de San Xoán,  
danzou  
coa música dun violín áspero, un sopro pimitivo e flambeante,  
a escueta camiseta vestía a penumbra dun fléxo escénico.  
Posuída, volteou, deu saltos,  
ao remate, quedou tumbada. Exhausta. Remol de brasa.  
O violín seguiu un tempo soando, intimidándome como o roce  
dos élitros dun grilo arrebatado.

Aínda o sinto os días de frío que anuncian neve  
como se baixase do Rhin un xélido manto de aves emigrando en harpa  
e outro roce de patas de aramio e máxico rabuñase o vento.

Xuntas percorrímos anos xuvenís a contravento e bandeira  
buscando un mundo sen cárceres, intermediarios e ataduras.  
Un día atopeina apoiada no portal, levemente alada.  
-Hilda, que fas co teu aparato de música?.

Gardeino.  
No faio da miña casa late, en remol, entre outros enseres  
cunha cinta de Allan Stivel e música chilena,  
bailando un soño de humidade e anarquía.  
Souben dela moitos anos despois  
marchara a México buscando a lonxanía extrema das aves libres.

Tiña no seu perfil de cóndor  
incisivo e de  
batalla  
un festín de cándidos marmelos.

## HOME E CAN PASEAN POLAS RÚAS DE OUTONO

Vai debullando pensamentos enlazados  
na cuadrícula veciñal da beirarrúa,  
guións inacabados que rematan en suspiros,  
monólogos repousados da vida.

Seis pasos acompasados  
de solitaria soidade,  
remanso de penas.  
O setter amainado  
abeira desde hai anos o matinar  
cano e aínda baril  
do seu corpo desmado.

Ás veces ergue a vista,  
mira feliz un coñecido  
de parte con el  
cesto de froitos,  
amorodos maduros e doces,  
e no érbedo frondoso  
do seu corazón perenne  
nace unha flor de outono.

Ten mirada infantil no iris grisallo,  
antes azul ingrávido,  
cando era anxo, no mes de maio  
de versos e plumas de rima e son.  
Cando a nai bicaba aqueles ollos  
espello dos seus, tan mariños  
como a vila nórdica abandonada  
baixo unha rede que pescaba caracois  
de entrañas rosas  
que enfeitaba os contos urbanos  
do seu neno azul.

Agora el mira as pupilas  
do seu lebreiro leal,  
que tamén soubo de páramos dilatados.  
Ambos percorren rúas de xadrez  
á espera da nova imaxe familiar  
na que verquer amorodos de érbedos borrachos de sol.



Pura Tejero



*María Novo*

AQUÍ, NO MICROCOSMOS



Laxeiro. Caixa Nova







A apertura da vida se alimenta  
con pequenos vieiros sen valados,  
apertas que se dan entre silencios  
a aqueles que nos regan coa súa simple mirada  
mentres a nosa lles di: non estás só.

Avanzar cara a Ítaca e gorentar o día  
desde un presente incerto que esquiva as promesas,  
require ó tempo dun tránsito interior,  
alí onde as paixóns, os risos e os silencios,  
non teñen grandes nomes:  
chámanse tan só: nai, amigo, compañeira...

O misterio do mundo vive neste holograma  
que contén o Universo, e que todo o anticipa.  
Se esconde no segredo dunha cunca de té,  
neses encontros cómplices, nocturnos,  
coa mirada que sabe como somos.  
Vai impreso na man que se asoma ó teu corpo  
vestida de aloumiños do cotián,  
ou de talco, tal vez, pra tapar as túas manchas.

# Pomerania meu amor

(-fragmento-)

---

HEIDI KÜHN-BODE



**POEMA EN CATRO LINGUAS:**  
*Ausden kolonien / Fron the colonies /  
Desde las colonias / Dende as colonias*



O seu bebé

Era o seu bebé o seu fillo alí estaba o seu filliño de grandes ollos azuis e de pelo negro crecho o seu bebé de cinco meses agora tiña sete anos nove meses catro días e cinco horas alí estaba xogando no areeiro ollando para ela cos ollos azuis moi abertos e moi descorado cos ollos moi abertos moi azuis.

A nai mirou para atrás. Había moita xente ollando para ela.

–Os rusos os rusos meu fillo meu fillo por favor por favor o meu bebé O meu filliño Os rusos os rusos

O berro desesperado da loba nai.

–Mein Kind mein Kind Uli mein Uli

Matilde colleu a man da directora.

–É o seu fillo –díxolle.

–Cala, non digas nada –dixo a directora.

A neniña soltou a man da nai e foi correndo cara ao areeiro.

A nai abriu os brazos baleiros o seu bebé non estaba levárao unha muller descoñecida os rusos os rusos levaron o seu bebé o seu pequeno de cinco meses tocándolle a cara coas mans gordiñas unha música unha música forte moi forte moi forte moi quente moi quente entrou no seu corazón cravada na súa alma non paraba unha música entrou na súa alma moi forte moi forte unha música unha música

A vida a vida o meu filliño o meu bebé

O meu bebé

A rapaciña sentou na area, ollou para Heiner e dixo:

–Ola, ola.

Heiner deixou caer o cubo e a pa. Había unha cara e uns ollos grandes azuis ollos enormes ollos abertos que entraban nos seus sentiu unha luz grande moi forte e moi quente que ficou cravada no seu corazón... sentía o riso e

a música que entraron na súa alma a música que soaba moi forte moi bonita unha voz que coñecía ben... falaba para el e era da súa vida... da súa vida de bebé... *Uli, Uli, mein Ulrich* dicía a voz e Heiner botouse para adiante coma un lobiño famento abrindo os brazos berrando *Mama Mama* e o mesmo tempo escoitou a música poderosa *Mein Kind Mein Kind* e xa estaba nos seus brazos estaba coa súa nai que lle daba bicos e dicía *Mein Uli mein Uli* e saloucaba e ría feliz e Heiner dicía *Mama Mama* chorando e apertando a cara contra a dela moi forte moi forte e ría con ela o mesmo tempo e cando afastou un pouquiño a cara estaban os ollos grandes azuis cheos de bágoas e de felicidade ollando para el e vía o mesmo pelo negro crecho soñara con ela sempre sabía como era a súa nai era a súa nai

A xente ficou calada, ninguén se moveu, estaban como cravados no sitio.

A súa nai. A nai de Heiner que chorara moitas noites e días por el e xamais perdera a esperanza de recobrar o seu pequeno. Xamais. A nai de Heiner que tivo que vivir sen o pequeno sete anos catro meses, catro días e cinco horas... Tantos anos unha hora e outra hora un minuto e outro minuto un día e unha noite outro día e unha noite un ano e moitos anos moitísimos anos insoportábeis cheos de bágoas e de pesares moitos anos sen o seu filliño bebé que marchara moi lonxe dela no colo dunha muller descoñecida marchou a Siberia un bebeciño de peito de só cinco meses.

Estaba o seu filliño diante dela, grande e moi bonito... o seu fillo de sete anos, nove meses, catro días e cinco horas despois de se ver separada cruelmente dun neniño de peito e non saber nunca máis del, nunca na vida. O seu filliño precioso de ollos enormes azuis e de pelo negro crecho, que perdera ela no horrible ano corenta e cinco, e

agora xa estaban no ano cincuenta e tres. O seu precioso bebé de peito que lle arrincaran cruelmente os rusos cando tiña poucos meses, sen facer caso da desesperación dos choros dos berros e das súplicas das dúas mulleres, por moitos anos e para a traxedia da súa naiciña e para a perdición do pequeno, que berraba e berraba pola súa nai e por pouco morre, e que tempo despois atopara xente pequena que lle salvara a súa pequena vida; unha naiciña valerosa e famenta de once anos chamada Felicitas, e uns pequenos pais raquíticos e famentos de sete, oito e nove anos que o salvaron de morrer de fame e friaxe e que lle aprenderan a xogar e a sorrir, e que fixeran todo o necesario para que chegase aos dous anos e medio, rechonchiño e bonito, que foi o intre cando atopou a boa xente da Cruz Vermella a pequena tropa valerosa e famenta no bosque de Bromberg, na Prusia Occidental, no mes de maio do ano 1947.

A xente arredor estaba chorando. Achegáronse á nai que ría e choraba e que tiña o seu filliño nos brazos.

–*Uli, Uli*, meu filliño... ti chámaste *Uli*...

–Xa sei –dixo Heiner Bromberg–, sempre escribín os ouveos dos lobos. Ti pregunta a tía Bröker. Ela sábeo. Dáme un papel.

Ela buscou no bolso e sacou papel e lapiceiro.

–É o ouveo dos lobos –dixo Heiner–, mira. E xa sei que é un nome.

E escribiu *Uli*.

A nai de Heiner ficou desconcertada. Non foi a única. Todo o mundo ollou para o papel. Dicía:

–*Uli*.

–É o ouveo dos lobos, mamá–, dixo Heiner.

A súa nai apertábao moi forte e dáballe bicos e mais bicos.



–Uli, meu Uli... pero... como podías saber o teu nome se eras un bebeciño de cinco meses...

–Era o que me chamaban os lobos, mamá..., dicíanme *Uli Uli...*

A neniña roiba de ollos azuis dixo:

–Por que choras, Mamá?

Heiner colleu a man da pequena.

–Non é nada –díxolle–, non é nada, chora porque está feliz. E sabes unha cousa?

–Non sei –dixo a pequena, soltou a man e colleu a pa para xogar–, que é?


–Que eu son o teu irmán.

–E como te chamas? –dixo a súa irmá.

–Chámome Ulrich –dixo Heiner Bromberg.

–Uli tamén? –dixo a pequena.

–Uli tamén –dixo Heiner Bromberg.



Heidi Kühn-Bode  
"Dragón nas augas"

## POEMA EN CATRO LINGUAS

*Heidi Kühn-Bode*

### AUS DEN KOLONIEN

Aus den Kolonien  
sende ich Dir  
diese mörderische Botschaft  
derweil ich schluchze  
zwischen Federbetten und  
Kamelioblüten  
verbannt  
geliebt  
schminke ich meine Lippen  
heute  
als eingewanderte Kirsche  
entsetzt  
mit Vanille  
parfümiert

Aus den Kolonien  
schreibe ich Dir  
zitternd  
diese blutende  
wohlduftende  
epistel

### FROM THE COLONIES

From the colonies  
I send you  
this murderous message  
while I am sobbing  
between featherbeds and camellias  
banished  
loved  
I put on lipstick  
Today  
as an immigrated cherry  
horrified  
perfumed  
with  
vanilla

From the colonies  
I write to you  
trembling  
this bleeding  
fragrant  
epistle

## DESDE LAS COLONIAS

Desde las colonias  
te mando  
esta misiva asesina  
sollozando entre edredones y  
/camelias  
desterrada  
amada  
pintándome los labios  
Hoy  
de guinda inmigrante  
aterrada  
perfumada  
con vainilla

Desde las colonias  
temblando  
te escribo  
esta sanguinaria  
epístola  
fragrante

## DENDE AS COLONIAS

Desde as colonias  
mándoche  
esta mensaxe asasina  
mentres estou saloucando entre  
/edredóns e camelias  
desterrada  
amada  
pinto os meus beizos  
hoxe  
de guinda inmigrante  
aterrada  
perfumada  
con vainilla

Dende as colonias  
tremendo  
escriboche  
esta sanguenta  
epístola  
recendente



Arquivo Heidi Kühn-Bode  
Willy morto de tífus, 1865



Arquivo Heidi Kühn-Bode  
Alice von Hagen, 1888



## Heidi Kühn-Bode

VEREIN DEUTSCHE SPRACHE  
In Spanien

soidade

**EINSAMKEIT**

a soidade

**DIE EINSAMKEIT**

é una nena tristeira

**IST EIN TRAUERIGES MÄDCHEN**

un can late na sombra

**EIN HUND BELLT IM SCHATTEN**

unha porta

bateuse

contra o medo

**EINE TÜR**

**KLAPPERT GEGEN DIE ANGST AN**

soidade meniña

**DIE EINSAMKEIT EIN KIND**

sen amor

**UNGELIEBT**

esquecida no medio do silencio

**VERGESSEN INMITTEN DER STILLE**

abandonada

**WELTVERLORENER**

chuvia

**REGEN**

caen as follas

**DIE BLÄTTER FALLEN**

soidade

**EINSAMKEIT**

meniña adormecida

**SCHLAFENDES KIND**

nun curruncho

**IN EINEM WINKEL**

trema de frío

**ZITTRT VOR KÄLTE**

e noite

**UND NACHT**

cabo da xente

**INMITTEN DER MENSCHEN**

Luz Pozo Garza

OS MUNDICOS  
DE LUZ POZO GARZA



Presenta a autora  
HEIDI KÜHN-BODE



Avda. de Arxelxo, 15-8ºD  
15004 A Coruña  
Telf.: 0034 981 267 022  
M. 0034 620 340 896  
heidika.hnbode2@yahoo.es


Am Högäl 2  
32339 Espeikamp  
Alemania  
Telf.: 0049 6772 930554





*Natalia Regueiro*

**GOODBYE, AMERICA.  
WELCOME AL LEWIS AND THE LIFE  
ENTREVISTA A SERGIO OKSMAN**  
(director e coguionista de *Goodbye, America*)







# GOODBYE, AMERICA<sup>1</sup>. WELCOME AL LEWIS<sup>2</sup> AND THE LIFE ENTREVISTA A SERGIO OKSMAN<sup>3</sup>

(director e coguionista de *Goodbye, America*)

Natalia Regueiro

## FICHA TÉCNICA GOODBYE, AMERICA

PAÍS: España  
ANO: 2006  
ESTREA: 2007  
DURACIÓN: 80 min  
XÉNERO: Documental  
DIRECCIÓN: Sergio Oksman  
GUIÓN: Carlos Muguiro, Elías Querejeta, Sergio Oksman  
PRODUCCIÓN: Elías Querejeta  
FOTOGRAFÍA: Paul Mailman, Rafael de la Luz  
MONTAXE: Ángel Hernández-Zoido  
SON: Julio Recuero, Gabrielle Weis  
INTÉRPRETES: Al Lewis, Karen Lewis, Scott Sliger

## SOBRE GOODBYE, AMERICA

**N.:** *¿Cómo definiría esta película na que redescubrimos ó personaxe e ser humano que se esconde tras o histriónico avó Grandpa (da familia Monster) que lanzou a Al á fama?*

**S.O.:** Esta película é un testamento, unha despedida. Un actor de case cen anos séntase diante dun espello para que o maquillen por última

- 1 Para quen queira ter unha información completa sobre esta película pouco ó uso, pode visitar a súa páxina: <http://www.eliasquerejeta.com/goodbyeamerica/> ou ler os diferentes comentarios que se atopan na rede sobre ela. Ademais, o lector/espectador inquieto tamén ten a posibilidade de (re)descubrila, segundo o caso, a través da súa edición en DVD de 2008, que inclúe interesantes extras e que mesmo se pode atopar en filmotecas públicas de Galicia como a que, por exemplo, ofrece a Biblioteca pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela. Precisamente, esta cidade resultou ser o único lugar da nosa comunidade no que, segundo teño noticia, se puido visionar o filme grazas a *Cineuropa*. De feito, foi o favor do público e a saudable proxección desta fita en diversos festivais españois e estranxeiros o que fixo posible que a súa discreta estrea (só en Madrid, Barcelona, Valencia, Pamplona e Málaga) fose ampliando horizontes ata o punto de que hoxe en día o filme xa sexa accesible a todos os públicos, sen botar man das vías convencionais ou dos recursos comerciais e publicitarios das grandes ou medianas producións.
- 2 Sobre este emblemático actor e activista cuxo nome verdadeiro é Albert Meister (1910-2006), existen, como é obvio, numerosas informacións ó longo da rede, ademais dos medios anteriormente citados e dos documentais, reposicións e artigos vinculados á televisión ou á serie que o lanzaron á fama. Dende aquí gustaríame convidar ó lector/espectador a curiosear pola súa ampla traxectoria vital e artística máis alá do personaxe, tal e como tamén suscita a fita logo de visionala. Estou segura de que quen se anime no só gozará de tal percorrido, senón que tamén se sorprenderá de moitos aspectos menos coñecidos desta inclasificable personalidade ó tempo que revisará unha significativa parte da historia do século XX.
- 3 Sergio Oksman naceu en Brasil en 1970. Realizou os estudos de periodismo en São Paulo e de cine en Nova York. Na actualidade compaxina a súa faceta de director e guionista coa de profesor no Instituto de Cine de Madrid e dirixe a produtora Documenta Films, entre outras tarefas. É autor das películas-documentais: *Irmãos de Navio* (1996), *Ronaldo: Manual de Vuelo* (1998), *El Partido del Siglo: Pelé* (1999), *Aznar-Almunia: Diario de Campaña* (2000), *Restos de Noche* (2001), *Gaudí en la Favela* (2002), *Benfica na Memoria* (2004), *La Esteticién* (2004), *Mariza: Meu Fado* (2005), *Gilberto Gil: Un Ministro en Directo* (2006) e *Goodbye, America* (2007). Recentemente está a experimentar tamén noutros campos e formatos como, por exemplo, o das curtas.

vez como o personaxe que lle deu fama mundial. Ó verse reflectido no espello, empeza a evocar imaxes do seu pasado.

**N.:** *¿Por qué o título Goodbye, America?*

**S.O.:** Al Lewis despídese da súa América. A película é unha mestura entre unha carta de despedida e un tirón de orellas que un señor, no ocaso da súa vida, lle dá ó país ó que ama pero que o frustra moito.

**N.:** *Segundo teño entendido, parece que Goodbye, America ía ser, nun primeiro momento, un documental sobre a comprometida emisora Pacifica Radio, onde Al tiña o seu propio programa e colaboraba como locutor e activista político. ¿Cómo Al foi gañando protagonismo ata o punto de provocar que vostede modificase o antedito proxecto inicial por un documental arredor del, da súa vida e personaxes?*

**S.O.:** O produtor Elías Querejeta invitoume a que dirixise unha película sobre Pacifica Radio, unha emisora fundada en 1949 e que segue activa como unha das voces máis comprometidas en EEUU. Cando estaba en Nova York coñecendo ós posibles personaxes para contar a historia da radio, ¡cal non foi a miña sorpresa ó encontrarme co mesmísimo avó da Familia Monster vociferando diante dun micrófono!. Durante os seguintes anos, Al Lewis foise, dalgunha maneira, apropiándose da película, facéndoa súa. E nos deixamos levar.

**N.:** *¿Por qué esta radio, cómo a coñecía vostede e o seu equipo? ¿Retomarían o proxecto da emisora xunto con outras vías de comunicación (radiofónicas ou non) alternativas e independentes?*



**S.O.:** O grupo que fundou Pacifica Radio no 49 tiña unha cousa clara: a emisora debería ser independente por enriba de todo. Nos seus case 60 anos, a radio xamais tivo espazos publicitarios ou axudas públicas. Os oíntes pagan cotas mensuais para que a súa emisora poida manterse independente, sen calquera tipo de ataduras. A radio atreveuse a abrir os seus micrófonos a voces díscolas como Paul Robeson, Alan Ginsberg ou Abbie Hoffman, en épocas nas que

isto supoñía un verdadeiro risco. Durante a fase de investigación, coñecín a varios personaxes que si me estimulan a pensar noutras posibles películas.

**N.:** *Lin que o proceso de creación da película prolongouse ó longo de máis de tres anos, realizouse entre os períodos de 2002 e 2005, finalizou en 2006 e o guión cambiouse 377 veces. Algo que custa crer dada a naturalidade e espontaneidade que transmite o filme. Fálenos algo sobre este proceso e sobre cómo conformaron o guión Elías Querejeta, Carlos Muguiro e vostede mesmo.*

**S.O.:** O proceso si durou moitos anos. Pero o material que aparece na pantalla rodouse en non máis de dez días, que se distribuiron en estes moitos anos. Houbo diversos paróns, moitas dúbidas, e a película, que nun principio reflectiría a historia dunha radio terminou sendo o retrato dun actor. A consecuencia positiva de todos estes anos é que a película puido rexistrar o paso do tempo.

**N.:** *Tal e como pode verse en Goodbye, America, Al gozaba dunha gran popularidade no seu país, onde foi todo un personaxe mediático que marcou a vida de moitos e aínda hoxe permanece na memoria colectiva. Neste sentido, ¿resultou difícil a rodaxe? ¿podería contar algunha anécdota?*

**S.O.:** Podo repetir a anécdota que conto nas *notas do director*: Cando rodamos a Al Lewis na Estación Central de Nova York, decenas de persoas achegáronselle para pedirlle unha firma ou facerse unha foto. Nenos, anciáns, turistas, policías. Al atendeu a todos cunha frase agarimosa. Máis tarde, nunha pausa para o café, disparoume a queimarroupa: “Verías que máis de cen persoas pedíronme un autógrafo. ¿E a ti? A ti, ninguén. Ninguén te coñece. ¿Cómo me queres dirixir ti a min?” Acto seguido, soltou a súa gargallada histriónica e dixo estar listo para volver á rodaxe. Aquel día na estación, máis alá do chiste, Al regaloume unha pista. Non me tocaba a min dirixirle. O que tiña que facer era estar ó axexo e esperar. El poñería da súa parte para que a película se deseñase sobre a marcha. Entendín que sería cuestión de deixarlle a el.

**N.:** *Vendedor, camareiro, propietario de salas de billar, detective, pallaso, mestre de escola, escritor, psicólogo, empresario, locutor, lector compulsivo, actor, activista político... Cun personaxe tan curioso e cheo de sorpresas, que desempeñou numerosos oficios e tivo unha vida e un carácter tan dilatados ¿por ónde empezar? ¿non se sentiu abafado?*

**S.O.:** A primeira impresión que tiveron foi que Al Lewis era, polo menos, dous personaxes nun: o ancián actor case centenario e o monstro da serie de televisión. Era un ser abrumador, que se servía dunha memoria de elefante para fiar os temas. Daquela, o guionista Carlos Muguiro preguntou: ¿Por qué non crear unha situación na que o vello e o monstro se miren de fronte?

**N.:** *Precisamente, un dos aspectos máis distintivos e celebrados de Goodbye, America é a brillante idea de filmar a Al fronte ó espello durante unha sesión de maquillaxe con Scott Sliger na que a medida que Lewis se convertía de novo en Grandpa, este evocaba os momentos máis significativos da súa vida e da historia recente do seu país, tecendo así o groso do filme. ¿Cómo tomou forma este enxeñoso recurso de fundir a persoa co personaxe?*

**S.O.:** O espello foi un mecanismo que funcionou (poderíamos ternos equivocado, por suposto). Con isto intentábase confrontar ó vello actor co seu personaxe e, sobre todo, crear un ambiente de evocación. Procurábase que Al recordase *os seus fantasmas* mentres no lento traballo do maquillador o seu rostro de ancián se ía transformando en Drácula, nunha icona. Cun espello, un plano e un contraplano, posibilitouse facer unha viaxe sen moverse do sitio. Logo, a presenza do maquillador permitiu que xurdise unha conversación íntima, case entre avó e neto. E así puidemos prescindir dunha entrevista máis clásica, que non nos interesaba.



**N.:** *Aínda sendo un exercicio de sinceridade, o recurso do espello tamén resulta un pouco tramposo e dual, xa que entra en xogo o poder da mirada, da suxestión, o reflexo... sen esquecer as licencias que Al se permitiu coa súa carismática voz e os seus silencios ou pausas estudadas. ¿Qué opina?*

**S.O.:** Sen dúbida o espello é un mecanismo que cataliza un ambiente de evocación. As películas documentais se constrúen a partir destas pequenas trampas, que, como unha gaiola, serven para aprehender a realidade.

**N.:** *En Goodbye, America mestúrase vida, historia, sentimento, tempo, memoria... da man dunha sucesión de imaxes non previsibles e dun guión de forte cariz evocador e político que mostra a faceta máis humana de Al e que afonda no seu lado máis comprometido e vulnerable a través do seu consecuente activismo ético-político, da súa constante crítica ó poder norteamericano e da súa candidatura a gobernador. ¿Por qué hai unha maior incidencia nestes temas fronte a outros da súa biografía como, por exemplo, as súas orixes emigrantes?*

**S.O.:** *Goodbye, America non é nin unha película política nin unha biografía dun actor. Non me tocaba a min priorizar sobre un tema ou outro, tal como, por exemplo, a súa vida familiar, a súa carreira ou a súa implicación política. Durante a maquillaxe, Al creou a súa propia rede de asociacións, pasando dun tema a outro. O peso dun tema ou outro deuno el.*

**N.:** *A fita reflexa o carácter e pensamento de Al Lewis, pero tamén concentra a historia convulsa do século XX a través dalgúns dos momentos cruciais da historia e sinistra política dos EEUU con temas tan peliagudos como a “Caza de Bruxas”, a guerra de Vietnam, o 11-S, Iraq, a persecución do pensamento e cor diferentes ou o imperialismo estadounidense. Sen dúbida, unhas temáticas que rompen co tópico do soño americano e do país das liberdades, pero que, da man deste filme, tamén suscitan un debate e removen conciencias. Con este contido, ¿pensa que é difícil que Goodbye, America poida chegar ben ós EEUU?*

**S.O.:** Ninguén está máis acreditado que o avó dos Monster, case unha icona norteamericana, para dar un tirón de orellas ó seu propio país. Al Lewis viviu de cerca moitos dos feitos políticos máis emblemáticos do último medio século. E, en lugar de retirarse como unha celebridade, decidiu ata o último momento alzar a súa voz contra as inxustizas

e intentar concienciar ós seus concidadáns. El dicía: “Non vos fiedes do que vos digo. Que investiguedes pola vosa conta”. Eu non creo que houbera ningún problema para que a película se vise en EE.UU. Creo que a moitos norteamericanos lles pode interesar.

**N.:** *Ó visionar o filme o espectador colle unha especial empatía ou conexión co personaxe á marxe de coñecelo ou non con anterioridade, o que resulta toda unha conquista pola súa parte. ¿Cómo o conseguiu, resultou arriscado apostar ó 100% por Al-Grandpa tendo en conta que non todo o mundo sabería quen era?*

**S.O.:** Si, pregunteime se a película resultaría interesante para algunha xente que xamais oíse falar de Al Lewis ou do avó Monster. Nunha das versións da montaxe, chegamos a empezar a película cun fragmento da serie, para que quedase claro que se trataba da mesma persoa. Pero ó final decidimos arriscarnos, queríamos que o vello actor atraera tamén ós que non coñecían ó seu personaxe. Que a película gustase polo que se vía, aínda que se estivera escoitando a un vello actor descoñecido. O gran mérito é do propio Al Lewis, pois a súa forma de espirse diante do espello e a súa maneira tan propia de contar as cousas cativan ó espectador independentemente das decisións do director.

**N.:** *Resulta rechamante como ó longo da película Al menciona en varias ocasións á súa nai como a súa “maior influencia” na vida fronte á figura paterna que nunca aparece ¿cómo o interpretaría?*

**S.O.:** A min, persoalmente, fascíname que este señor de case cen anos refírase varias veces á súa nai inmigrante como a gran influencia da súa vida. Na película, a nai é a que trae noticias doutra época, dun mundo que nos parece antiquísimo, dun tempo no que os que construíron América tiñan fe nas súas ideas e loitaban por elas. Eles soñaban con outro país posible e cunha revolución, a cal segue pendente. Al e a figura da súa nai son inseparables.

**N.:** *O azar da vida quixo que vostede filmase ó Al Lewis de sempre e ó Al Lewis que vivía os seus últimos meses<sup>4</sup> co ímpeto e a memoria intacta, a vitalidade e o puro ben acesos. ¿De quen e cómo partiu a idea de filmar esta última etapa da súa vida?*

---

4 Al Lewis faleceu o 3 de febreiro de 2006, a punto de cumprir 96 anos e poucas semanas despois de filmar, por propia vontade, as últimas tomas de *Goodbye, America*.

**S.O.:** Partiu del. Visiteino en Nova York en 2005, cando o atopei bastante debilitado. A certa altura da conversación preguntoume sobre a película (que quedara a medias) e logo me retou: “¿por qué non a terminamos?”. O silencio de Al nos seus últimos días de vida contrasta moito coa súa verborrea no camerino. Pero nos dous casos, como ben apuntas, están unha memoria intacta, un ímpeto que impresiona e un fío de fume saíndo do seu puro.

**N.:** *A canción Ol’ Man River cantada e versionada por Paul Robeson (un dos defensores das liberdades e minorías máis comprometido e máis crítico co goberno americano) é unha das pezas musicais e un dos intérpretes máis admirados por Al pero tamén a banda sonora principal da película. Toda unha declaración de intencións e carta de presentación deste documental, ¿cómo xurdiu esta estupenda idea?*

**S.O.:** Ol’ Man River é un xogo de palabras que significa “o vello home do río” e, á vez, “o vello río”. Fala do que “sabe algo pero non di nada”, do que “sigue avanzando sempre adiante”. Nun principio pensamos utilizala só na versión de Robeson, a quen Al Lewis se refire como un dos seus ídolos. Logo vimos que a canción tamén representaba a Al, á súa loita e a seguir avanzando ata que as forzas se extinguisen. E decidimos empregala de forma recorrente, usando distintas versións do tema.

**N.:** *Creo recordar que nun momento da película Al di: “quen non coñece a historia está condenado a repetir os seus erros”, ¿cre que Al ten razón?*

**S.O.:** Si, Al cita esta frase do filósofo George Santayana. E esta idea queda reflectida na película a medida en que van xurdindo os temas históricos. A histeria xerada por certo sector en EEUU durante o período do *macartismo* é perfectamente comparable á situación pos 11-S. A xénese da guerra de Iraq está calcada en moitos aspectos de Vietnam. Al Lewis, no “novembro da súa vida”, como el mesmo dicía, cría que ó “pasar o bastón” debía deixar claro que a historia tende a ser cíclica e hai que coñecela para intentar evitar que algunhas cousas se repitan.

**N.:** *Dise que “a nostalxia é unha arma”, ¿a privilexiada memoria de Al tamén o é?*

**S.O.:** Al Lewis entendía que a súa memoria era un dos seus principais instrumentos como activista político. É difícil que haxa compromiso se non hai memoria.



**N.:** *Ó visionar a película cativoume esa mirada onírica e vidrosa de Al, o seu vitalismo, o modo en que gozaba do seu inseparable puro agarrándose ós vicios da vida, a súa sinxela e rotunda filosofía, o seu carisma e melancolía, o modo en que se funden a persoa e o personaxe, a súa maneira de gritar e cantar ante un micrófono, a súa ironía e sensibilidade...e quero darlle as grazas por isto. ¿Qué sentiu vostede ó verse fronte a fronte con Al Lewis e traballar cóbado a cóbado con el?*

**S.O.:** Podo subscribir o que dis. Houbo momentos emocionantes –un deles está nos extras do DVD–. Ó final dunha das súas frases, cando rememoraba a dificultade nos inicios da súa carreira, todo o equipo da película, emocionado e de forma espontánea, empezou a aplaudirle.

**N.:** *Podería dicirse que a súa película ten unha estrutura circular ben determinada tendo en conta que o principio e final de Goodbye, America son moi similares xa que neles pode verse a Al deitado na compañía do seu puro e dos seus pensamentos, aparece o río e sae o tren, primeiro cara un lado e logo cara ó outro. ¿Qué pretendeu con este recurso? ¿É unha metáfora da propia vida?*

**S.O.:** A estrutura da película é unha viaxe. Un señor nunha cama lembra unha viaxe. Un señor viaxa en tren e chega a un camerino. Un señor mírase ó espello e empeza outra viaxe...

**N.:** *¿Por qué unha película tan interesante e fresca proxectouse en poucas salas de cine convencional?*

**S.O.:** A película estivo un mes nos cines e se viu de forma illada en festivais e mostras. Gustaríame que se vise máis.

**N.:** *Goodbye, America foi premiada na sección Tempo de Historia da Semana Internacional de Valladolid ¿qué supón este ou outros premios e o feito de que a súa película puidese verse en varios festivais de cine de España ou do estranxeiro?*

**S.O.:** Entusiásmame máis ver a reacción das persoas despois das proxeccións que os premios. Al non deixa a ninguén indiferente.

## SOBRE SERGIO OKSMAN E O SEU CINE

**N.:** *Periodista, cineasta, profesor, produtor, documentalista, guionista, lector apaixonado... ¿con qué faceta se sente máis cómodo?, ¿o seu traballo é unha confluencia de todas estas disciplinas?*



**S.O.:** Quizais sexa un reporteiro que tenta entretecer o que investiga, lembra ou imaxina. Mais creo que non é necesario poñerlle un nome.

**N.:** *Naceu e criouse en Brasil, estudou cine en Nova York e asentouse en España, ¿por qué; cómo foi a súa adaptación? Plenamente instalado en Madrid, segue facendo traballos vinculados con Brasil, gravacións en EEUU ou noutros lugares do mundo..., ¿estimúlalle esta mestizaxe; considérase unha persoa con raíces pero sen fronteiras?. Aínda que vivimos nunha sociedade cada vez máis mestiza cre que cómpre concienciar máis á xente e ó goberno desta realidade enriquecedora?*

**S.O.:** Gústame esta definición de “con raíces pero sen fronteiras”. Non teño a necesidade de definir para min mesmo se son máis brasileiro, máis español, máis xudeu ou máis seguidor do Barcelona. As cousas non son excluíntes, todo o contrario. Vanse creando raíces que se superpoñen, se complementan, amplían a capacidade á hora de crear, amar ou fiar. Con isto quero dicir que Brasil segue estando, España empezou en determinada circunstancia a estar con moita forza, pero tamén está o país árabe onde naceu o escritor ó que lin a semana pasada e co que me quedei fascinado...

**N.:** *Ten vostede unha traxectoria cinematográfica e/ou documental moi curiosa: cine social, relacionado coa arte e a música, con acontecementos sociais como a Expo de Zaragoza, con fenómenos de masa como o fútbol ou a política, vinculado con persoas anónimas e extraordinarias como o artista autodidacta Estevão ou os varredores de Madrid ou que, en suma, fala de sentimentos, da vida mesma. ¿A qué se debe esta filmografía tan diversa e particular?. ¿Decátase de que todos estes traballos teñen un denominador común: o perfil humano e respectuoso con que trata ós seus temas ou personaxes, cómo o consegue?*

**S.O.:** Sen ningunha dúbida os documentais nos que me involucro parten de personaxes. E necesito que os personaxes elixidos esperten a miña curiosidade e me atraian. Interésame coñecelos máis a fondo. Se o resultado é político, social ou cultural paréceme secundario. Volvo a insistir

en que os rótulos dinme moi pouco. E pregunto: *¿Goodbye, America é unha película política?*

**N.:** *Vostede mantén dende hai anos unha estreita relación profesional cunha das personalidades máis significativas do cine español, Elías Querejeta, quen produciu boa parte da súa filmografía ata agora e participou como coguionista en varios dos seus proxectos. ¿Cómo e cando comezou esta frutífera relación? ¿Qué outros plans teñen en común?*

**S.O.:** Coñecín a Elías pouco despois de chegar a España, e dende entón traballamos xuntos. Mirando cara atrás vexo que el estivo un pouco tolo ó confiar nun mozo que chapurreaba o castelán ó que lle encargou, ó pouco de coñecelo, que dirixise un documental. Agora, dez anos despois, resúltame moi difícil ver a Elías como o ven os demais –como unha icona do cine español–. Elías é un amigo por quen teño un especial agarimo.

**N.:** *Documenta Films é unha produtora que vostede dirixe. ¿Por qué unha produtora propia; permite realizar un traballo máis persoal, independente e afastado da burocracia?*

**S.O.:** Documenta Films tivo e ten unha dobre función. Por un lado, produzo documentais para televisión e pago as contas ó final do mes. Logo, está a posibilidade de levar a cabo proxectos máis persoais aínda que saiba de antemán que terán pouco espazo no mercado.

**N.:** *Tendo en conta o auxe e a accesibilidade que adquiriron as curtas hoxe en día, ó converterse, ademais, nun medio de todos para todos e todo, ¿pensou realizar algo neste ou outro soporte?. ¿Por qué cre que as curtas non acaban de lograr a consideración oficial que merecen a pesar de ter todo o favor do público?*

**S.O.:** ¡Qué casualidade a pregunta!. Xusto agora estou preparando a primeira curta documental da miña carreira. Todos os meus proxectos ata agora tiveron maior duración. Pero non se trata de ter decidido facer unha curta ou un largo. É a propia película a que define a duración que debe posuír. Eu, francamente, vexo películas e na miña cabeza non xerarquizo largos ou curtas.

**N.:** *Máis alá de modas, estereotipos ou fronteiras xenéricas, vostede leva apostando polo cine documental dende hai anos. ¿A qué se debe? ¿O documental permite ofrecer unha mirada máis independente, é unha proxección máis da súa traxectoria como periodista ou está máis cómodo con este modo de expresión?*

**S.O.:** Seguramente a frustración periodística levoume ó documental. Traballei durante anos nos informativos dunha televisión brasileira. Me desesperaba ter que contar unha historia en minuto e medio. Me exasperaba ter que finxir unha suposta obxectividade, o confrontar opinións. Todo me parecía unha gran pantomima, un simulacro infinito. Empezar a facer documentais foi un intento de atopar outra maneira de achegarme ó que me interesaba.

**N.:** *A renovación que nos últimos anos sufriu o documental provocou que este xénero estea de plena actualidade e se mesture con outros soportes filmicos, informativos, reivindicativos ou artísticos. ¿Qué opina deste auxe e novo enfoque do documental?*

**S.O.:** Espero que cada vez se eliminen máis as fronteiras entre os xéneros. Non creo que haxa que definir de forma estancada qué é un documental, que é unha película de ficción ou unha obra experimental. As marxes se interpenetran e un xénero pode e debe alimentarse dos outros.

**N.:** *A maioría do seu cine é, o que se cualificaría hoxe en día como independente. Este adoita ter unha proxección bastante afastada dos medios convencionais nos que se presenta unha película porque as súas fitas vense, sobre todo, en festivais ou programas especiais de televisión e vostede mesmo dirixe a produtora Documenta Films. ¿Atópase máis cómodo así? ¿Cre que dende esta relativa independencia se pode aspirar a unha maior liberdade creativa e expresiva?*

**S.O.:** Creo que si hai unha maior liberdade. E sempre está a ecuación entre a liberdade á hora de crear e as facturas que se amontoan no buzón.

**N.:** *¿Cáles son os seus proxectos futuros? ¿Seguirá traballando na liña e medios que lle caracterizan?*

**S.O.:** Agora mesmo estou preparando unha película documental que se rodará en Pamplona en xullo. Ten que ver con Hemingway, con dobres, con fantasmas.


Moitas grazas polo tempo dedicado e a paciencia demostrada.

(Esta entrevista levouse a cabo a comezos do ano 2008, moitos meses antes da elección de Obama como presidente dos EEUU)



# DONAS DA PALABRA

## SUMARIO



*Emma Luaces*  
*Úrsula Heinze de Lorenzo*  
*Teresa Seara*  
*Olga Patiño*  
*Pura Tejero*  
*María Novo*  
*Heidi Kühn-Bode*  
*Luz Pozo Garza*  
*Natalia Regueiro*



# HOMENAXE A ALEXANDRA KOSS



*POEMAS DE  
ÁLVARO CUNQUEIRO E XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN*

Tradución do galego o ruso de Alexandra Koss e AA.VV.





*Álvaro Cunqueiro*

### PERO MEOGO NO VERDE PRADO

– Dime a onde vas, miña cerva ferida,  
dime a onde vas, pólo meu amor!

– Vou para o verso dunha cantiga,  
meu cazador!

– Dime a onde vai teu cabelo, doncela,  
dime a onde vai, pólo meu amor!

– Vai pra unha fita verde de seda,  
meu cazador!

– Dime unha cita de alba, amiga,  
dime unha cita, pólo meu amor!

– Onde o cervo do monte a i-auga volvía,  
meu cazador!

– Nunca vi cerva nos beizos deitada,  
nunca vi fita que atese no vento,  
nunca vi cervo que volvese o alto,  
pólo meu amor!

### UN HOME QUE DESPERTA

Algo así dirá Deus: Pastor, voute vestir de luz  
a terra que asosegas coas tuas ovellas pardas  
vouna despertar

~~~~~ 66 ~~~~~



*Альваро Кункейро*

### ПЕРО МЕОГО НА ЗЕЛЕНОМ ЛУГУ

– Скажи, что будет с тобою, лань с глубокою раной,  
скажи мне, что будет с тобой, ради любви самой?

– Найду я в песне укрытье, в строчке её чеканной,  
охотник мой!

– Скажи, что будет с кудрями твоими, отроковица,  
скажи мне, что будет с ними, ради любви самой?

– Зеленой шелковой лентой им суждено обвиться,  
охотник мой!

– Скажи, любимая, где мы встретим зарю с тобою,  
скажи мне, где встретим зарю мы, ради любви самой?

– Там, где лесной олень спускается к водопою,  
охотник мой!

Не видел я никогда лани, ничком лежащей,  
не видел, чтоб по прямой вытянул ленту ветер,  
не видел я никогда в нагорной чаще оленя,  
клянусь любовью самой!

*перевела А. Косс*

### ЧЕЛОВЕК В МИГ ПРОБУЖДЕНИЯ

И Бог наверное скажет так: Пастух, вот я светом одену тебя  
землю которой ты даришь покой когда пасёшь своих  
бурых овец

✽✽✽ 67 ✽✽✽



facéndolle volver o enrugado rostro  
cara onde nace o día.

A lúa dice adeus  
termando das estrelas que fixen.  
Mollas na fonte os ollos e polos teus soños  
coas mans valeiras preguntaste  
cómo matinabas ter deitada unha muller ao teu carón  
tal un longo camiño ou un calado lume.  
Ao traveso da porta aberta  
volves mirar si aínda fica no leito  
sommelando un suave pano branco  
agás a longa cabeleira  
que é parte do tesouro da noite.  
Alégrate porque o día ten bosques  
as hedras esfarélanse cando unha ollada de amor  
pasa na sombra dos carballos  
pro gastarás o día, a noite e máila morte  
sin atopar endexamáis no chan o anelo de ouro.  
Quizaves pra ésto non facía falla  
que Deus te despertase e fixese a luz.

### HERBA AQUÍ OU ACOLÁ

Todo pende en que ún esteña morto  
perguntando póla herba que nasce derriba  
coma por un novo corpo máis levián,  
abaneado pólo vento,  
– que trae e que leva a semente –.

~~~~~ 68 ~~~~~



я разбужу  
повернув её морщинистый лик  
в ту сторону где нарождается день.  
Луна говорит прощайте  
не удержать ей звёзд разбегаются врассыпную.  
Ты омываешь глаза родниковой водой и во власти снов  
разводишь пустыми руками спрашивая себя  
ужели только приснилось что рядом с тобою  
лежала женщина словно долгий путь словно  
безмолвный свет  
вся как волна ласковой белой ткани  
темнели только длинные волосы  
сокровище ночи минувшей.

Возрадуйся ибо лесами владеет день  
площ обвивший дубы развеется прахом  
когда в тени промелькнёт взгляд полный любви  
но ты потратишь впустую день и ночь и смерть  
а всё ж не найдёшь на земле перстенька золотого.  
Быть может не стоило чтобы ради такого удела  
будил тебя Бог и землю одаривал светом.

*перевела А. Косс*

### ТРАВА ЗДЕСЬ И ТАМ

Вся сущность в том, что ты мертвец и хочешь  
узнать, а что такое – трава, растущая поверх тебя,  
не новое ли это тело, гораздо легче прежнего,  
под ветром

– он рассеивает семена везде. –

*перевела А. Косс*





Трава в лесах, полях и в городах,  
– сюда, быть может, заносят семя ступни  
бродяг, тебе приснившихся под утро босыми.

Далёк он, путь от памяти до трав,  
в которых тебя безмолвно обновляют  
задумчивые крылья земные. Эй, апрель,  
свобода от червей, от праха,  
от слуха, что ловил шаги других прохожих  
в нарядах новых!

В дождь я учусь пить воду.  
Губами, которых сроду не было, вбираю  
я нити белесые, что, всасываясь в почву,  
дают побегу,  
а для того понадобились тучи, и солнце, и мотыга  
– пока пустеет тело,  
ты забываешь радостные песни дрозда и лета,  
и хлеб, и свет, и кроткую улыбку,  
что всем нам хоть раз когда-нибудь согрела грудь.

Вся сущность в том, что ты – мертвец, а хочешь  
вернуться в дол и в ночь;  
она – подачка людям на бедность, общий выгон,  
где белые овечки под присмотром старухи,  
не поднимая головы, пасутся  
и нет им дела,  
откуда взялась трава, зажатая в их крепких резцах.  
И нет им дела




Sin decatarse da resurrección da carne  
de Álvaro Cunqueiro,  
un novo corpo limpo que soñaba co vento,  
– beira dun río, quizaves,  
ou nun alto –.

\* \* \*

Ese alguén de meu que nunca volve  
á auga da infancia  
sin saber saír do laberinto.  
Ese que é outro home que eu levo  
derrubado sobre min  
ou como a hedra 90 carballos abraza.

En balde lle digo que hoxe recollen  
as coloradas mazáns  
e que hai que buscar as que caen entre a herba.  
Verdadeiramente é como levar un morto  
nada apetece e de nada se lembra  
preguizoso sombrío. A seu carón vivo  
e o eu que canta e volve  
mira de esguello pra onde xaz  
e olla cómo podrecen nel os soños e os anceios  
a mocidade que foi e as sorrisas das mulleres  
todo o que foi amado e recibido  
todo o que foi e nunca máis será.  
Pro o eu que vive e anda  
resiste e non esquece ten,

72



до воскрешенья плоти Алваро Кункейро,  
до тела юного и чистого под ветром  
– на берегу реки, быть может,  
или на взгорке.

*перевела А. Косс*

\* \* \*

Есть во мне кто-то, кому  
в реку детства возврата нет,  
кому не выбраться из лабиринта.  
Какой-то другой человек, которого я волоку  
на себе, словно тяжкую ношу, –  
бывает же плющ, что чуть не сотню дубов обовьёт.

Впустую твержу ему, что нынче снимают  
румяные яблоки  
и надо бы пойти поискать те, что завалились в траву.  
Впрямь, всё равно, что тащить на себе мертвеца:  
ничего-то ему не хочется, ни о чём он не вспомнит,  
вялый, угрюмый. Живу я бок о бок с ним,  
и то моё «я», что способно возвращаться и петь,  
искоса смотрит на безвольно лежащего  
и видит, как в нём истлевают желанья и сны,  
юность былая, улыбки женщин,  
всё, что было, всё, чему уже не бывать.  
Но то моё «я», что покуда двигаться способно и жить,  
сопротивляется, и ничего не забудет,  
и, жизнью насытясь, простится,

\*\*\*





*Xosé Luís Méndez Ferrín*

### ESPRANZA XORDA

Outos ían i ergueitos, íles, homes  
do torrón, camaradas no silencio.  
Por seu pe. Rexas mans, únicas armas  
concentradas en sí coma durísimas  
poutadas, pedra viva que latexa.  
Ían lentos, e miles, e grisallos,  
entramentras a noite desataba  
frío e negro decreto de silencio.  
Camaradas sin luz, homes de terra,  
pasaban torpes, coma doces bestas,  
ollos azul luxado e cos seus beizos  
nun tremor despaciososo ou desespero.  
Ían reptando, multitude acéfala,  
membro disforme, fluctuante grea,  
materia invariable, terra íles,  
esvaíndose lenta no silencio  
de morte arrevoando e que nos queima.  
Eu mireinos pasare ben desperto,  
non íles, íles non, os ollos densos,  
seus ollos despoboados, eran muda  
testemuña de sono e de silencio,  
pero tamén unánimes os dedos  
da man, reconcentrados puños, eran  
única espranza diste gran silencio.  
Eu olleinos pasar, ían ergueitos.

✻✻✻ 198 ✻✻✻



*Шосе Луис Мендес Феррин*

### ГЛУХАЯ НАДЕЖДА

Суровые, безмолвные, шагали  
они, одною спаяны судьбою.  
Шагали молча, сжавши кулаки,  
что так похожи на оживший камень –  
оружие единственное их.  
Шагали, исчезая в сером мраке ..  
а ночь, как самодержец, издала  
холодный манифест, чтоб все молчали.  
Товарищи, в потемках пробираясь,  
шагали неуклюже, как волы,  
глаза их затуманились, а губы  
с отчаянья дрожали и кривились.  
Шагали наугад, почти вслепую –  
бессмысленной толпою, без вождя.  
Чуть отделиться от земли успели –  
пора уж в землю возвращаться им,  
огнем парящей смерти опаленным.  
Я видел ясно, как они шагают,  
и не на них смотрел, а им в глаза,  
в которых годы долгие копились  
молчание, решимость и мечта,  
а чтоб мечту от горького молчанья  
избавить – пара сжатых кулаков  
у них единственной надеждой были.  
Я видел: распрямившись шли они.

*перевел А. Родосский*

\*\*\* 199 \*\*\*



## NINGUEN

Terra de proseguir e non dar nada  
despaciosa Galicia que nos levas  
acochados en ti! Lento veleño  
que pos nos ollos unha cousa verde.  
Língua que me enche a boca enteiramente  
e coma un río interno me asolaga.  
Quero decir teu nome e digo apenas  
xente de terra, homes lentamente  
ún por ún devecendo e sendo nada.  
Galicia coma un río que se estiña,  
terra de esmorecer, patria do vento!  
Quero decir teu nome e digo dorna  
veleira, mergullada dorna negra,  
grande arado sin bois, feira sin xente,  
noite que ven, xiada noite fría...  
Quixera alzar meu canto coma un puño  
e por na miña voz teu nome ergueito,  
pero non hai ninguén para escoitarme.

## ILLA

Estreitarei a tua cinta leve  
con medo de perder cousas de vidro  
Valeiradas estancias de crepúsculo  
infernan vermellóns rubíns de escuma  
e toda estrelecete rubra prata  
convócame a encarnada cuncha lisa  
Esta illa de pedra sobre a lámina

\*\*\* 200 \*\*\*



## НИКТО

Земля, где время течет бесполезно,  
Галисия, ты спрячешь нас в себе!  
Закапываешь медленной отравой  
зеленые просторы нам в глаза.  
Язык переполняет нас  
и вместе с тем нас топит, будто речка.  
Хочу назвать тебя – а называю  
людей, что поднимаются с земли  
и в вечности потом бесследно канут.  
Галисия – стоячая вода,  
земля отчаянья, отчизна ветра!  
Хочу назвать тебя – перед глазами  
возникнет лодка, тонущая лодка,  
плуг без волов, и рынок без торговцев,  
и ночь – студеная, глухая ночь...  
Взмахну я песней, словно кулаком,  
чтоб имя гордое твое прославить –  
но не послушает меня никто.

*перевел А. Родосский*

## ОСТРОВ

Я бережно возьму тебя за талию  
как будто хрупкий предо мной хрусталь  
Пуста утроба сумерек которые  
терзают пены пурпурной рубин  
Блеск серебра в заката алых отблесках  
мне раковинной гладкой предстает  
а море синее на остров каменный

\*\*\* 201 \*\*\*



do mar de Lapamán en quedo intre  
detén o cor cesura de infinito  
ou estantía suspensión de tránsitos  
Buguinas incendiadas de silencio  
prorrompen en estrépito calado  
A onda non reventa que está inmóvil  
detida no proceso de apreixarte  
Moimento de sí mesmo o sol deténse  
e o seu fulxir de fogo que alapea  
fíxase en brasa ou moeda estática  
Ficou queda a gavota a dorna absorta  
Naufragou no meu verso tanto instante  
Porque hei de rachar este ar de mármore  
cinguirei o teu van e nun aombro  
de carnes todo voltará a ser móvil!

\* \* \*

Estás como caída,  
depresión ou lobos azuis e lonxe esfragándose antigos.

Estás, amor, perdida,  
ledamente ensarillada en tí, ledamente  
acompañada á morte que se achega con tatuaxes de festa.

Estás, oh castiñeiro de vran,  
cobexando tropas de saltóns e chuchameles murchos.

Estás de ventre aberto

🎵 202 🎵



накладывает острый свой клинок  
И сердце словно в бесконечность кануло  
иль потеряло мерных ритмов счет  
Неслышно у молпосков разрываются  
большие створки раковин Волна  
застыла голубая неподвижная  
тебя в объятья крепко заключив  
Остановилось солнце словно памятник  
воздвигнуть хочет самому себе  
но пышет жар в монете этой блестящей  
Челн погрузился в думы чайка спит  
Стихи и те захлестнуты безмолвием  
Уже не воздух мрамор вижу я  
Но знаю лишь возьму тебя за талию  
и снова всё в движение придет!

*перевел В. Васильев*

\* \* \*

Ты будто повержена  
добыча древних сизых волков, пришедших из дальнего леса.

Любовь моя, ты погибла, беспечально заблудившись  
в себе самой, беспечально  
примирившись с приходом празднично татуированной смерти.

Ты – мой летний кацган,  
осеняющий сонмы кузнечиков и увядшую жимолость.

Чрево твое отверсто

2003



e unha procesión de agres berros, volvoretas,  
arrótanche as entrañas e os adentros sen luz.

Estás, fuxinte,  
eiquí e non estás porque sábe-lo arte  
de seres simultánea e agallopas cos ollos os teus trigos nativos,  
poderosamente ateigada de sol e de mapoulas.

Estás en min, coma que ten, sin nome,  
un melro ou un fouciño pra conqueri-los días  
nos que ti non estás, nos que ti non estás,  
nos que ti non estás.





и бесконечные вереницы горестных стонов, бабочек  
вылетают из непроглядных глубин твоих темных недр.

Ты ускользаешь,  
ты здесь – и тебя здесь нет, ведь ты владеешь искусством  
быть одновременно всюду, лаская взглядом.

родные пшеничные нивы,  
изнемогая от изобилия солнца и маков.

Ты во мне, словно некто, таинственно безымянный,  
имея певчих дроздов и серп, помогает мне скоротать  
дни, когда нет тебя, когда нет тебя, когда нет тебя.

*перевела Е. Голубева*








# MENSURA

*imposible, terias que avanzar*

*Entre os ritmos secretos dun amor*



*entre avanzas sempre á agarda da*

*luz en loita cun Arcanxo*

## SUMARIO

### *ENSAIO*


Andrés Pociña  
Manuel Fernández Rodríguez  
Ramón Reimunde  
Eduardo Moreiras

### *CREACIÓN*

Xosé María Álvarez Cáccamo  
Maximino Cacheiro Varela  
Cesáreo Sánchez-Iglesias  
Manuel Álvarez Torneiro  
César Antonio Molina  
Moncho Regueira  
Xoán Neira López  
Celso Castro  
Suso Pensado  
William Cliff  
Luz Pozo Garza  
Xoán Abeleira

*Andrés Pociña*

O PARNASO GALEGO  
DE EDUARDO MOREIRAS



Custom House de James Gandon (Dublín)



## O PARNASO GALEGO DE EDUARDO MOREIRAS

*Andrés Pociña*

Un dos moitos aspectos interesantes na lectura e no estudo de Eduardo Moreiras reside no seu significado como testemuña viva e directa dunha época literaria de fonda transcendencia na historia da literatura galega, que o poeta de Quiroga representa moi axeitadamente non só na súa faciana de creador, senón ademais como intérprete e comentarista, e mesmo como animador do desenvolvemento dese momento literario. En todos eses aspectos, como digo, considero importante a súa testemuña, porque a obra de Moreiras, dabondo esquecida e non reeditada, ademais da súa calidade intrínseca, ofrece resposta a cuestións sempre actuais sobre a literatura galega, a española e ata a universal, da segunda metade do século XX. Daquela, sería preciso volver de novo ás obras de Moreiras, a todo o conxunto das publicadas -sen esquecer nunca que queda moita escrita de Moreiras inédita- e buscar nelas novas respostas para temas como os seguintes:

1. En primeiro lugar, **sobre o significado do propio Eduardo Moreiras como poeta, sobre todo en galego, na evolución da poesía do seu tempo.** É cousa sabida que o noso autor publicou en vida catro coleccións poéticas: *A realidade esencial* (Ferrol, 1955), *Paisaxe en rocha viva* (Vigo, 1958), *Os nobres carreiros* (Vigo, 1970) e *O libro dos mortos* (Sada-A Coruña, 1979), ós que cómpre engadir algúns poemas illados, publicados fóra de colección e despois do seu pasamento, como os titulados “Logo dunha vida dedicada a unha deusa” (2-I-1991, *Nordés* 1992) e “Espranza” (3-I-1991, *Nordés* 1992). Non é unha obra moi abundante, sobre todo se pensamos que os catro libros son bastante curtos -nomeadamente tres deles-, que o primeiro foi publicado cando Moreiras tiña 41 anos, e que *O libro dos mortos*, a súa derradeira entrega poética en galego, sae en Edicións do Castro doce anos antes da súa morte. Emporiso, Moreiras representa, grazas a estes catro libros, un fito senlleiro, moi persoal, moi importante, na poesía galega da súa época<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> De diversos aspectos da poesía de Moreiras ocupeime nos catro volumes anteriores desta revista, en concreto, nos meus artigos : “Algunhas claves para le-los versos galegos de Eduardo Moreiras”, *Clave Orión* IV-V (1998), pp. 76-97 [publicado tamén en castelán na Revista da Universidade de Puerto Rico *La Torre* III 10 (1998), pp. 839-857]; “Luz e azul, claves da poesía de Eduardo Moreiras”, *Clave Orión* VI (1999), pp. 45-64; “Notas para unha poética de Eduardo Moreiras”, *Clave Orión* VII-VIII (2000-2001), pp. 71-84; e, por último, “Eduardo Moreiras, poeta traductor”, *Clave Orión* IX-X-XI (2002-2004), pp. 159-

2. Mais tamén cómpre poñer no seu xusto significado o **papel de Eduardo Moreiras como poeta en castelán**. Este queda fóra de dúbida con só pensarmos no seu trato, varias veces amplamente documentado en longas relacións epistolares -desgrazadamente inéditas na maior parte-, con figuras tan senlleiras na historia da poesía española como Vicente Aleixandre<sup>2</sup>, Luis Cernuda, Juan Ramón Jiménez, Blas de Otero... Pola poesía en castelán comeza a produción de Moreiras, neste caso de forma temperá, pois o seu poemario inédito, *La muerte de la luna*, parece que foi escrito en 1936, cando tiña 22 anos; e a primeira colección de "prosa poética" publicada, *El bosque encantado*, data de 1947<sup>3</sup>, polo que é oito anos anterior ó seu primeiro poemario galego, *A realidade esencial*. Haberá que estudar, pois, coa atención e co coidado que están a reclamar, as poesías en castelán de Eduardo Moreiras, tarefa que se dificulta moitísimo polo feito de que a meirande parte dos seus títulos<sup>4</sup> permanece aínda inédita.

3. Como animador das novas correntes e de novos escritores na poesía española e galega, o labor de Eduardo Moreiras foi fundamental, sobre todo coa creación da revista *Mensajes de Poesía*, en setembro de 1948<sup>5</sup>. Na primeira entrega, que curiosamente principia co poema "La espina" de Luz Pozo Garza, van poemas de Luís Pimentel, de Eduardo Moreiras, de Pura Vázquez, de Julio Sigüenza; todos os textos están en

---

179. Todos estes traballos forman parte dun xa vello proxecto, espero que cada vez máis preto de facerse realidade, dunha ampla monografía sobre este admirado poeta, que levará por título *Eduardo Moreiras, poeta de luz e azul*.

<sup>2</sup> As cartas do Premio Nobel a Moreiras forman a colección máis numerosa e máis interesante das conservadas; son arredor de oitenta cartas, datadas entre 1948 e 1955. Da súa edición está a ocuparse Luz Pozo Garza, propietaria delas por desexo expreso do seu marido.

<sup>3</sup> E. Moreiras, *El bosque encantado*, Vigo, J. Varela, 1947.

<sup>4</sup> Ata onde chega a miña información, trátase dos seguintes: *La muerte de la luna* (inédito, 1936); *Canciones de amor perdido* (inédito, sen data); *El bosque encantado* (Vigo, J. Varela, 1947); *Éxtasis* (edición privada, 1948); *El guerrillero* (inédito, 1948); *Los amantes* (inédito, 1949); *Los oficios* (Vigo, *Mensajes de Poesía*, 1952).

<sup>5</sup> A mellor información sobre *Mensajes de poesía* está na "Homenaxe a Eduardo Moreiras", *Nordés* (III xeira), 17-18 (1992), pp. 71-84, con explicacións do propio poeta sobre as razóns do nacemento de revista, algúns textos nela publicados, etc., e a reedición (p. 84) do artigo de Xesús Alonso Montero, "A fermosa empresa de *Mensajes de poesía*: Homenaxe a Eduardo Moreiras" (*La Voz de Galicia*, martes, 30 de abril de 1991). Importancia especial teñen os traballos máis abaixo indicados de D. Vilavedra (coord.) e de X. Alonso Montero no seu artigo da *Gran Enciclopedia Galega*. Tamén é interesante, a propósito da colaboración de Álvaro Cunqueiro en *Mensajes de poesía*, o estudo de X. Alonso Montero, "Textos de Álvaro Cunqueiro: autopoética, o feito literario galego, a Palabra, as palabras, o latín...", en AA. VV., *Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega, 1991, pp. 9-23, esp. 11-13.

castelán, agás as cinco cancións de Sigüenza, pero todos corresponden a poetas que chegarán a ocupar un posto de moito relevo na literatura galega. A revista chega ata o número 11, que sae en 1952, dedicado<sup>6</sup> a Blas de Otero. No medio, se pensamos que os números antolóxicos dedicados a poetas concretos son o 8 (Rafael Morales), o 9 (Carmen Conde) e o 10 (Álvaro Cunqueiro), compróbase claramente que o interese de Moreiras nesta súa faciana de animador da creación e divulgación da poesía atinxe tanto á escrita en galego como en castelán.

Anos máis tarde, en febreiro de 1969, Eduardo Moreiras escribía, non sen certa nostalxia, estas palabras sobre o significado de *Mensajes de Poesía* no seu escuro e difícil tempo de aparición:

“Facía eu, entón, unhos cuaderniños de poesía en edicións numeradas, pra bibliófilos. O ouxeto era dar a coñecer novos valores da poesía galega i engadir, en troques, os poetas casteláns que xurdían no ceo da poesía española da post-guerra.

Niste xeito, colaboraban na revistiña, xunto a Pimentel, Cunqueiro, Pura Vázquez, Iglesia Alvariño, Fole -que terían, despois, meirande nombradía nas nosas letras- poetas casteláns aínda pouco coñecidos, que eu ben cataba coma valores incontestábeles da nova poesía hespañola: Rafael Morales, Blas de Otero, Gabriel Celaya, Ricardo Molina, Carmen Conde.

Non podo esquecer a viva simpatía con que Vicente Aleixandre -cúa colaboración nos meus cuadernos foi decisiva- e Luis Cernuda, no exilio, acolleron e alentaron o proseguimento da aventura. Tamén homes xa feitos no oficio, coma Enrique Azcoaga, foron xentís con ista pequena publicación que, por certo, tiña os suscriptores máis variados, dende Pepe, o carpinteiro veciño, deica Conchita Montes.

¿Cóma morreron istes cuadernos? Dende logo non por causa natural, quero decir, económica, sinon por ñorancia. Certos poemas de Blas de Otero, recollidos por min na súa antoloxía, molestaron a ‘algún’, e a revista foi sancionada ca suspensión. I é curioso: Istes mesmos poemas, incluídos un ano despois no libro ‘Redoble de Conciencia’, levaron o premio ‘Boscán’ do Instituto de Estudios Hispánicos (1951)”<sup>7</sup>.

Unha atinada visión xeral do que foi e significou a revista *Mensajes de Poesía* áchase no volume II do *Diccionario da Literatura*

---

<sup>6</sup> Este número derradeiro de *Mensajes de poesía* está ben estudado en *Nordés* (III xeira), 17-18 (1992), pp. 76-81.

<sup>7</sup> E. Moreiras, *Follas de vagar. Xornal (1969-1970)*, Vigo, Galaxia, 1972, p. 48.



*Galega* dirixido por Dolores Vilavedra<sup>8</sup>, do que vou reproducir un interesante parágrafo sobre os aspectos formais da publicación, á espera de dedicarlle unha investigación persoal pormenorizada a esta empresa de Moreiras, que considero de moita transcendencia:

“Modesta na súa forma, pois tratábase máis dunhas follas soltas ca dunha revista propiamente dita, pero de coidada presentación e cunha pequena tirada (sen autorización legal, sen estar debidamente rexistrada e cunha distribución ‘persoal’ entre un grupo reducido de 300 persoas), presenta sen embargo, ó longo da súa traxectoria, unha interesante e estimable colección de poemas, apostando por poetas críticos co réxime e e callando nun momento da vida do país no que non abundan este tipo de iniciativas. O obxectivo de Moreiras, que se recoñece inspirado na revista *Sucesión* de Juan Ramón Jiménez, era o de dar a coñecer as novas voces da poesía galega, acompañándoas dos poetas casteláns de posguerra. Vicente Aleixandre servía de contacto cos colaboradores non galegos da revista”.

E non menor interese ten o estupendo e moi ben documentado artigo preparado por Xesús Alonso Montero para a Gran Enciclopedia Galega<sup>9</sup>, no que, ademais doutras precisións de tipo vario, indica con respecto á parte galega de Mensajes de Poesía:

“Especial valor poseen las páginas gallegas de estos *Mensajes*, publicadas en un tiempo de tan escasa actividad literaria en gallego. Ahí están los poemas de Emilio Álvarez Blázquez (que, prácticamente, se estrena como poeta en ese número de 1948), de Ricardo Carballo Calero, de Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Julio Sigüenza...En gallego la aportación más numerosa es la de Cunqueiro.

Hay que destacar la poesía castellana de Luis Pimentel, y mencionar, cuando menos, los poemas de Ánxel Fole, faceta poco conocida de este escritor. Dos poetisas están muy presentes, Pura Vázquez y la recién nacida Luz Pozo”.

Por último, un estupendo coñecedor das revistas literarias galegas, Luís Alonso Girgado, publicou en *Clave Orión* de 2002-2004 o tra-

---

<sup>8</sup> D. Vilavedra (Coord.), *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo, Galaxia, 1997, pp. 305-306.

<sup>9</sup> X. Alonso Montero, “*Mensajes de Poesía*”, *Gran Enciclopedia Galega*, Santiago, Silverio Cañada Editor, 1974 ss., Tomo XXI, pp. 14-15.

ballo máis documentado e atinado sobre *Mensajes de poesía*<sup>10</sup>, do que vou reproducir aquí o interesantísimo parágrafo de remate:

“Á hora de facer balance de *Mensajes de poesía* non podemos perder a perspectiva histórica, sobre todo para entender as moitas cautelas precisas, a finais da década dos corenta, para publicar textos na lingua do país. Esta limitación pesa nestas páxinas e relativiza un tanto a súa significación na nosa historia literaria. Pero como cantidade non é calidade, haberá que recoñecer o interese das colaboracións galegas de Iglesia Alvariño e, moi especialmente, de Cunqueiro. Como González-Alegre en *Alba* ou como Tomás Barros e Miguel C. Vidal en *Aturuxo* (por citar dúas cabeceiras coetáneas de *Mensajes de poesía*) Eduardo Moreiras adoptou un posicionamento ecléctico no reparto de voces galegas e non galegas. Resultante desta actitude foi a divulgación en Galicia de poetas en castelán -dende Aleixandre ata Blas de Otero, dende Alberti ata Leopoldo de Luis ou Rafael Morales ou Carmen Conde- que prestixiaron aquelas mensaxes viguesas tan estimadas por Pimentel, cunqueiro ou V. Aleixandre entre outros. E tal estima adquire máis relevo aínda se pensamos no limitado dos medios, na calidade dos textos, na radical fidelidade á poesía e nos múltiples traballos que Eduardo Moreiras tivo que asumir para facer realidade o soño lírico das súas mensaxes. Luz Pozo, destinataria e colaboradora primeira dese soño tivo a sensibilidade necesaria para continuo e melloralo dende *Nordés* primeiro e agora dende esta fermosísima *Clave Orión*. Será xusto recoñecelo así”.

**4. Como crítico literario**, preocupado pola poesía en xeral, pero sobre todo pola que está a producirse no seu tempo. É dicir, nos primeiros momentos da terrible posguerra e da instalación esmagante da ditadura, Eduardo Moreiras convértese en guieiro fundamental para achegármonos a unha historia aínda non ben estudada nin comprendida. Facer unha análise pormenorizada sobre todas as personalidades literarias, de todo tempo e de todas as latitudes, de que fala Moreiras esixiría unha monografía enteira, e non precisamente curta. De feito, baseándome só nos datos contidos en *Follas de vagar*, eu presentaba en “Notas para unha poética de Eduardo Moreiras” esta longa lista de nomes, na que faltan os galegos, salientando con cursivas os recordados con máis frecuencia:

Ana Akhmatova (175), Rafael Alberti (94), Svetlana Alliluyeva (51), *Louis Aragon* (57, 75, 84, 107), Arcipreste de Hita (67), Enrique

---

<sup>10</sup> L. Alonso Girgado, “Eduardo Moreiras, mensaxeiro da poesía”, *Clave Orión* IX-X-XI (2002-2004), 93-97.

Azcoaga (48), Vicente Aleixandre (48), Dámaso Alonso (28), Anaxágoras (7), Azorín (14), Gaston Bachelard (49), Charles Baudelaire (168), Gustavo Adolfo Bécquer (73), Henri Bergson (74), Ana-Inés Bonnin (47), André Breton (177), Albert Camus (20), Gabriel Celaya (48), *Luis Cernuda* (20, 48, 62, 73, 92-94, 97, 113-115), Miguel de Cervantes (14), Carmen Conde (48), Dante (131), Bernal Díaz del Castillo (174), Gerardo Diego (115), Lawrence Durrell (21, 107), Paul Éluard (35), Erasmo (166), William Faulkner (102), León Felipe (100), *Federico García Lorca* (69, 94, 144), André Gide (93, 177), Goethe (52), Luis de Góngora (16, 73), José Agustín Goytisolo (164), *Ernst Hemingway* (32, 84, 135), Miguel Hernández (35), Hiddi (poeta alemana, 156), Homero (56, 107), Eugène Ionesco (28), Jean Jaurés (9), Jdanov (? , 175), *Juan Ramón Jiménez* (12, 63, 94, 100, 170), *San Juan de la Cruz* (15, 32, 166, 173), Franz Kafka (148, 158), Valentin Petróvich Katáiev (130), Milan Kundera (156, 157), Thomas Edward Lawrence (126), *Fray Luis de León* (93, 133, 169), *Antonio Machado* (14, 54, 72), *Jorge Manrique* (63, 72, 114), Herbert Marcuse (29), François Mauriac (17), Ricardo Molina (48), Rafael Morales (48, 89), Alberto Moravia (128), George Orwell (34), Blas de Otero (12, 48), *Blaise Pascal* (108, 137, 147, 172), Patanjali (15), Petrarca (68, 75), *Platón* (9, 10, 18, 51, 54), Plotino (178), *Marcel Proust* (54, 87, 143, 174), Francisco de Quevedo (16), Carles Riba (164), *Arthur Rimbaud* (8, 127, 168), Antoine conde de Rivarol (97), Fernando de Rojas (14), George Sand (125), Jean Paul Sartre (125), Jean Jacques Servan-Schreiber (84), *William Shakespeare* (12, 13, 37, 56, 107), John Steinbeck (110), *Stendhal* (45, 52, 57, 65), Teixeira de Pascoaes (132), León Tolstoi (9, 158), Flora Tristán (125), *Miguel de Unamuno* (8, 14, 72, 93, 97), Paul Valéry (118), Garcilaso de la Vega (73, 77).

Esta lista fala por si mesma, e xa sinala en aquel artigo as principais conclusións que dela poden sacarse. As indicacións dadas por Moreiras nos lugares sinalados, engadidos á lectura de resto da súa obra, á análise da súa particular poética, ó seu labor como poeta-tradutor, ós nomes e ó tipo de poesía que acolleu en *Mensajes de Poesía*, ofrécennos un marco adecuado para o noso coñecemento e interpretación das literaturas galega, sobre todo da española e tamén un pouco da europea, nos convulsos anos da ditadura. Un marco no que, precisamente, é no que cómpre colocar a produción, galega e castelán, en verso e en prosa, de Eduardo Moreiras para unha lectura correcta e proveitosa da súa escrita.

5. E deste xeito chegamos á cerna do noso interese, isto é, a **unha presentación do que foi o Parnaso galego de Eduardo Moreiras**, segundo se reflicte na práctica totalidade da súa escrita. De feito, xa no meu artigo “Notas para unha poética de Eduardo Moreiras”, escribí

o que daquela chamei unha “Breve notiña sobre o Parnaso galego de Moreiras”<sup>11</sup>, que non era máis que un anticipo, ofrecendo a lista dos poetas e das poetas que se citan en *Follas de vagar* e a cita literal dalgúns parágrafos interesantes dedicados ós preferidos polo noso poeta. É dese “Parnaso galego” do que quero ocuparme agora, para unha achega máis cumprida ós gustos literarios do escritor, comezando por Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro, sen dúbida os seus dous poetas preferidos, seguindo cos restantes por orde alfabética, e rematando con Luz Pozo Garza, que foi a poeta e a persoa máis importante na vida de Eduardo.

### Luís Pimentel.

Partindo dun dato obxectivo, Pimentel é o autor máis veces citado en *Follas de vagar*<sup>12</sup>, e non resulta doado saber se Moreiras sentía a fonda admiración que amosa por el debido á inmensa amizade que houbo sempre entre os dous poetas, ou ó gusto pola súa obra, ou a ese carácter persoal, sen dúbida misterioso, pero tamén sinxelo e humilde do médico lugués. Calquera que fose a razón principal, non hai dúbida de que a poesía de Pimentel (en definición precisa de Luz Pozo Garza<sup>13</sup> “intimista, pura, cordial e humana” e en xuízo autorizado de Arcadio López-Casanova<sup>14</sup> caracterizada polos tres riscos de “brevidade, singularidade e intensidade”), tiña razóns de peso para apaixonar a Moreiras. De feito, a preferencia pola poesía de Pimentel é confesada abertamente por Moreiras en dúas entrevistas en xornais que agora cito. O 29 de xaneiro de 1978, en *El Ideal Gallego*, á pregunta de Pilar Llorente sobre os seus poetas preferidos, responde “San Juan de la Cruz, Fray Luis de León, Quevedo, Luis Pimentel, Vicente Aleixandre. De los gallegos, Rosalía y otros”, poñendo a Pimentel, consciente ou inconscientemente, entre catro figuras máximas da poesía española de todos os tempos. O 1 de febreiro de 1986, en *Faro de Vigo*, á mesma pregunta antedita, agora feita por Luís Rei Núñez, acha esta resposta:

---

<sup>11</sup> A. Pociña, “Notas para unha poética de Eduardo Moreiras”, *Clave Orión* VII-VIII (2000-2001), pp. 80-84.

<sup>12</sup> E. Moreiras, *Follas de vagar...*, cit. , pp. 36-38, 47, 48, 49, 72, 131-132.

<sup>13</sup> L. Pozo Garza, *A bordo de Barco sin luces ou o mundo poético de Luís Pimentel*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 1990, p. 11.

<sup>14</sup> En R. Piñeiro, L. Pozo, A. López Casanova, C. Rodríguez Fer, *Luís Pimentel. Unha fotobiografía 1895-1958*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990, p. 137.

“Rimbaud, Paul Eluard, T. S. Eliot, Luis Cernuda, Vicente Aleixandre, Blas de Otero, Luis Pimentel e Álvaro Cunqueiro”.

As opinións que atopamos en *Follas de vagar* tocan aspectos senlleiros da personalidade e da poesía de Luís Pimentel, que non precisan explicación de ningún tipo. Son estas:

“O poeta Luis Pimentel, ¿escribiu directamente en galego todos os poemas de ‘Sombra do aire na erba’? Porque algúns teñen unha redacción castelán anterior.

Fágome esta pregunta -curiosa namáis- removendo, na serán de chuvia, cousas do tempo pasado: cartas, libros adicados, algunha ‘foto’ rara...

Gardo un paquetiño dunhas vinte cartas de Luis Pimentel, datadas entre 1948 e 1950. Escritas con tinta roxa -que lle dan un ár tráxico agora de folla morta, de fouce fanada- falan un pouco de todo: da vida, da poesía e da anguria que iba entrándose coma cobra niste ser atormentado.

Na carta datada 8-11-1948, ven o poema ‘Si tú vieses...’, redaitado en castelán e adicado ‘A la pintora Julia Minguillón’. Iste poema foi traducido ao galego co título ‘Si ti vises esta tarde!’, e incluído no libro ‘Sombra do aire na herba’ que saíu das prelas no ano 1959, xa morto o poeta.

Nista carta fala Pimentel do misterio da poesía. Velahí:

‘¿Qué es poesía? -hablamos siempre de la auténtica- ¿de dónde viene, qué quiere, a dónde va, está en el cielo, en la tierra, en el mar, clavada en la mano de Dios, en las pupilas de un caballo muerto?’<sup>15</sup>

E remata: ‘Todo ésto no está aun contestado, son solamente intentos los que se han hecho. ¿Dios? me ha dado un instrumento para cantar, y canto, y no tengo más remedio que hacerlo’

[...]

---

<sup>15</sup> Esta frase de Pimentel impresionou moito a Moreiras: poucos anos despois, no número 4 da revista *Nordés* (preciosa entrega na que falan das súas poéticas figuras tan senlleiras da literatura galega como Cunqueiro, Ferreiro, Novoneyra, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, González Garcés, Franco Grande, Barros e algún outro), Moreiras amosa as súas dúbidas sobre a misteriosa esencia do feito literario con palabras como as seguintes: “O máis perceptíbel do fenómeno poético é a súa perfecta unidade, coma a materia forma a unidade cósmica, ou millor, a unidade esencial de todos os seres vivos. Cecáis a explicación sexa que a poesía está en todo coma algo imperecedoiro, no cervo que brinca pola neve e no bosque onde resprandece unha luz misteriosa; no door humano niste mundo de sufrimento e de morte e tamén na probeza, na humildade, na calada sinxeleza da vida, pois as princesas de Rubén, xa non teñen validez pra nós, pero sí o Cristo ascético de Unamuno. Cecáis Luis Pimentel acertaba cando decía que Deus -¿a poesía?- estaba nos ollos dun caballo morto” (“Aproximacións á poesía”, *Nordés* 4, 1976, p. 13; a cursiva é engadido meu, para subliñar as palabras de Pimentel que facían cavilar a Moreiras).

Parece que aínda foi onte cando viñan petar á miña porta os mensaxes amistosos do poeta. Ou cando iba parolando, polas rúas do ceo lugés, con aquil fidalgo-poeta que habería de renovar e madurecer, ca forza orixinal da súa mestría, a poesía galega". (FV, pp. 36-38)

"Pra Pimentel, todo na Natureza era unidade: unidade na poesía-terra-meiga, espírito-amoroso (e doorido) da montaña. Il percebía, na fonda traxedia da súa poesía, a síntesis do amor cunha sensibilidade a frol de pel que o destruía. ¿E cóma se pode escribir sin esa intelixencia do corazón que leva ao achádego da verdade ascondida e misturada pola vida? Il tiña, entón, a intuición infalibel de que a vida *toda* é poesía. O que se precisa é ter alma e coraxe pra cantála" (FV, p. 49).

"Hai poetas que nasceron coas tres dimensións, e a súa obra é comprida e armoniosa. Jorge Manrique, Antonio Machado, Luis Pimentel, son poetas de tres dimensións. A terceira -a profundidade- é tan natural pra iles como a metáfora". (FV, p. 72)

"Luis Pimentel escribía con tinta roxa. Isa preferencia pola coor tráxeca nas cartas, nos poemas, sempre deixando un regueiro de sangue polo ceo, déume a cismar que escribiría na meia noite, cando laian as curuxas de árbore en árbore. Eu imaxinaba ao poeta cara ao mar de Foz, peiteando as escumas con dedos páledos como a norte". (FV, p. 120)

"Os poetas galegos da miña xeneración debemos moito a Luis Pimentel. O seu rigor dialético -a tráxeca realidade en loita ca fermosura do imaxinario- era unha superación da poesía feble que se facía por entón en Galicia.

Dende Pimentel, as augas poéticas tornaron a outros canles.

O modernismo tardío, que tanto mal fixo á poesía galega da preguerra, ca nova xeneración xa non tiña nada que facer". (FV, p. 131 s.)

Estas son as consideracións máis importantes<sup>16</sup> de Eduardo Moreiras sobre a persoa e a obra poética de Luís Pimentel, e do seu significado na poesía galega do seu tempo. Partindo destes datos, cumpriría estudar cal foi a influencia de Pimentel en Moreiras que así, sen entrar a fondo na cuestión, un pouco por riba, seméllame que non foi pouca.

---

<sup>16</sup> Noutros lugares de *Follas de Vagar* recorda que Pimentel lle falou unha vez da escritora catalana Ana-Inés Bonnin, que coñeceu Moreiras e coa que mantivo unha correspondencia de varios anos (p. 47); tamén a colaboración do poeta de Lugo en *Mensajes de Poesía* (p. 49).

## Álvaro Cunqueiro.

Tamén aparece varias veces en *Follas de vagar*<sup>17</sup>, pero sempre de forma máis breve, mesmo pasaxeira. A relación entre os dous escritores é interesantísima: dos datos que posuímos xurde a idea dunha estreita amizade inicial entre Moreiras e Cunqueiro, que por algo tiñan idades case idénticas (Cunqueiro naceu en Mondoñedo, en 1911, e Moreiras en Quiroga, en 1914). Daquela, non había entre eles ese indubidable respecto que amosa o noso poeta de cara a Pimentel, vinteseis anos máis vello. Como escritores coevos, hai na súa creación literaria paralelismos lóxicos que, sen dúbida, fomentan lazos de comprensión entre eles, lazos que, desgrazadamente, tamén teñen os seus riscos. Nos anos de *Mensajes de poesía* (1948-1952), a colaboración de Cunqueiro na revista de Moreiras é a máis importante de todas, chegando a publicar nela quince composicións; o caderno 10 foi dedicado ó mindoniense, nel levaba un autorretrato e outro feito por Laxeiro...<sup>18</sup>. Eran anos nos que Moreiras e Cunqueiro, como moitos outros, dubidaban entre a escrita en castelán e en galego. E tamén niso hai paralelismos: de 1940 son as *Elegías y Canciones* de Cunqueiro e de 1952 *Los oficios* de Moreiras<sup>19</sup>; pero cando en 1955 Moreiras decide escribir toda a súa poesía en galego co poemario *A realidade esencial*, asistimos no mesmo ano á publicación transcendental de *Merlín e familia* de Cunqueiro e dous anos despois vemos como sae, con cinco poemas novos, a súa segunda edición de *Cantiga nova que se chama riveira*, obra que marcará un fito importante na poesía galega coa edición príncipe de 1933. Daquela, non pode sorprender a dedicatoria impresa do primeiro poemario galego de Moreiras: “A os poetas galegos Luz Pozo Garza e Alvaro Cunqueiro”.

A admiración que sinte Moreiras por Cunqueiro ten xusta correspondencia na que amosa Cunqueiro por Moreiras. Unha proba obxectiva, recoñecida publicamente, son os comentarios que fai en

---

<sup>17</sup> E. Moreiras, *Follas de vagar...*, cit. , pp. 48, 119, 132, 158, 174.

<sup>18</sup> Vede o xa lembrado estudo fundamental de X. Alonso Montero sobre este tema: “Textos de Álvaro Cunqueiro: autopoética, o feito literario galego, a Palabra, as palabras, o latín...”, en AA. VV., *Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega, 1991, pp. 9-23, esp. 11-13.

<sup>19</sup> É curioso comprobar que, agás a dedicatoria xeral do libro, expresada no remate (“Los poemas de LOS OFICIOS están dedicados a mis hijos, niños, en su primavera”), haxa só catro poemas dedicados a outros tantos poetas, sendo un deles Álvaro Cunqueiro, para quen vai o titulado “Destino” (p. 45).

xornais sobre as súas obras. Así, no artigo “Poesía e vida”, cuxa data descoñezo, afirma: “En Vigo vive un gran poeta. Vive en Solitario. Eduardo Moreiras es el nombre. Su último libro, ‘Los oficios’, es uno de los más bellos libros de poesía escritos en estos últimos años...”. Cando sae a versión de Moreiras do *Xardín dos Cabaleiros de Malta* (Buenos Aires, 1955), Cunqueiro publica o fermoso artigo “Jardín de los Caballeros de Malta”, do que din unha copia completa nos meus estudos sobre as traducións poéticas de Moreiras<sup>20</sup>. En fin, de Cunqueiro é o Limiar do segundo poemario galego de Moreiras, *Paisaxe en rocha viva* (1958), onde poden lerse cousas como estas: “Por de depronto hei de anunciar que ‘Paisaxe en rocha viva’ é o libro de poesía escrito na nosa lingua galega que eu poño á cabeza dos publicados despoixas da colleita dos anos trinta...”.

Emporiso, hai un momento, posiblemente despois deste Limiar, ó meu ver ben gabancioso, en que os dous poetas deixan en suspenso a súa amizade, a súa camaradería, de xeito que pasan a unha especie de silencio desdeñoso e a saudarse cortesmente e nada máis cando se ven pola rúa. Algún día haberá que explicar isto. Eu teño a miña teoría, pero carezo da ousadía e da seguridade precisa para escribila. De feito, as veces que fala Moreiras de Cunqueiro en *Follas de vagar* (lembramos que é un diario só dos anos 1969 e 1970) e, sobre todo, o pouco interese posto nelas, especialmente se as comparamos con canto vimos nas alusións a Luís Pimentel, falan por si mesmas: a admiración polo poeta queda viva, porque non pode morrer, pero agora é vista con non disimulado alonxamento, malia seren moi fermosas:

“Álvaro Cunqueiro escribe igoal que cantan os grilos. Óiese de lonxe o esfregar dos élitros que enchen de música a mañán. Acheguémonos a modiño, descalzos pola herba”. (FV, p. 119)

“Álvaro Cunqueiro: Sitúa ben nun contexto artificioso o punxente poder da súa imaxinación”. (FV, p. 132)

“Asegún a mística proustiana, cando morra Álvaro Cunqueiro baixarán os anxos ás vitrinas das librerías e apañarán o ‘Merlín’, pra léelo no Paradiso”. (FV, p. 174)<sup>21</sup>

---

<sup>20</sup> A. Pociña, “Eduardo Moreiras, poeta traductor”, cit., pp. 177-179.

<sup>21</sup> Outras dúas citas apenas teñen interese: na p. 48 recorda a Cunqueiro entre os colaboradores galegos en *Mensaxes de Poesía*; na p. 158 hai unha simple alusión intranscendente.



Mais, cabaleiros a fin de contas, e, sen dúbida, conservando sempre unha admiración mutua, cando a Real Academia Galega decide elixir a Eduardo Moreiras académico numerario, en sesión do día 17 de maio de 1977, a proposta vai asinada por Francisco F. del Riego, Álvaro Cunqueiro Mora e Marino Dónega Rozas<sup>22</sup>.

### Xosé María Castroviejo.

Comeza a lista alfabética doutros poetas do Parnaso de Moreiras con Castroviejo, un nome que pode sorprenden a algunha persoa nesta lista. Emporiso, cómpre non esquecer o seu libro poético *Tempo de outono e outros poemas* (1964), obra saudada por Cunqueiro nun interesante artigo do *Faro de Vigo*<sup>23</sup> e que mereceu un posto de atención na selección dos poetas da “Xeración de 1936” de Méndez Ferrín<sup>24</sup>. Non teño a menor dúbida de que Moreiras coñeceu o *Tempo de outono* de Castroviejo, poeta polo que amosa clara simpatía<sup>25</sup> mais non deixa opinións sobre a escrita galega do amigo. Daquela, imos lembrar unha das anécdotas máis simpáticas narrada por Moreiras, a propósito dunha conferencia que Gerardo Diego deu en Vigo na primavera de 1970, á que asistiron, entre outros, o propio Moreiras, Celso Emilio e Castroviejo, os cales se amosaron unánimes no seu comportamento perante o que alí escoitaron:

“O rimeiro Gerardo Diego pasou unha tempada por provincias dando conferencias-recitáis nos centros 'Recreativos'. Ás veces, púñase a tocar un pianoíño. Entón as 'Hijas de María' tendían a orella e choromibaban, ouvindo interpretar Chopin.

Un día de primavera, lémbrome ben, no Centro de Fillos de Vigo puxeron un piano no estrado e unha mesiña con pano bermello e vaso de auga pra o Versificador. Tocaron unha campaña e saiu un home vello e tristeiro, con aire de sacristán, e con voz magoada púxose a falar dos que escribían nas línguas vernáculas porque non se arrichaban a facélo en castelán, ‘donde la mayor concurrencia limita probabilidades de éxito’. Os escritores que estabamos alí ollámonos ademirados uns aos outros, calculando a distancia que nos alonxaba da porta.

---

<sup>22</sup> Pódese ver copia do nomeamento en *Nordés* (III xeira), 17-18 (1992), p. 87. A resposta ó Discurso de Ingreso, titulado “Poesía e realidade”, foi feita por Fernández del Riego.

<sup>23</sup> Á. Cunqueiro, “Tempo de outono”, *Faro de Vigo*, 2-X-1964.

<sup>24</sup> X. L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra. Poesía galega posterior á guerra civil*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984 (2ª ed., 1990), pp. 98-99.

<sup>25</sup> Vede *Follas de vagar*, cit., pp. 116, 156.

O primeiro en sair foi Xosé María Castroviejo, pasando antre a xente ca súa maletiña de coiro marelo, en porfía co horario do barco de Cangas. Ferreiro i eu fumos recuando a modiño deica a porta. E cando o rimeiro Diego púxose ao piano, Laxeiro, que estaba lonxe de nós, fíxonos co brazo o xesto de darlle voltas á manivela dun 'organillo', e nós non podendo conter a risa, botámonos fora" (FV, p. 115 s.).

### **Celso Emilio Ferreiro.**

É recordado sempre de modo semellante ó desta anécdota que acabo de lembrar. Moreiras deixa ver que eran moi bos amigos, que gustaban de pasear e parolar xuntos, sen esquecer algunha nota maliciosa como, por exemplo, sobre as "coñas agres de Ferreiro"<sup>26</sup>. En cambio, non atopei alusións á súa obra.

### **Miguel González Garcés.**

A amizade e confianza entre Moreiras e González Garcés queda probada polo feito seguinte: a comezos de 1970, González Garcés está a preparar unha antoloxía da poesía galega, que publicará en 1974<sup>27</sup> e que ampliará 1976<sup>28</sup> en dous volumes, polo que pon nas mans de Moreiras a escolma que fai, por exemplo, de poemas de María Mariño para pedirlle, con toda probabilidade, a súa opinión.

Mais é nun pequeno artigo publicado en *Grial* de 1978<sup>29</sup> onde Moreiras, en primeiro lugar, pasa revista ás dúas antoloxías da poesía galega feitas por González Garcés. En palabras súas, como era de esperar dun poeta e non dun antólogo sen máis, cualifica a segunda como excelente e definitiva. Despois, entrando xa nunha visión xeral da poesía do propio González Garcés e baseándose en comentarios de practicamente toda a súa escrita galega ata entón publicada (*Balada dos anxos*, 1961; *Poemas a Albertiño*, 1970; *Nas faíscas do soño*, 1972; *Claridade en que a tentas me persigo*, 1977), fai un xuízo absolutamente positivo e gabancioso do poeta coruñés con palabras como estas:

---

<sup>26</sup> Vede *Follas de vagar*, cit., pp. 55, 56, 116.

<sup>27</sup> M. González Garcés, *Poesía gallega contemporánea*, Barcelona, Plaza & Janés, 1974.

<sup>28</sup> M. González Garcés, *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*. *Antología bilingüe con un estudio de Benito Varela Jácome*, La Coruña, Ediciones del Castro, 1976, 2 vols.

<sup>29</sup> E. Moreiras, "A poesía de Miguel González Garcés", *Grial* 60 (1978), pp. 244-246.

“A posibilidade de realización diste feito humán: Miguel González Garcés antólogo definitivo da poesía galega de hoxe, foi doada, tiña que sere, porque o Miguel é, denantes de ren, poeta. A súa obra ten unha tensión constante de depuración expresiva que o leva a atinguir poemas dunha beleza requintada, transparente, lúcida. Pra min, a poesía de Garcés, que tantas vegadas lémbreme á do millor Guillén, do primeiro *Cántico*, está na liña da poesía española do 27 nas súas cualidades esenciais: beleza i eisixencia”. (p. 244)

### **Aquilino Iglesia Alvariño.**

É recordado por Moreiras xunto con Pimentel, Cunqueiro, Pura Vázquez e Fole, na lista dos poetas galegos que colaboraron en *Mensajes de Poesía*, acadando máis tarde renome nas letras patrias<sup>30</sup>. Emporiso, a fonda admiración que sinte por Iglesia Alvariño aparece expresada con moito detalle anos despois, no artigo “As pradelas do mar”<sup>31</sup> (datado en febreiro de 1981), no que analiza o tratamento literario do mar nunha obra fundamental do poeta latinista: *Cómaros verdes*. Vexamos, xa que logo, algunhas das opinións que expresa sobre el, cando xa ían vinte anos da súa morte e xa gozaba do tratamento de clásico que, sen dúbida, merece. Despois de explicar as “dúas mares” que acha en Iglesia Alvariño, a mar galega e a mar clásica, escribe Moreiras:

“Mas non é solo, en Aquilino Iglesia Alvariño, ‘unha mar parada docemente’, nin tampouco a mar latina do riguroso verso, ondas azuis e ouro enleadas na estrofa. Aquilino é, xa se sabe, un prodixioso constructor do verso ben feito, sempre dono das súas verbas. É un poeta forte, un elixido para cincelar, esculcar, caletar no fondo das cousas. A mar, entón, enxergada fondamente, entrega o seu tesouro tráxico, aínda que se remanse e quebre ‘nos milleirás ardentes verdelouros’. O poeta cata e calettra máis aló da forma inxel das cousas...” (p. 33).

### **María Mariño.**

Nunha carta a Luz Pozo Garza, que supoño escrita en 1970, cando Moreiras está escribindo *Follas de vagar*, ó falar dos artistas galegos que van aparecer no libro, precisa: “Hasta ahora han ido desfilan-

---

<sup>30</sup> *Follas de vagar*, cit., p. 48.

<sup>31</sup> E. Moreiras, “As pradelas do mar”, *Nordés II* data 3 (1981), pp. 31-34.

do por el 'Xornal' Fole, Pimentel, Pura Vázquez, Laxeiro (tres veces, por ahora), Otero, María Mariño (de pasada)<sup>32</sup>. Só de pasada, pois, vai falar da poeta de Noia e do Courel, mais paga a pena ler o que di:

"Ven isto a conta porque estiven lendo, con moita atención, a selección de poemas de María Mariño, para a escolma de poesía galega que prepara Garcés.

Mais, pra min, a poesía de Mariño ten un senso pechado en sí mesmo, rachado de mágoa e desacougo que cecais esprique a terrible enfermidade que a destruía. Pasa polo seu verso unha sombra inqueda que o afoga. Pra quen non teña unha sensibilidade 'afin', ista poesía arelante, que volta a sí mesma por escuros camiños interiores, déixao fora do misterio poético". (FV, p. 31 s.)

Supoño, malia que neste momento non podó afirmalo con seguridade, que a selección aludida deben ser os tres poemas "Aquí che deixo, meu peito canso, aquí", "Había que chegar" e "Está caendo a folla i en min nace primavera", que aparecen na antoloxía bilingüe de González Garcés, de 1976, da que xa falei<sup>33</sup>. É curioso que os tres poemas, como indica o antólogo con precisión, pertencen ó libro *Verba que comenza* que, daquela, estaba inédito, e aínda tardaría moitos anos en ser publicado, concretamente en 1990. Daquela, parece seguro que Moreiras sabía da existencia do poemario de María Mariño Carou, *Palabra no tempo*, que fora publicado en Lugo por Ediciones Celta, en 1963, e que, desde logo, tamén o coñecía González Garcés cando fixo o seu breve pero preciso, sempre e aínda agora interesante comentario de presentación da poeta. Paga a pena comparar as palabras breves, algo misteriosas, pero moi suxestivas de Moreiras, con este cachiño do de González Garcés, que sen dúbida coñecía o seu amigo, co que comentaba a escolma de poemas da noísa que estaba a facer:

"Uno de los más hermosos poemas de María Mariño está escrito en la proximidad de la muerte. Hay una contradicción entre la llegada del otoño en la naturaleza y la primavera que en ella parece florecer. Pero lo trágicamente lírico es que su primavera será la de la muerte, y el otoño, que en la naturaleza será anuncio de nuevo florecer, se torna-

---

<sup>32</sup> Nordés (III xeira), 17-18 (1992), p. 50.

<sup>33</sup> M. González Garcés, *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*. *Antología bilingüe con un estudio de Benito Varela Jácome*, La Coruña, Ediciones del Castro, 1976, 2 vols.; María Mariño está no vol. II, pp. 55-67, cunha breve presentación da poeta que aínda agora, no ano 2009, cando pasaron as celebracións do Día das Letras Galegas dedicados á poeta, sorprende polos seus contidos e polos finos xuízos de González Garcés sobre ela.

rá en ella en una primavera íntimamente sentida que terminará, rápidamente, en un definitivo y helado invierno<sup>34</sup>.

Sen que poidamos dispoñer de máis pistas, dá a impresión de que o xuízo de Moreiras sobre a poeta á que no 2007 lle dedicaron o “Día das Letras Galegas”, non debía disentir do favorable, expresado con máis detalle e con máis precisión, do seu amigo Miguel González Garcés. Doutra banda, é bonito comprobar que, xa que ía falar da poeta só “de pasada”, non perdese o tempo en suposicións sobre a súa débeda con respecto a Uxío Novoneyra, tema dabondo vidroso nalgúns autores, do Moreiras non di unha palabra.

### **Rosalía.**

A meirande figura da poesía galega non aparece para nada, por raro que poida semellar, en *Follas de vagar*. Por razóns que sempre serán dubidosas e que eu non ousaría presentar por escrito, dáme a impresión de que Moreiras non tiña unha especial devoción por Rosalía, e, dende logo, tampouco a devoción esaxerada que moitas e moitos sentimos. Emporiso, non é capaz de escapar ó respecto que a Nai da literatura galega moderna merece e impón. De certo, cando Pilar Llorente lle pregunta polos seus poetas preferidos, en *El Ideal Gallego* do 29 de xaneiro de 1978, responde, segundo xa lembrei a propósito de Luís Pimentel: “San Juan de la Cruz, Fray Luis de León, Quevedo, Luis Pimentel, Vicente Aleixandre. De los gallegos, Rosalía y otros”.

¿Mera saída de circunstancias? Penso que non. Mesmo sen esa “devoción esaxerada” da que antes falei, é seguro que un poeta das características de Moreiras non podía ser alleo á categoría humana e poética de Rosalía. Daquela, non pode sorprender que o derradeiro libro de poesía galega de Moreiras acabe con estes versos, que comezan con Rosalía e rematan con Luz:

---

<sup>34</sup> M. González Garcés, *Op. cit.*, p. 56 s.

## MIÑA AMADA

Ollos de Rosalía  
labios de Greta  
peito de Santa Teresa  
maus de Melibea:  
corazón de Luz<sup>35</sup>

Emporiso, de forma menos movida polo arrebatado poético, hai un lugar no que Moreiras deixa ver os seus sentimentos sobre Rosalía. Refírome ó “Limiar” de *Concerto de outono*, de Luz Pozo Garza, onde o profundo e esencial rosalianismo da poeta<sup>36</sup> é recollido en apreciacións como as seguintes e que son igualmente válidas para as dúas escritoras:

“...A Rosalía que Luz antresfoña leva en sí mesma o arcano, as respostas do laberinto, o misterio. Despois de cen anos aínda non é doado resolver o problema esencial do noso ser galego. Luz identifícase con Rosalía, non nas bágoas, sinon na denuncia que ise ser ideal exquisito soupo expresar na queixa do seu destino persoal coma símbolo de dor de existir de todo un pobo<sup>37</sup>”.

### Xohana Torres.

É por casualidade (porque casual é sempre unha ordenación alfabética) que á fin desta lista vaian xuntas Xohana Torres e Pura Vázquez, que, con Luz Pozo Garza (escritora que reservei como colofón de ouro no percorrido polo “Parnaso galego de Eduardo Moreiras”), forman a tríade das grandes poetas galegas nos anos en que escribe *Follas de vagar* e nos sucesivos. Desa tríade, penso que sei o que sentía o vate queirugués pola creación poética de Pura e de Luz. En cambio, paréceme chea de misterio esta alusión a Xohana, obviamente presentada baixo a súa fundamental faceta galeguista e reivin-

---

<sup>35</sup> E. Moreiras, *O libro dos mortos*, cit., p. 129.

<sup>36</sup> Sobre o rosalianismo de Luz Pozo Garza é obra fundamental a de C. Blanco, *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, Ourense, Ediciones Linteo, 2002, esp. pp. 111-158, onde ademais do valor intrínseco do estudo da autora, atópase a mellor bibliografía sobre o tema; tamén eu dixen algo sobre este aspecto fundamental da poesía de Luz en: A. Pociña, “Luz Pozo Garza. *Vida secreta de Rosalía*”, *Anuario de estudos literarios galegos 1996*, Vigo, Galaxia, 1997, pp. 251-254.

<sup>37</sup> L. Pozo Garza, *Concerto de outono*, Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 1981, p. 11.

dicativa, pero sen ningún tipo de consideración desde o punto de vista da estética:

“Vexo a Xohana Torres, cando escribe poesía, rubida a un pene- do, os brazos abertos en cruz, chamando aos galegos pra a asambrea druída na carballeira.

Novelesca Xohana! Invocacións cangadas de urxencia –‘coida- de’, ‘fixádevos’, ‘vede’- salpican o seu verso mentras apunta co dedo á esa liña do horizonte onde raiola o mencer”. (FV, p. 62).

### **Pura Vázquez.**

A admiración de Moreiras pola poesía de Pura Vázquez, ade- mais da amizade que sempre tivo con ela, queda demostrada polo feito de ser unha das catro plumas galegas escollidas para a primeira entrega de *Mensajes de poesía*: Luz Pozo Garza, Luís Pimentel, Eduardo Moreiras, Pura Vázquez e Julio Sigüenza.

Pero hai un texto precioso de *Follas de vagar*, un dos máis bonitos de cantos foron escritos sobre a poeta de Ourense, que creo que poderí- amos subscribir cantos pensamos que Pura Vázquez escribiu moito, cousas mellores e cousas non tan boas, mais na súa escrita abondosa e mesturada áchanse poemas excelsos, moitos dos máis fermosos poemas de toda a historia da literatura galega. Así pensaba Eduardo Moreiras:

“Cando prenden os cachoupos de alciprés na lareira, lémbrome do poema de Pura Vázquez, “Lume”, e marmullo case en sonos:

‘...penso no lume íntimo que aniquila as almas’.

Diviña, insólita Pura Vázquez, tan desigual, descoidada, xenero- sa, ás veces embarullada na silveira das verbas pra acadar sempre unha estrela, un vagalume, acendendo un resprandor de beleza na escurida- de da vida”. (FV, p. 23)

### **Luz Pozo Garza.**

Remato con Luz Pozo Garza, que de toda evidencia é a figura meirande do Parnaso galego de Eduardo Moreiras. A min, cada vez que escribo sobre el, gustaríame evitar entrar en fonduras sobre a pare- lla Luz e Eduardo, porque a inmensa amizade que me une á poeta faime saber cousas que nunca sei se debo contar ou non por escrito. Emporiso, esquecendo antigos dogmas estruturalistas que nunca foron admisibles para un comentario literario feito con seriedade, cómpre recoñecer que nin se pode falar da poesía de Moreiras sen ter

en conta a Luz, nin da poesía de Luz sen ter en conta a Moreiras. E isto vale para toda a poesía de Moreiras, para a escrita en castelán e para a escrita en galego: tocando, moi superficialmente, só esta última:

*A realidade esencial* (1955), leva a dedicatoria impresa, nunha páxina completa, "A os poetas galegos / Luz Pozo Garza e Álvaro Cunqueiro". Eu teño a fortuna de posuír unha fotocopia do volume que dedicou Moreiras a Pozo Garza: "A Luz. / A nosa realidade é a / verdadeira, e temos razón. / Eduardo / Outono, novembro 1955". Pénsese na data, no estado civil do poeta e da poeta, e saque cada quen as conclusións que estime oportunas, tamén para a interpretación dos poemas do libro.

*O libro dos mortos* (1979), derradeiro poemario de Moreiras, leva a dedicatoria impresa, a toda páxina: "A Luz, miña dona".

A primeira entrega de *Mensajes de poesía* (1948) comeza cun poema de Luz Pozo Garza, e se publica, tamén na páxina 2, o seu poema en prosa "La llamada de Dánae". Nunha carta de 20 de agosto de 1948, Eduardo explícalle a Luz o que vai ser e como van funcionar os *Mensajes de poesía*, e no último parágrafo di: "Puedes imaginar que la 'llamada' fue la que despertó en mí el deseo de esta publicación, que seguramente me inquietará y preocupará un poco, pero que puede llegar a ser una cosa muy bella"<sup>38</sup>. No mes seguinte di Luz que se coñeceron persoalmente.

Trinta e tres anos despois, o "Limiar" que escribe Moreiras para o *Concerto de outono* (1981) de Luz, é unha peza fundamental sobre as claves fundamentais da poeta, dende os seus primeiros poemas ata o presente: o amor, o destino trágico do home, a identificación coa nai, a radical liberdade... Hai nestas páxinas unha valoración da calidade poética de Pozo Garza que non é superada pola de ningún outro escritor ou escritora de cantos aparecen na escrita de Moreiras.

Moitos máis datos podían aportarse para demostrar que Luz Pozo Garza é a figura central, a raíña, no Parnaso galego de Eduardo Moreiras, pero non me parece preciso seguir amosando datos que considero innecesarios. Daquela, probablemente pode haber quen se pre-

---

<sup>38</sup> Unha reprodución da carta enteira pode verse en *Nordés* (III xeira), 17-18 (1992), p. 72.



gunte por que razón no documento fundamental da nosa investigación, o xornal *Follas de vagar*, non aparece nunca a poeta. Existe unha explicación e imos dala. Nunha carta de Eduardo a Luz, á que xa aludín a propósito de María Mariño, lemos estas palabras clarificadoras:

“Incluí ya en el ‘diario’ nuestro encuentro en Lugo. Es posible que vuelva a escribir algo más verdadero y desnudo, pero no ahora. Volverás al ‘diario’ varias veces. Te iré retratando a pinceladas largas y amorosas. Pero todo lo que haga sobre tí, lo leerás primero y me dirás si puede incluirse o no”<sup>39</sup>.

Houbo desacordo entre a poeta e o poeta sobre o que estaba escribindo a propósito dela e das relacións entre ambos e, enfadado e eu diría que caprichoso, Moreiras decidiu non incluír na publicación do libro nada do que escribira sobre Luz. Deste modo, quedamos sen parágrafos, quizais páxinas, que sen dúbida serían moi esclarecedores non só sobre a relación amorosa entre eles, senón, de xeito directo, sobre o concepto que tiña da poética da nosa escritora. Sei por Luz Pozo Garza que ela conserva os orixinais dos textos que Moreiras non publicou, mais, como é fácil comprender, non tiveron o atrevemento de pedirlle que nos deixase ler para escribir estas páxinas<sup>40</sup>.


---

<sup>39</sup> En *Nordés* (III xeira), 17-18 (1992), p. 50.

<sup>40</sup> Non entran no concepto de Parnaso, que define o *Diccionario da Real Academia Galega* (Vigo, Xerais e Galaxia, 1997, p. 867) como “O conxunto dos poetas dunha nación, rexión, etc.”, os prosistas Castelao, Feixóo, Fernández del Riego, Fole, García-Sabell, Otero Pedrayo, sobre os que atopamos interesantes observacións na escrita de Eduardo Moreiras. Emporiso, fáltanme datos para asegurar que esta exclusión deba aplicarse a Ánxel Fole: sinala X. Alonso Montero, no seu artigo sobre *Mensajes de Poesía* na *Gran Enciclopedia Galega*: “Hay que destacar la poesía castellana de Luís Pimentel, y mencionar, cuando menos, los poemas de Ánxel Fole, faceta poco conocida de este escritor” (cit., p. 14). Na Tese de doutoramento de María Xosé Pardo-Gil Magadán, *A obra xornalística de Ánxel Fole* (mecnogr., 2002, p. 234), esta rigurosa investigadora lucense recolle tres títulos de Fole publicados en *Mensajes de poesía*: “Canción” e “Visión deleitable” (1-9-1948), e “Don de claridad en las aguas del Miño” (1-1-1949). Daquela, Fole aparecía xa no primeiro número da revista de Moreiras, pero como autor de poemas en castelán. Nestas condicións, penso que é preferible, polo momento, mantelo fóra do “Parnaso galego” de Moreiras. Sen embargo, do inmenso aprecio que tiña polo escritor de Lugo é testemuña segura este texto de *Follas de vagar*: “Fole era un conversador deleitoso. Lémbrome que o periodista Sigüenza díxome unha vez que, cando andaban os grupos da ORGA a parolar polos pobos, a xente ouvía distraidamente aos oradores, mais cando o mozo Fole se puña a falar, os labregos choraban” (*FV*, p. 59).

*Manuel Fernández Rodríguez*

EDUARDO MOREIRAS: POÉTICA  
ENTRE DOUS MUNDOS



Dublin



## EDUARDO MOREIRAS: POÉTICA ENTRE DOUS MUNDOS

*Manuel Fernández Rodríguez*

*Unha flor pode ser somentes  
unha flor  
ou pode ser un xeito de  
segredo  
(Luz Pozo Garza, 2003: 130)*

Non resulta infrecuente no caso das literaturas minoritarias ou minorizadas, como é o caso da galega, que a redución cuantitativa da súa presenza nos panoramas culturais leve aparelhada a imaxe dunha paralela simplificación cualitativa. Non é máis estraño, por outra banda, que dita literatura minorizada remate por asimilar e facer propio o tópico do facilismo co que soe ser presentada e que, nalgunha medida, cando existe algún autor que vén subverter as tendencias maioritarias e representativas do canon, a xerarquía prime sobre a calidade e a altura poética.

O estudo da obra lírica do escritor lugués Eduardo Moreiras (Quiroga, 1914-Vigo, 1991), pola súa altura intelectual e a esixencia á que somete a experiencia poética representa un caso á parte no que son os tópicos e tendencias dominantes en certas liñas da escritura lírica galega. Esta circunstancia revélase sobre todo no que se refire ó tratamento da temática da estranxeiría, que o sitúa no marco dunha das preocupacións máis frecuentadas no pensamento e na escritura creativa contemporáneas occidentais. A reflexión en torno á identidade, a relativización dos conceptos excluíntes no cultural ou no social, a integración multicultural, a natureza proteica da realidade ou a indagación no mundo do misterio son algúns dos vieiros que Moreiras é quen de seguir a través desta temática. A súa vivencia poética do ser estranxeiro lévao, ademais, cara cuestións de corte ideolóxico e estético que o aproximan a experiencias tradicionalmente alleas á cultura galega, como poden ser as extremoorientais, sinal obvio non só da súa amplitude referencial no intelectual, senón tamén do relevo da súa proposta poética.

A nosa proposta para este traballo é facer unha aproximación á modernidade literaria de Moreiras a través desta temática da estranxeiría, que nos levará non só a través dunha vertente política, social ou

ideolóxica da cuestión, senón tamén creativa e estética, imbricadas todas elas nunha experiencia que participa por igual do vital e do estético, entendendo o vital, nunha óptica integral, sempre unido á creación, ó pensamento e á totalidade das facetas humanas.

Deste xeito, como xa propuxemos, Eduardo Moreiras é un autor que, a partir do punto de vista poético e estético, representa unha das aventuras máis esixentes e, ó tempo, persoais da lírica galega contemporánea. A súa achega a esta tradición literaria resúmese en catro poemarios: *A realidade esencial* (1955), *Paisaxe en rocha viva* (1958), *Os nobres carreiros* (1970) e *O libro dos mortos* (1979), que serán os que empregaremos como referencia<sup>1</sup>.

A pesar da presenza constante do autor durante longos anos no panorama literario galego, e da xa mencionada gran calidade poética da súa obra, non parece ser considerado na actualidade na súa xusta medida, como xa opinaba Andrés Pociña (1995). Non é, probablemente, o exíguo da súa obra lírica a razón da desatención actual ou, polo menos, non a única. Pociña insiste na escasa presenza de Moreiras nas historias da literatura galega, no desinterese editorial pola súa produción, que se conserva, aínda hoxe, unicamente nas primeiras edicións, así como na consecvente desatención institucional e intelectual que sofre a súa figura e a súa obra<sup>2</sup>. Para explicar esta situación o crítico propón tres causas posibles, que serían as de índole política, as familiares e as propiamente estéticas ou expresivas. Refírense as primeiras á actitude resistente de Moreiras, situado nunha ideoloxía concienciada e comprometida coa realidade social galega e, en xeral, coa proble-

---

<sup>1</sup> Cabería engadir algúns poemas soltos, tamén en lingua galega, aparecidos, como indica Andrés Pociña (1995: 77) na homenaxe ó autor que lle dedica a revista *Nordés*, no número 17-18, do ano 1992. Tamén en lingua galega habería que mencionar os libros de narracións *Primavera no Lor* (1974) e *Fogo solto* (1976), así como o diario *Follas de vagar. Xornal (1969-1970)* (1972). Moreiras tamén cultivou a lírica en castelán (cfr. Pociña: *Ibid.*) —*El bosque encantado*, de 1947, *Éxtasis*, de 1948 e *Los oficios*, de 1952— se ben dende mediados dos anos 50 cingúese á escritura en galego. Doutra banda, tamén é notable o seu labor de tradutor a ambas linguas.

<sup>2</sup> Hoxe en día pódese comprobar, por exemplo, que Moreiras non figura entre os autores recollidos no directorio web da Biblioteca Virtual Galega (<http://bvg.udc.es>) nin no do Consello da Cultura Galega (<http://www.culturagalega.org/lg3>), que son dúas referencias estándar dentro das novas fontes de documentación. Por outra banda, ata onde coñecemos, Moreiras só foi incluído nun volume antolóxico colectivo (González Garcés, 1974). Para rematar, a súa obra poética galega segue sen ter unha reedición, e mesmo o seu primeiro libro, *A realidade esencial*, resulta ilocalizable na actualidade nas bibliotecas galegas.

mática humana, malia que, estritamente falando, non sería adecuado cualificar a súa poesía de comprometida ou política. Neste sentido, poderíamos falar dun tipo de estranxeiría ideolóxica consciente e activa, que convertería a Moreiras nun resistente. As cuestións familiares, que mellor deberíamos cualificar de sociais, refírense á relación amorosa que Moreiras inicia coa tamén poeta Luz Pozo Garza mentres aínda ambos estaban casados nos seus respectivos matrimonios, a finais dos anos 40<sup>3</sup>. En todo caso, esta circunstancia vital sérvenos para sinalar unha profunda e continua fidelidade poética en Moreiras, como é a da presenza da temática amorosa e das referencias a Luz Pozo, presentes en todos os seus poemarios, o cal tamén nos facilita definir a Moreiras como un estranxeiro nun sentido amoroso.

Tendo en conta que estas dúas circunstancias mencionadas non parecen xustificar —polo menos non totalmente— a postergación literaria de Moreiras na actualidade, quizais sexa necesario considerar a terceira como a que máis vixencia e relevancia teña á hora de explicar este extremo. Referímonos á escuridade expresiva e de contido, á dificultade esencial dos seus poemas, que Andrés Pociña (1995: 78) considerou como propia e característica da obra poética do autor lucense. Este crítico fundamenta esa dificultade na amplísima cultura literaria e filosófica do escritor de Quiroga, sempre presente na conformación da súa obra, pero tamén nunha dificultade esencial que provén dunha esixencia previa no que fai á consideración da obra artística; é dicir, Moreiras caería de cheo dentro do conxunto de autores que pretender ir, expresiva e conceptualmente, máis alá dos tópicos tradicionais da lírica galaica, exactamente na liña ou tradición profunda da poesía que nos propoñemos seguir como manifestación do sentimento de estranxeiría. Neste sentido, efectivamente, a dificultade de Moreiras contrastaría co popularismo tradicional galaico, eixe da cultura lírica ortodoxa galega, pero tamén, vista a cuestión nun plano sincrónico, coa tendencia ó “facilismo” propugnado pola poesía realista e de ton social, que se fará dominante un pouco despois da época en que Moreiras comeza a publicar en galego, durante os anos sesenta. Deste xeito, o hermetismo conceptual e expresivo do autor ben podería ter sido interpretado como un afastamento das preocupacións sociais e culturais dominantes na cultura galega, malia que, como xa queda dito, o

---

<sup>3</sup> Sobre a relación amorosa entre Moreiras e Luz Pozo Garza, en particular no relativo á influencia na obra da poeta, *vid.* Blanco (1996).

escritor de Quiroga sempre se mostrou aberta e dialecticamente comprometido coas reivindicacións de índole galeguista. O máis rechamante, en calquera caso, é que o cripticismo de Moreiras determina unha desatención non só á súa obra, senón tamén á súa figura; en ambas dimensións debe ser, pois, reivindicado.

Non cabe dúbida de que a esixencia coa que Moreiras fai xermolar a súa obra é a que o conduce ó gueto da marxinação literaria. Cúmprese, así, nel, a máxima que se refire á necesidade dunha escuridade expresiva que faga desistir ós non iniciados, unha dificultade previa —oposta á aparente accesibilidade propia doutros autores— que non permita o equívoco de considerar comprensible o que en realidade non o é: o que é absolutamente escuro non engana, revela a súa distancia e alteridade e disuade de interpretacións á lixeira. Por suposto, cabería facer varios matices neste sentido; en primeiro lugar, a dificultade de Moreiras é relativa, non absoluta e pechada, e refírese, fundamentalmente, ó contraste que se podería establecer con certas liñas poéticas dominantes. Doutra banda, é evidente que se trata dun hermetismo esencial e necesario, non dun recurso ou un capricho elitista do autor: a súa profunda e íntima busca das realidades esenciais empeza, antes que nada, polas que se refiren á linguaxe, á súa propia expresión.

En calquera caso, o que si resulta evidente é que tanto a obra como a figura intelectual do autor seguen sen ser rescatadas ou aceptadas pola cultura galega actual. Poderíase entender, por pór un exemplo, que nos achamos diante dun caso parcialmente diferente ó que representa María Mariño, posto que, se o valor literario da obra da poeta de Noia —a quen se dedicou o Día das Letras Galegas de 2007— foi relativizado no seu momento polos seus supostos defectos, pola súa pobreza<sup>4</sup>, no caso de Moreiras o distanciamento prodúcese por exceso, por ter situado a lírica galaica nunhas coordenadas referenciais inéditas, innovadoras. De aí a raíz estranxeirizante da súa obra, é dicir, o seu individualismo, que non é resultado da súa poesía, senón máis ben causa e orixe da mesma.

Pasando a unha perspectiva de análise inmanente, é evidente que a estranxeiría de Moreiras se recoñece non só nos seus condicionamentos persoais e vitais, senón tamén na formulación propiamente

---

<sup>4</sup> Cfr. Blanco, 1989 e 1991.

literaria e intelectual da súa obra, caracterizada por unha constante busca da esencialidade das cousas e das realidades, como xa indica o título do seu primeiro poemario en galego. Neste sentido, Eduardo Moreiras posúe unha concepción transcendente do mundo e, polo tanto, da poesía, entrementes que esta non é senón un instrumento de coñecemento privilexiado do mundo. A busca dun Máis Alá concréta-se, no seu caso, na persecución ansiosa dunha forma pura e permanente da realidade, depurando e estilizando a percepción dos obxectos continxentes, que translucen a forma orixinaria, unitaria e non dialóxica dos mesmos. Así o manifesta o propio autor na introdución a *Paisaxe en rocha viva*, referíndose ó valor hermenéutico da poesía: “E váise deprendendo a coñecer e amar no profundo das cousas, mais alá do escintileo doado das imaxes e das verbas vanas, belidas e inútiles” (1958: 10). Por suposto, como xa adiantamos, trátase dunha formulación netamente ideolóxica e, incluso máis, filosófica; non obstante, non é unha cuestión de ortodoxia racional perfectamente planificada, senón dunha teoría en todo caso deducida dunha experiencia vital, dun xeito específico do coñecemento que achega a Moreiras ás consideracións relixiosas esotéricas e místicas propias do estranxeiro ontolóxico que considera que o seu reino non pertence ó mundo continxente.

Este achegamento transcendente á outra beira da realidade realízao Moreiras alomenos en dúas direccións. A primeira, de tipo externo e social, materialízase de dous xeitos posibles, intimamente relacionados. En primeiro lugar, mediante un achegamento á realidade social, particularmente á galega. Trátase dunha busca dunha identidade colectiva que parece negada no presente e que, en definitiva, é a que leva ó poeta ás orixes do mundo cultural e social galego, indisociadas nesta etapa xerminar e case mítica, das do resto da humanidade. Esta temática compróbase con particular intensidade na segunda e terceira partes de *Os nobres carreiros*<sup>5</sup>. Así, por exemplo, o poeta refírese en máis dunha ocasión á raza antiga, mítica e perdida da que se sente proceder. En “Rozando toxo” representa a dureza da vida do pobo galego e a súa capacidade para madurar a dor e o cansazo mentres interroga ó ceo: “Un pobo probe e místico / deitado na raíz da vida / soña en sombra

---

<sup>5</sup> Non obstante, en tanto que formulación persoal do autor, todo o exposto é recoñecible xa nos seus primeiros poemarios; así, na mencionada introdución a *Paisaxe en rocha viva*, o poeta declara a súa fidelidade á alma galega —deberemos entender á “esencia” desa alma—, xurdida nunha paisaxe de ascese: “Eu, xa vai dito, non aceito a beleza sin raizame, sin un pobo no trasfondo que latexe de consún ca obra creada” (1958: 9).



cara o ceo" (59). Máis evidente aínda é "Meu eido", no que o poeta describe a paisaxe natural que o rodea e que lle fai evocar a presenza desa raza antiga mergullada: "Meu ben é unha verba / tépeda nos beizos labregos, / mentras o corazón sinte / o fondo latexar da raza anterga / niste ermo sen amor" (65). Case no mesmo sentido podemos ler nun dos textos de *O libro dos mortos*: "Os deuses que habitaron un día / iste fermoso manantío verdecente / (...) / Aínda están as pegadas diviñas / nos vieiros por iles tracexados / (...) / Mas, quén poderá falar do tempo pasado / sen anguria e piedade polos homes / que amaron aquiles alados seres!" (15). Un último exemplo que aduciremos é "Lembrando outuras", de *Paisaxe en rocha viva*, onde o poeta se concibe quizais como o último exemplo da antiga raza: "Cecais soio acenos / derradeiro fillo dun pobo antergo / e canten por ti os labres onde bebe / doce bágoa o silencio da liberdade morta" (28).

É evidente que Moreiras considera o mundo galego máis inmediato e directo como un resultado deturpado e afastado do orixinal mítico, co cal poderíamos dicir que establece unha especie de estranxeiría colectiva da raza, a realidade dun pobo desposuído de si mesmo. Tal é o que lemos en "Galizia ano zero", de *Os nobres carreiros*, no que se asegura que "Daquil pobo que un día / foi sorriso de amor / no colo da terra namorada, / (...) / xa non queda nada" (79). A dimensión social, política e histórica que o tema da desaparición dun pobo pode ter maniféstase a seguir ó asegurar o poeta que foron "Xentes alleas, envexosas" as que alteraron a realidade e a confundiron: "trabucaron os nomes enxebres / i as sinales das rutas" (79). Non obstante, esta lectura crítica a partir do punto de vista social vese atenuada polas consideracións míticas e filosóficas do poeta, que entende que ese pobo antigo, finalmente, atopa a súa máis perfecta manifestación na súa desaparición, na súa extinción, convertido, así, nun pobo aniquilado estranxeiro en si mesmo e, polo tanto, como obxecto esencial da busca do poeta: "Agora, sen historia, ceibe / ó fin, camiña nas escumas / da outra orela sen tempo. // I o ceo, caladiño, resprandece" (80)<sup>6</sup>. Atopamos, así, un

---

<sup>6</sup> Non cabe dúbida de que, ata certo punto, subxace nesta concepción a idea romántica do nomadismo do pobo galego, fundamental, por exemplo, na elaboración do mitema colectivo decimonónico das orixes célticas de Galicia. Doutra banda, esta reflexión sobre a esencia perdida dos galegos é unha constante no poema de Moreiras, como se comproba noutros textos, como "Picariño rei", no que se relata a saída para Europa dun neno rei, que vén simbolizar esa esencia perdida: "O destino da raza / deixou un resprandor tremelante / no ramaxe, un pó de luz / de estrela a estrela // hastra esvairse e desaparecer" (56).

principio que volveremos recoñecer noutras consideracións de Moreiras sobre a esencialidade das cousas, o da destrución ou desaparición como paso previo e necesario para a manifestación da esencia transcendente da realidade. Aplicada á sociedade e á cultura galega, é evidente que esta actitude podería ter enxendrado susceptibilidades no sector cultural galeguista da época, posto que o concepto de nación ou país de Moreiras parece ser bastante vago, ambiguo e antitradicional. Un bo exemplo, neste sentido, é o que ofrece o poema “Galicia”, de *O libro dos mortos*, no que se realiza unha definición de país ou nación no sentido que propuxemos: “É posible que os camiños se crucen / coma espadas; e o que ti pensas país / eu atine nación desvencellada / coa sombra das áas na fraga verde” (116).

Pese ó carácter intelectualizante das consideracións do poeta, nalgunhas ocasións tamén podemos atopar algunhas figuras que fan referencia ó núcleo simbólico da estranxeiría, é dicir, exemplos de personaxes que se atopan, por razóns diversas, nas marxas sociais e que representan, polo tanto, o sentimento de non pertenza a un lugar ou a un tempo, que presentamos como propio desta temática. Así, por exemplo, en *Os nobres carreiros*, deberíamos facer referencia ós poemas “Pranto por unha perdida”, “Era foraño”, “Cantiga pra non chorar” e “A unha muller aforcada nun cortello”<sup>7</sup>. O primeiro e o último teñen por protagonista a unha muller, elección que, xa de por si, supón unha actitude reivindicativa fronte ós roles sociais androcéntricos; nun caso trátase dunha lapidación, realizada por vellas, homes, cegos e xuíces, dunha muller; represéntase, por suposto, a intolerancia e o rexeitamento da diferenza, así como a perversión da mensaxe de fraternidade do cristianismo, posto que se declara, intertextualizando a frase evanxélica: “Ninguén sabía certo / que ofrecía nos labios / o corazón sensitivo da vida. / Ela decía, ‘eu son a vida’” (45). Finalmente, recórrase ó motivo do enterramento solitario para facer referencia á soidade e á estranxeiría extrema da protagonista, reducida finalmente e

---

<sup>7</sup> Loxicamente, tamén están presentes noutros poemarios; así, por exemplo, en *Paisaxe en rocha viva*, o poema “Os desesperados” representa un prototipo social e ideolóxico de seres que se caracterizan, segundo o poeta, por estar condenados a “destruír o traballo do amor / acumulado, e desartellar os nós da vida / nas antigas cóleras e choros” (18). Igualmente, en “A forza segreda”, o poeta declárase pertencente a este grupo dos desesperados ou, por mellor dicir, dos que se manifestan fronte á realidade soamente coa súa inocencia orixinaria: “póño-me a descoñecerme / para que a vosa debilidade, / o voso pranto tinguído de esperanza / seña a miña úneca razón de vivir” (26).

para sempre á terra de ninguén. No segundo poema retrátase a unha muller atrapada pola soidade e a miseria —“Vivir sin amor entolece. / É triste cousa / adocer na arela / sen acougo, sen esperanza”— que acaba por suicidarse; representa, doutra banda, ademais da soidade, a ausencia de resposta, a falta dunha identificación co mundo presente e inmediato e o presentimento dunha realidade transcendente máis afastada: “A súa vida misere / foi vóo por terra allea / (...) / eu vexo lonxe os prados / bretemosos alborexar / e un carreiro / que se perde no infindo” (54). No segundo poema citado, “Era foraño”, a estranxeiría percíbese xa a partir do título; neste caso o protagonista é un home, prototipo de estranxeiro chegado de ningures e que amence morto na praza dunha vila que resulta ser a vila da orixe, aquela que el soñaba ou buscaba: “¿Quién será? ¿De ónde ven? / Rachóuno a loita terra adiante / e rematou alí, / na praza dun pobo soñado / onde xogara de neno”. Como ocorría nos casos anteriores, tamén a morte, o final, a destrución e o finar espido resultan ser as manifestacións máximas da verdadeira identidade, o recoñecemento do eu individual na apertura máxima que é a morte: “Agora xa é o que quixo ser / e para sempre: un Cristo núo / e puro, / xusticiado a morte / lonxe da terra que soñou no amor” (48). Finalmente, en “Cantiga para non chorar” atopamos unha reflexión sobre a inxustiza, que ataca ós soñadores, é dicir, ós estranxeiros que perseguen a súa propia transcendencia, entendida como unha aspiración interna: “A razón de vivir, as razóns para soñar / abundan na terra en soidade. / (...) / Pois de ensonos e traballos do corazón / cativo, soio queda isto, certo: // unha fontela sin auga, un paxaro morto, / unha rúa silandeira no pobo abandonado” (49-50). Non cabe dúbida, pois, de que en todos eles achamos a idea da destrución e o acabamento como principio previo a todo acto de estranxeiría, como anulación da identidade particular continxente que a cada individuo lle impón a realidade a favor dun non ser abstracto ou dun ser colectivo, non dual e transcendente<sup>8</sup>.

O regreso ás orixes míticas da raza ó que nos referimos anteriormente tamén o atopamos no terreo da natureza, que é a segunda direc-

---

<sup>8</sup> No mesmo sentido poderíanse citar os poemas “A cadeira valeira ó pé do monte”, ou o xa tratado “Rozando toxo”. No primeiro contrástase unha paisaxe bucólica idílica coa presenza dun cárcere —“érguese, escura, a cadea / coma unha aldraxe vida” (52)— simbolizando de maneira metafórica ou literal o sentido da prisión da realidade que é preciso romper. Tamén duns cárceres, prisioneiros e liberdade trata o poema “A cadea na que vivo”, de *O libros dos mortos*.

ción na que o poeta se achega á transcendencia social ou colectiva. Loxicamente, a cosmogonía sui generis do mundo galego ten enormes concomitancias e puntos de contacto co relato evocativo das orixes e destrución do pobo ou a raza, posto que, en grande medida, a esencia étnica galega fundaméntase nas súas relacións coa natureza e, precisamente, é a través da natureza como se manifesta en ocasións. Neste sentido, podemos falar de epifanía desa realidade, é dicir, da súa revelación súbita ós ollos do poeta en forma de misterio, música, cor, etc. Así, por exemplo, en “Hoxe non”, primeiro dos poemas de *Os nobres carreiros*, lemos: “Hoxe rube da terra / unha música doce. // Todos a escoitan xurdir / do centro en chamas” (11). Case de maneira exacta, en “Indra” a natureza tamén se presinte, se ben non chega a verse nunca: “Escintila a coroa de luz / de Indra / nos piñeiros da serán / (...) / mais eu non vexo a Indra!” (13). En xeral, pódese dicir que as aparicións naturais deste poemario se inscriben nunha especie de panteísmo transcendente de base budista que confirma a interpretación proposta; en efecto, un dos eixes filosóficos que manexa Moreiras refírese ó concepto budista do Amida Buda, símbolo personificado da unidade sen forma que nos rodea e penetra e que, en definitiva, é a sorte de transcendencia natural que persegue o poeta<sup>9</sup>. A súa actitude perante esta revelación é tamén moi significativa, xa que se trata do chamado polo budismo zen *wu-wei* ou contemplación pasiva, unha especie de ascese na que se constata o coñecemento ou saber de quietude, así chamado dentro da tradición mística cristiá occidental. Neste sentido, é a realidade a que actúa sobre o ánimo do poeta e se lle revela<sup>10</sup>, mentres el permanece pasivo como unha tea opaca que filtra a emanación do universo.

---

<sup>9</sup> No poemario citado hai innumerables referencias e intertextualizacións budistas, basicamente da rama mahayana da devandita filosofía; a partir do título, que se refire ás catro revelacións do Buda (o mundo é dor, a causa da dor é o desexo, suprimir o desexo é suprimir a dor e o carreiro óctuplo, que se refire ós camiños para conseguir este obxectivo terceiro: comprender, pensar, dicir, facer, existir, esforzarse, atender e concentrarse xustos ou rectos), ata alusións a Indra —Rei celestial—, Avalokitesvara —representación da compaixón infinita ou do salvador celestial—, Buda Rupa —manifestación histórica de Buda ou Bhodissatva—, Amida Buda, etc. Unha análise propiamente filosófica e intertextual destas referencias escapa ó obxectivo do presente traballo, pero é imprescindible ter en conta certos conceptos xerais para comprender a formulación teórica de Moreiras.

<sup>10</sup> No poema “Emanación, I”, de *O libro dos mortos*, de título significativo, os obxectos comezan a actuar e a manifestar a súa transcendencia sen que o poeta interveña para nada: “Non hai cousas inertes: de súpeto / pónense a latexar, mover, chamar, / miudas homil-des cousas esquecidas / teñen brisas de amor enfeitizado. // Pódese verificar: o misterio do río (...)” (104).

Esta posición cognoscitiva cualitativamente distinta á que é propia da tradición hermenéutica occidental complétase coa idea da vida como camiño, tamén de procedencia oriental<sup>11</sup> pero neste caso tamén presente nas vías ideolóxicas occidentais. Así, por exemplo, en “A fontela pura”, poema de forma tradicional e popular, o poeta glosa, a modo de *serranilla*, a súa perda na montaña en busca do camiño da fonte pura, é dicir, da orixe: “Vindo pola serra / na noite nevada / perdín o camiño / ouh, miña amada!” (35); só a luz —substantivo de aparición reiterada na poesía de Moreiras, con evidentes dobres sentidos— será capaz de orientar o seu camiño e, en definitiva, de orientalo a recuperar a unidade perdida, neste caso, co mundo natural: “Non podo vivir / co corazón perdido. // Luz que vés / antre ponlas núa, / lévame ó camiño / da fontela pura” (36). Un caso quizais máis evidente desta actitude contemplativa á que nos referimos é o poema “Ascesis”, de *Os nobres carreiros*, no que o poeta declara a súa intención de destruír e esquecer a realidade natural para así acadar a máis pura das súas manifestacións: “Endexamáis. / Non voltar ao misterio / da raíz na terra removida, / nin sentir ledicia recreando / formas de vida. / Deixar a luz que morra. // Ser ár en rumor de follas, / auga queda: imaxe do silencio / puro. E así, esquecer” (92)<sup>12</sup>.

Outro símbolo de reiteradas aparicións é o do centro, tamén co valor de orixe e de punto inmóbil, unitario e, polo tanto, perfecto. Así, en “O centro raiolante”, emprégase para referirse á percepción transcendente da realidade natural, na que a alma perdida acaba por atopar, nunha especie de vía unitiva mística, a unidade perdida, a reconciliación coa orixe: “No espacio azul, nidio, / redondo, en pura chama, / o centro fica inmóvil / recollendo a música do ceo. // Xurden do corazón da terra / hourizontes soñados, / camiños en ondas verde-

---

<sup>11</sup> Como exemplo servirían os catro nobres carreiros ou camiños budistas, pero tamén o Tao-Tê-King taoísta de Lao Tse, entre outras posibilidades.

<sup>12</sup> No poema “A bordo do Kerisnel”, de *O libro dos mortos*, exprésase unha despedida da terra galega, postergada ó momento da súa destrución ou anulación, neste caso cando as dualidades representadas polo ceo e o mar desaparezan: “Voltarei cando sexan / os esponsais do teu novo destino / azul / de ceo e mar fundidos” (11). Tamén nos restantes poemarios atopamos a mesma concepción ascética, purgativa e destrutiva do coñecemento da realidade mediante a súa superación; por exemplo, no caso de *Paisaxe en rocha viva*, “Lembrando outuras” di: “E para ollar craro habería que soltar / os fios da materia que aprisionan” (28) e “Anguria” declara: “Endexamais poderemos catar o misterio / sen desfacer en pó o tesouro da tarde” (32) e “Voces lonxanas”, nunha imaxe clarificadora, expón: “Ouh! Sempre inquedaanza e door / para arrincar do ser / as roseiras engañosas da vida!” (30).

centes / (...) / Non. Non hai fin nin tebra, / nin esmola. Soio fluente / fusión da ialma apaixonada" (37-38).

Numerosas son, en definitiva, as alusións a diversos elementos naturais a través dos que o poeta atopa unha vía de comunicación coa transcendencia, habitualmente a través do motivo do sono. Así, por exemplo, en "Coma un sono", "Agarda" ou "Regatos", de *Os nobres carreiros*, atopamos referencias ás augas que flúen soñando coa súa orixe: "Deus, un día, / abríu gornas de luz / nista montaña galega // e ficou saudoso, / a soñar" (77), "Augas do río que van soñando / mágoas da vida, / tamén levan os ceos de vran" (83), "Regueiro de augas frías / antre penedos: no prado / ¿qué soñará?" (85). Tamén pode ser o sono unha vía de reincorporación ou de agregación ó lugar orixinario e, polo tanto, de fuxida da prisión da realidade, como comprobamos en "Rumoroso sono" de *Paisaxe en rocha viva*.

A outra grande vía de achegamento de Moreiras á transcendencia da realidade sería de tipo interno e persoal, e concretaríase a través do sentimento amoroso. En efecto, como xa quedou explicado, o poeta de Quiroga é, fundamentalmente, un namorado, o cal acaba por convertelo tamén nunha sorte de estranxeiro. O amor que expresa Moreiras non é, no esencial, unha formulación distinta da transcendencia natural e social que vimos ata o momento; as súas consideracións refírense tamén á chegada dos amantes ó infinito e á eliminación da individualidade no amor —*anatta* budista ou non-eu—; en consecuencia, no amor tamén se considera a idea da busca da unidade perdida, o camiño orientado a ese fin, a luz como manifestación da transcendencia, a revelación ou epifanía da mesma, o concepto de centro, etc.

Todos os poemarios de Moreiras, como lembra Andrés Pociña, teñen un transfondo relativo á relación coa poeta Luz Pozo Garza. O sentimento amoroso que se manifesta na súa lírica mantén as constantes mencionadas con anterioridade, pero tamén é relevante o feito de que existe unha persecución incesante dunha depuración ou dunha máis pura manifestación do mesmo e, en distintas medidas, o amor pasa tamén por unha destrución positiva que será a que permita acceder ó amor puro. Se nos primeiros poemarios, *A realidade esencial* e *Paisaxe en rocha viva*, o amor presentábase limitado e obstaculizado pola realidade inmediata (cfr. Pociña, 1995: 85), nos dous últimos, *Os nobres carreiros* e *O libro dos mortos*, asóciase a unha experiencia case mística e transcendentalizada, vinculada á vivencia da natureza e do

mundo social galego. Se a dificultade que se salva, e que debe ser destruída no primeiro caso, é de tipo externo, no segundo sería xa xerada polo amor mesmo.

*Os nobres carreiros* representa un tipo de amor-salvación perseguido polo poeta e identificado coa paixón infinita e a ilimitada unidade do Avalokitesvara ou o Buda Rupa budistas<sup>13</sup>, de modo que se pode dicir que a ascese contemplativa de Moreiras é fundamentalmente amorosa. Así o comprobamos, por exemplo, en “Bhodisattva”, que dá conta dun soño amoroso, é dicir, transcendente —“Ouh, que beizos fermosos / no meu sono!”— que é o responsable da curación espiritual do poeta, pero tamén da súa destrución, é dicir, da súa consumación máxima: “Cando a anguria estrelece / coma un paxaro negro / o corazón tristeiro / (...) / eu penso en ti, deitado / no bosque do meu sono / hastra finar de amor” (21-22)<sup>14</sup>. Evidentemente, represéntase a idea de que a chegada a ese Infinito do amor implica a eliminación da continxencia da realidade, da distinción entre o ti e o eu, e o retorno á unidade esencial do mundo e tamén dos amantes.

*O libro dos mortos*, pola súa banda, constitúe na súa totalidade unha apaixonante viaxe amorosa, entreverada con consideracións máis xerais. Como indica Pociña, trátase dunha metáfora continua situada nun ambiente exipcio (1995: 94)<sup>15</sup>, o cal é válido, sobre todo, para unha serie de fragmentos en prosa poética, entreverados con poemas máis heteroxéneos que, en efecto, constrúen unha historia amorosa liñal e presentada baixo o punto de vista de cada un dos seus dous

---

<sup>13</sup> O Avalokitesvara é un dos bodhisattvas ou personificacións dos atributos do Buda histórico; representa a paixón e a salvación. O termo Rupa designa a forma, o corpo, o aspecto material e, daquela, estaría relacionado, no caso de Moreiras, coa corporeidade amorosa transcendente.

<sup>14</sup> Moi semellante é a formulación do poema “Amida Buda”: “Coma iste Amida Buda / eu véxote / no meu sono: / (...) / eu son / unha oración / ó Infinito Iluminado / na noite da vida // i o corazón morre a cotío / de amor por ti.” (25-26).

<sup>15</sup> En efecto, o título da obra refírese ó libro de sortilexios do Reino Antigo de Exipto, cuxa función orixinal era a de facilitar ós defuntos o camiño para o Máis Alá e a de superar o xuízo de Osiris. O mesmo carácter místico e esotérico tería o homónimo *Libro tibetano dos mortos*. O ambiente, en todo caso, é exipcio e, en grande medida, trátase dunha reelaboración da historia mítica do amor entre Isis e Osiris. Cabería aclarar brevemente, neste punto, que esta sorte de culturalismo de Moreiras non é de base fantástica e evasiva como o que se podería indicar no caso doutros escritores galegos, singularmente Álvaro Cunqueiro; as súas fontes non son tan literarias como relixiosas ou místicas, e a súa intención é, precisamente, hermenéutica, de entrada na materia, non de evasión da mesma.

protagonistas. Nela, toda a mitoloxía exipcia está ó servizo dunha lectura transcendente desa historia amorosa que se desenvolve nunha casa-cámara fúnebre, representación do centro mítico e místico, sorte de mandala arquitectónico. Ese casal ou cámara ben podería entenderse como o Castelo das mitoloxías nórdicas europeas, particularmente da céltica —ou tamén das místicas occidentais—. A el achéganse os cabaleiros andantes, que pasan de longo ou se perden, posto que é transparente e invisible; só o cabaleiro escollido será capaz de entrar e penetrar nos seus segredos. A devandita interpretación é a que se constata no fragmento número 56, que dá conta de dúas vías posibles para chegar ó sepulcro; o Falcón-viaxeiro espera a fixación “da cidade en pedra para ter o valor de asumir a forma soñada” (68), e o obxectivo deste viaxeiro é o de destruír o amor: “estaba posuído por unha idea fixa: destruír o amor” (69), que é tanto como destruír á amada. En efecto, toda a relación concrétese nun continuo intento por parte do amante de destruír o amor ou de ser destruído corporeamente, pola amada, torado como, en definitiva, fora torado Osiris, logo reconstruído por Isis. Perséguese con todo iso o baleiro non creado, é dicir, o espazo propiciatorio inicial ou a unidade esencial, onde as dualidades do ti e do eu non existen —“Despóis entrou na vastedade valeira non creada onde o tempo non conta nin onte nin mañán” (109)—, que se consegue mediante un proceso de esencialización; neste caso, Moreiras exprésao co símbolo do río profundo “que xungue o ser vivo á inmorrente capacidade de existir nunha realidade máis fonda” (122), que vén ser o fío que dá continuidade á existencia real respecto da transcendente, o que permanece despois da destrución. De aí que se fale dunha vida que é dobre, xa que é suma da real e a esencial: “atinei co teu reino máxico onde dobremente vives” (122).

Por suposto, toda esta concepción destrutiva e inmanente do amor, aparentemente tan allea á conciencia occidental, pero realmente próxima ó “odio e amo” clásico, aparece no resto do poemario, na marxe da historia central á que acabamos de referirnos, indicando a necesidade de depurar e esencializar ese sentimento destruindo ó outro e deixándose destruír; ese sentido ten a afirmación do poema 45 de *O libros dos mortos*: “ti e min somos UNIDADE, temos ambos dous o mesmo sangue espritoal predestinada polo fado para a nosa irremediabel destrución” (57). Represéntase, pois, unha concepción do amor, da vida e da realidade entre dous mundos, unha dialéctica da permanencia do esencial e a mutación constante do continxente.



Evidentemente, esta situación xera o sentimento de soidade e de non pertenza ó mundo ó que nos referimos, ó mesmo tempo que permite unha reivindicación da esencia do propio: estar e non estar, como a espiral que permanece xirando sobre o seu centro inmóbil pero sempre diferente a si mesma<sup>16</sup>. Nalgúns casos, as expresións neste sentido son evidentes; así ocorre co poema autorretrato do mesmo poemario: “Para facer o autorretrato / abonda a espada núa / (...) / Que apodreza o seu rastro / na pureza da terra montesía. // ¿Soitario? Asegún. Estou / no meu pobo ancorado” (8). É Moreiras un poeta estranxeiro que reflexiona sobre o sentido do exilio e, sobre todo, sobre os restos, visibles ou invisibles, das orixes que evidencian a súa condición. Precisamente, nun dos poemas que levan o título de “Eisilio”, o poeta expón que “o que bule é unha pinga perdida / de moi lonxe” (27)<sup>17</sup>, unha simple pinga pertencente ás orixes perdidas é a única vía de acceso ás mesmas. Trátase dun acceso, evidentemente, indirecto, realizado fragmentaria e parcialmente, por tanto nunha escuridade total, como o do protagonista de “O arquero cego”<sup>18</sup>: “Palpo cousas que endexamáis verei / son cego / puxen a miña fé, / e espranza millor, / nos ceos fuxidíos onde os deuses / deixaron feliz sombra inocente” (14). A oblicuidade de Moreiras está, en moitas ocasións, fundamentada na súa impredecibilidade; non é un poeta de pensamento rectilíneo, agardable, e polo tanto non pode presentar propostas tradicionais; porque el, como o protagonista da historia de amor de *O libro dos mortos*, desafía a realidade presente, destrúea e destrúese con ela para posuíla na súa forma máis elevada: “ninguén desafiou tanto o destino

---

<sup>16</sup> Cfr. os poemas titulados “Espirál”, de *O libro dos mortos*.

<sup>17</sup> O descrito respecto do amor, a natureza e o mundo galego serve, evidentemente, para a concepción poética de Moreiras; de feito, outro dos poemas que se refire no seu título ó exilio, de *O libros dos mortos*, “Eisilio, II”, fala da escritura como un exercicio de destrución da realidade, un forzamento do sentido oculto das palabras, da súa transcendencia primixenia: “Tal vez será preciso danar, / ferir sen temperanza / o poema, / arrincalo sen paixón do cerco, / trocalo en tebra” (35). Igualmente ocorre en “O poder da verba”, comparando as palabras con instrumentos de corte ou ruptura, cos que se pode acceder ó misterio: “con elas pódese desfacer o pó / e construír, / son a chave do enigma, / a crave do símbolo” (37). A concepción poética de Moreiras é netamente materialista ou máterica, nalgúns casos incluso corpórea: “a poesía xurde nos collós, aniña no bandullo, espalla a súa luz no peito cinguido coa rede citilante (...) a poesía sempre quere materializarse, pois a materia é a derradeira redución a que chega a exploración do ideal” (56).

<sup>18</sup> Como é ben sabido, a figura do arquero procede da simboloxía budista zen, empregado como motivo de reflexión en torno á realidade menos visible que queda capturada no tiro. A arquería é un dos camiños —*Do*— seguidos para acadar o inefable, a través da disolución da identidade, de xeito que o arquero é a un tempo tirador e branco da diana, é dicir, representa o principio e a fin: o centro.

coma il, porque fixo ao revés de todos: esnaquizando e destruindo o amor no seu intre mais fermoso” (69).

Poderíamos dicir que, en boa media, a poesía de Moreiras reflicte unha concepción pesimista do mundo e da vida. Non é raro atopar poemas onde se fai referencia ás prisións —reais ou metafóricas, na tradición ascética e incluso existencialista—, ós xuízos e ós xuíces e, sobre todo, á condena vital. Así, por exemplo, en “Xuízo sumarísimo” de *O libro dos mortos*, os xuíces falsean as contas da vida para que a sentenza resultase condenatoria: “trabucaban as contas embrulladas // había que facer trampas / para que as contas casasen // e dispoñer daquil ser inocente” (109); igualmente, no poema 100 do mesmo libro, os xuíces e o chacal coa balanza sopesan os méritos e deméritos do morto, indo o fiel para a beira das maldicións á vida: “mais o fidel caía axiña para a banda dos desacordos, das mañáns marelas de carraxe e bruteza, horas de maldicións porque alguén lle dera a vida” (115). Desta maneira, é lóxica a actitude de rexeitamento da vida, manifestada incluso a partir dunha perspectiva que poderíamos cualificar de existencialista<sup>19</sup>, manifestamente nos seus primeiros poemarios; e lóxica tamén é a busca dunha máis perfecta forma da mesma a través da súa destrución. Así, o mellor da vida sitúase, precisamente, no final —“O millor da súa vida foi o fin. / Por primeira vez era feliz / feito materia cósmica, pó luar” (117)—, na súa destrución ou na ponte que vincula a súa esencia transcendente coa materia continxente: “Desvencellarse da vida, desluxala / é un pracer que a nada semella, / perfeición rematada no intre / exacto” (117). Na deriva do sentido vital do existir, o problema, en todo caso, é atopar a clave que permite encher o baleiro entre os dous mundos, a que permite o paso a través desa ponte que, no caso de Moreiras, pode ser o amor, unha palabra, unha imaxe, a natureza, etc., se ben a súa aparición é, como xa vimos, casual e nunca matemática<sup>20</sup>: “Iñoro a verba xusta, nidia, / dura coma diamante / que alumea i enche de esplendor / a ponte valeira / á noi-

---

<sup>19</sup> Sobre todo no caso dos dous primeiros poemarios, dos anos cincuenta, o peso da filosofía e a literatura existencialista —a través do sentido da angustia existencial, reiterada, por exemplo, en *Paisaxe en rocha viva*—, así como tamén do da social, parece evidente, sobre todo nalgúns casos.

<sup>20</sup> Non é o símbolo da ponte o único presente en Moreiras como representación do paso ou a fronteira. Tamén as barcas exercen idéntica función; así, por poñer dous exemplos, o poema 93 de *O libro dos mortos* trata dunha viaxe que “foi na barca de outra proa esguía” (107), ó igual que “O barqueiro do río” —“cecáis teñamos que ire agora / dunha banda á outra” (123)—, que se apoia na figura do barqueiro, presente en numerosas mitoloxías.


tiña, / nin quén paga o pasaxe / dunha banda á outra” (89). Nin nun extremo nin no outro, sempre no límite, na fronteira, Moreiras habita o espazo do estranxeiro.

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- BLANCO, Carmen (1989): “A figura literaria de María Mariño Carou”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 2, pp. 41-57.
- BLANCO, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- BLANCO, Carmen (1996): “Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta”, en *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 1, 1996, pp. 67-130.
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (sel.) (1974): *Poesía gallega contemporánea: Antología*, Barcelona, Plaza y Janés.
- MOREIRAS, Eduardo (1955): *A realidade esencial*, Ferrol, Aturuxo. Ilustracións de Isaac Díaz Pardo.
- MOREIRAS, Eduardo (1958): *Paisaxe en rocha viva*, Vigo, Editorial Galaxia, 1958. Prólogo de Álvaro Cunqueiro.
- MOREIRAS, Eduardo (1970): *Os nobres carreiros*, Vigo, Editorial Galaxia, colección Salnés.
- MOREIRAS, Eduardo (1979): *O libro dos mortos*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, Poesía.
- POCIÑA, Andrés (1995): “Algunhas claves para le-los versos galegos de Eduardo Moreiras”, en *Clave Orión*, nº IV-V, pp. 76-97.
- POCIÑA, Andrés (2001): “Notas para unha poética de Eduardo Moreiras”, en *Clave Orión*, nº VII-VIII (2000-2001), pp. 61-84.
- POZO GARZA, Luz (2003): *Historias fidelísimas. Poesía selecta 1952-2003*, Santiago de Compostela, P.E.N. Clube de Galicia, Arte de trobar. Introducción de Carmen Blanco.

*Ramón Reimunde*

PEŞCADORES DE CERCO



Laxeiro. Caixa Nova



## PESCADORES DE CERCO

*Ramón Reimunde*

Hai que embarcar no *Ollo do Mar*, barco de ferro pintado de vermello que se dedica á pesca de sardiña e chicharro na costa cantábrica para coñecer de verdade como é a arte de cerco. Ese é o prezo: balancetes continuos desde que sai do porto e o ruído perpetuo do motor nunha noite sen durmir. Mais a xente de terra debe saber como se pesca o que come cada día.

Despois de facer 1.500 kg de xeo que se mete na neveira, desatraca o barco do porto base de Burela en 43° 39,47 N e 07° 21,13 W para poñer proa ao mar de Nois onde chaman os Petañoles, un caladoiro que levan pescando os de Foz desde que hai memoria, en traíñeiras a remo, lanchas de vela e vapor ou motoras.

Alí, a dúas millas da costa e con vinte brazas de fondo, acostuman pescar nesta época os bancos de chicharro ou xurelo na primeira hora da noite, que chaman axexo. Manobran uns dez barcos demasiado próximos buscando o peixe, os ollos fixos na sonda e no soar, que sona tamén como o seu nome indica para detectar o peixe. Cando este aparece por babor, marcando un bon tomo, o patrón modera a marcha e avisa con un timbre á tripulación para que estea preparada para largar o aparello. Á voz de *Arrea!*, botan a rede ao mar e van cantando as anillas da chave que vai nos chumbos: unha, dúas,... vinte e nove. Aparece na superficie do mar o cerco dos corchos sinalado por luces verdes, ata que o barco completa o círculo chegando á marca da boia vermella, cobrase a xarreta ou chave que vai polo fondo para cerrar a rede cos molinetes de proa, indicada a profundidade cun sensor electrónico, e comeza a traballar o halador hidráulico metendo o aparello abordo, mentres sete homes van halando á man o pano da rede e estibando na cuberta de babor.

As gaiivotas esperan nadando a que chegue o momento do seu festín de sobras, e cando o cerco xa é un círculo pequeno arredor do barco, levantan o voo e con grande griterio comezan a coller peixe mazado ou patexos que veñen presos no pano brillante de auga escollido por vinte maos. Entón acéndense as luces do barco iluminando un espectáculo de traballo colectivo e precisión, recollendo o aparello e colocándoo listo para o próximo lance. Cando o copo está no costa-

do, métese o peixe con salabardo izado por grua aos caixóns da cuberta ou ás Caixas, que irán á neveira con xeo.

Se hai sorte á primeira hora e o chicharro que é moi fino para escapar se deixa coller, van descargar a Burela para que o peixe chegue cedo aos mercados de Portugal, previa información por radio de cómo vai o prezo e se merece a pena. Despois os barcos buscan máis a Leste polo Golfo da Masma, no Gabito, no Cántaro fronte a Rinlo, vixiándose mutuamente os movementos, conversando co secráfono os barcos da cuadrilla. A navegación a menos de tres millas dunha costa que vai mostrando o radar, permite recoñecer a luminaria impresionante das luces da Mariña, con breves zonas escuras nas entradas de Fazouro, Foz e Ribadeo, e as novas marcas das torres dos móbiles e as estradas.

Mais cando se pon proa a Norte, toda a escuridade do mar cae sobre estes fillos e señores da noite que van polo peixe mentres en terra case todos dormen. É o momento para as conversacións insólitas na ponte pola radio: un que fala das mazás da súa horta, outro que comenta o susto cando entrou no perigoso porto de Luarca cunha vaga de mar atemporalada. Pero sempre acaban falando do peixe e do prezo, de se marea ou non o chicharro ou a sardiña en tal lugar. O desánimo despois de tres lances en branco é superado con unha frase de aquel patrón do Punta do Castro: *aínda non morreu quen pelea*.

Cando vai abrir o día xa están na costa asturiana fronte a Viavelez para pescar a sardiña á alba. Aquí hai problemas porque non lles deixan pescar aos galegos entre puntas cerca de terra. Xa de día, os mariñeiros déitanse nos catres de popa mentres o segundo fai o relevo e o patrón descabeza un sono no camarote da ponte durante a ruta de regreso. Se houbo sorte e pescaron a cota de 7.000 kg. por barco e día, sacarán 500.000 pts. na venda desa noite por duascenas caixas de peixe de 25 kg. aproximadamente cada unha, a unha media de 100 pts./kg. Os que máis gañan nisto son os compradores e intermediarios, que triplican o prezo no mercado. Curiosamente os que máis gañan non son os que expoñen a vida e a inversión en barcos e aparellos, os que gastan as súas noites movidas fronte ás costas da Mariña.

Veñen os barcos de volta. Uns pescaron e outros non. Son os barcos máis bonitos de liña que hai no Cantábrico, coas súas proas lanzadas, a ponte alta e branca no medio, atiborrada de aparatos modernos,

a concha sobre o costado e o espartel co bote e o halador a popa. Os seus nomes son: Virxe dos Milagros, Jesús Dolores, Agarimo, Algarife, Mirando ao Mar e Ollo do Mar, os seis barcos que quedan en Foz, ese porto que sempre tivo fama de ser o que tivo os mellores pescadores de cerco. Aínda hai nomes que retumban no mar na hora da lembranza: Quintaneros, Tragamares, aquel simpático, falador e humano Candelas cos seus ditos célebres e o noso amigo Ton, que ten agora dous fillos patróns, Alberto e Germán.

Por iso un bo final desta noite de pesca no *Ollo do Mar* sería terminar a reportaxe coa entrada en Foz pola mañá cedo: a Barra que cobrou tantas vidas, o Espigón Novo, a Farola, o Porto Chico, a Ribeira e a Dársena. Porque este segue sendo o noso concello natal, a nosa casa, o noso traballo, a nosa xente de mar e terra e o noso porto primeiro e último.

(Borrador do artigo que din de agasallo á miña querida e admirada poeta Luz Pozo Garza na súa homenaxe en Ribadeo, o día 22 de setembro de 2001)





## A RÍA DE VIGO

*Eduardo Moreiras*

Das tres rías Baixas galegas –a de Arousa, coa súa mar espellando lonxanías misteriosas de millos e piñeirais; a de Pontevedra, que víu sulcar as naos adiantadas da Moureira coa vela almirante de Paio Gómez Chariño pola tersa quietude; a de Vigo, bébeda de luz–, das tres, ísta de Vigo é a do Paradiso, creada pola mente diviña pra a felicidade do home. Eiquí, un día, Deus pousóu docemente a súa mau, fixo dúas partes da Unidade e separóu as augas azuis lumiosas das ladeiras verdecentes, o principio femia do principio macho, o refrexo da rocha na sombra azul inmóvil.

Ista ría de Vigo hai que ollala e catala asín, no principio creador orixinal, coma si fora feita agora mesmo na mañán primeira da vida. Xurde na mañán da mar intaita, pura. A brisa traí o marmurio das ondas nos ocos verdes das rochas, o bico salgado e acre dos piñeirais. E, na noite, xiran as estrelas, coma os astros de Van Gogh, en espirais apaixonadas sobor da mar. Coroas de perlas e diamantes cintilean nas ribeiras lonxanas. A breve e longa noite da ría.

Coma toda obra ben feita, a ría de Vigo está tracexada armoniosamente, en óvalos de perfecta simetría. Dúas coordenadas celestes determinan a súa situación: unha, o arco que xungue o Vixiador coas illas Cíes; outra, a que vai dende o Galiñeiro deica o castro de Cotorredondo. Ista liñas ideais sinalan o desenrolo da ría e o seu espallamento en liñas de forza secundarias que multiplican a súa beleza.

Seguindo os arcos celestes dende o comenzo da ría, ou sexa, dende o fondo deica a mar libre, achamos que a ría ten tres partes armonicamente xunguidas entre sí: unha, que poderíamos imaxinar de plenitude de amor coa terra; outra, de arela mística onde o ser agarda; e a derradeira, de asunción e fusión coa luz raiolante da mar libre.

Na primeira, por terras de Pontesampaio e Arcade, a mar da ría ten moito de ensoño e acabamento de amor. Alí as marismas, as entradas na terra ante as árbores, o limo verdecente creador, falan a lingua da plenitude, un morrer que é un vivir no colo da terra soñado. As casas mariñeiras, que pintóu Carlos Maside, abeiran os espellos das augas onde se refrexan os laranxos. E por Arcade, baixo a ponte roma-

na de Pontesampaio – testigo aínda vivo do vencimento do mariscal Ney polos patriotas galegos – pasa lene, soaviño, o río Verdugo a se derramar e morrer na mar. O río, eiquí, é símbolo da morte na fecundación, arrastrando a súa carga de paixón da terra verquida no relanzo arelante. Terras de Arcade, de nome suxeridor paradisíaco, cheas de lembranzas da historia vivida do noso pobo galego. Non moi lonxe da beiramar, aínda xurde da carballeira o castelo feudal de Soutomaio, aínda trema no ár a caballada de Pedro Madruga.

Si a mar da ría cumpre na entraña antreaberta da terra o seu destino amante, pasa despóis a soñalo, deitada fermosamente entre os outos castros de Cotorredondo e a Peneda, na curva perfecta da badía de San Simón. A luz xa ven de lonxe, do espallamento do mundo, da mar libre. Pasa, coma un dardo de ouro, polo estreito de Rande, o das naos carregadas de tesouros sulagadas, pra ficar, sonoro, no corazón das ondas que cantou o xograr Mendiño.

O arco celeste que xungue Cotorredondo co facho do Galiñeiro, sinala a máxima plenitude física i espiritoal da ría. Fican, recuadas, as ribeiras saudosas de Cobres e Domaio e, agora, alborexan as de Vigo fermosas, que inmortalizou Martín Códax.

*“Cuantas sabedes amar amigo  
treides comigo ao mar de Vigo:  
e bañarnos hemos nas ondas”*

A ría, coas luces de Vigo a unha banda, as do Cangas e Moaña pola outra, esfariñadas coma un colar lumioso dino dunha deusa, atingue a máxima beleza, sulñada pola liña dos montes recortados no ceo. É a conxunción feliz de mar e montaña, onde a luz non se sabe ben si ven do ceo ou da mar.

A cidade ten dous puntos esenciais, dous centros de coñecemento e de amor: o Berbés e o Castro. Iles representan o Vigo-mariñeiro e traballador e o Vigo-contemplador. O Castro, dominando a ría, contempla a cidade deitada na beiramar. Aos seus pés, toda a largura da mar núa, deica as Cíes. No fondo do val do Fragoso, móvense en brisa as árbores do pazo de Castrelos, que garda na súa pinacoteca un tesouro de cadros dos milllores pintores galegos de todos os tempos.

Dende Vigo deica o fin da ría na mar libre, onde funde o seu ser coa derradeira luz, a presenza permanente no horizonte das illas Cíes, vixiantes, esguías, determina a musicalidade da paisaxe e a súa mutación en ár lumioso, en pó de luz. O sol no horizonte, deixa nas ondas un ronsel de ouro, a sementeira de moedas máis valiosa da vida.

A punta de cabo Home, na terra firme, ascética, dura, chea de acantilados e cons onde baten os salseiros, contrasta co agarimo das longas praias das illas, foz perfecta de areas branquísimas, augas verdecintas onde un día os deuses soñaron coa Creación da vida. E, na costa lonxana de Baiona, os montes de Grova de cabalos salvaxes, mandan ás illas o seu folgo carregado de cheiros de toxos e piñeirais. Un xemido, cecáis unha queixa de amor, esbara sobor das ondas.





# MENSURA

## CREACIÓN



Dublin / Ireland Cards



## POEMAS DE VENTO DE SAL

*Xosé María Álvarez Cáccamo*

Dalgún lugar emerxo,  
dunha casa en derrota, gangrenada,  
dunha alcoba oprimida, onde non colle o corpo.

E nunca chego a tempo  
para darlle compañía nin xantar  
a este home remoto  
que di ser o meu pai.  
Esmágame o silencio, o desacougo  
de perder a hora xusta, non saber  
subir as escaleiras, alcanzar  
a porta que se abre  
na boca mesma  
do precipicio.

Detrás do vidro turbo  
anda o meu pai a enredar nos seus papeis  
e non os recoñece.  
A nai en agonía e os irmáns  
imprevistos, ausentes, desprendidos do ar.



Este é o tempo de agarimar a memoria  
dos amores antigos  
que non foron posíbeis.  
As rapazas da brisa,  
perfil de porcelana polas rúas, un rumor  
de ollos sorprendentes, un papel  
de códigos arcanos.  
Ela chámase Sombra  
e ninguén a coñece. Non vive nesta praza  
abrasada de pombas,  
non é luz deste barrio, anda perdida  
no texto indescifrabel da cidade.

Ela era  
azougue clandestino, un corpo que pasou  
atravesando as órbitas da lúa,  
da lúa negra.

Casa do chan terreiro para a muller remota, extraviada.  
Ceibe o cabelo branco, argazo albino  
que mete medo. Non vaiades nunca  
á casa rota que se queima  
con ela dentro. Con ela viva en chamas,  
disolta nun ouveo  
de sete bocas.  
A pobreza acusa, manca nos ollos dos que espreitan  
a través da clareira dunha fenda  
da porta estraña, portal dos precipicios.  
Alí dentro morre Bríxida tres veces.  
Sen sangue.

## PATH, O AMOR DE NEFERTÉN

*Maximino Cacheiro Varela*

Canto desexo teño de me achegar ao estanque e me bañar perante Path en camisa transparente de fino lenzo, que ao se mollar transparente os meus dous peitos, dúas mazás, dúas mazás de amor, camisa que acae ben coa cinta da miña fronte, un lazo de paxaros. Cantas gañas teño de me mergullar ata ao fondo da auga do río para subir un peixe vermello entre os meus dedos e ofrecérllo a meu ben. Direille que se quere acariciar os meus peitos e os meus músculos, o faga con delicadeza; direille que o amor apoderouse do meu corpo, que é carne da miña carne e que se apiade das coitas do meu corazón; direille que a súa fermosura fai arder a noite iluminada polo noso amor; direille que os meus brazos están cheos de mirto e unguento perfumado e que nos seus brazos, eu Nefertén, serei a súa princesa, a súa rula tremente, a súa flor de loto... Si meu Path, ven, ven, ven... atravesa o río. A deusa Isis bendicirá a nosa unión.



Cáliz de Ardagh

*In memoriam de Pura Vázquez*

Na rosa malva  
Na mandarina de Hespérides  
No xasmin rosa  
O perfume irisado de esperanza.  
Iris de dozura  
A dozura de Pura Vázquez,  
telúrica forza galaica.

Dans la rose Mauve  
Dans la mandarine de Hespérides  
Dans le jasmin rose,  
Le parfum bariolé d'espoir.  
Iris de douceur  
De Pura Vázquez,  
tellurique force galicienne.

*Para Luz Poza Garza*

Viaxe ao corazón  
Dunha camelia sublime,  
Co seu tremor  
A súa calor  
O seu vó.  
Poema visual  
poema olfativo  
da camelia branca  
de Luz Pozo Garza.

Voyage au coeur  
D'une camélia sublime  
Avec son frémissement  
Sa chaleur  
Son envol.  
Poème visuel  
poème olfatif  
de la camélia blanche  
de Luz Pozo Garza.

Pura emoción.

Emotion pure.

## POEMA DE VARIACIÓN NUBE

*Cesáreo Sánchez-Iglesias*

Os anciáns sentados nos bancos da praza.  
Segundo o antigo costume conversan entre eles  
ás portas da terra prometida.

Unha antiga palabra escapou dos seus labios.  
Seguiron a súa mirada os meus pensamentos  
que van cara o outro lado da noite.

Agardan. Espacio da contemplación,  
son segredo contemplado por un único e innumerábel rostro:  
Estáticas personaxes atravesan o silencio,  
falan de dous en dous no interior dunha cálida escuridade.

Como sombras sen voz  
as horas son arrastradas polo vento do outono.

A cítara o salterio a arpa o laude.  
Todas as personaxes rodean ao poeta sedente,  
a súa voz é tan doce como o bris dos canabais,  
óllome nas pupilas da súa presenza reflectida.

Nos vidros pinto un solpor e unha nube púrpura.  
O orballo enche de perolas as pedras outonais.  
Nos amarelos un ceo albacento permanece no ar  
como unha bolboreta escarlata.

Pregunteilles: Canta pena pode soportar unha dalia?  
Tanta como a auga do grande río arrastra cara ourente  
tanta como as ondas levadas polo vento  
que vén de se atopar diante do mar maior – dixéronme.

O bris nocturno envólveos cos seus aromas, secreto.  
Levemente os rostros volven existir  
sonolentos no templo vacío, no brando linde da idea do tempo.

Entre tanto é inverno outra vez e decrece o vento  
no fondo do espello.

Un numeroso grupo de recordos  
segue a moitedume dos presentes.  
É o pobo da choiva que sinala cara unha estrela.

*(Mestre Mateo)*

## **CAMPO SEGADO -FRAGMENTOS-**

*Manuel Álvarez Torneiro*

Borrou o verso decididamente. Non, non era aquilo. En rigor non era aquilo. Intentou unha sorte de silencio, un tempo novo, un clima, a claridade do común, quizais, o espacio que os espellos nunca rouban. E borrou outros versos.

Achegábase ó punto, á brasa ardente, tensaba aquela luz en novo esforzo pero tan só acadaba entrar nos arrabaldes do accidente, cercar o centro apenas do misterio.

E de novo o evidente, a caída nos planos da razón, da norma. Escribía e borraba novamente.

Está a tarde en canción de luz, nun empeño de abril afervoadado. A tarde certa no que o labio goza, no que liba e é zume, no que a boca asalta e arrebatada, no que a lingua dilata posuída, posuíndo.

E persisten os nomes dos navíos, as torres debuxadas nos parvularios, as minas do silencio, os regatos dun imprudente azul buscando os pés dos nenos que aínda dormen.

A luz é esta certeza de bugambilia, esa perseveranza na que os amantes tenden a fundirse desdobrando o presente. A vida é ese sacramento de sol tan repartido; unha voz de muller baixo as camelias, e ese estar en nós como aceptados.

Non digades que é así, astutos mercaderes, guías da comenencia, intérpretes do frío xeroglífico e ata visitantes de mosteiros coptos; amantes da palabra recamada e grave, coidando a flor sacrílega, doando o grande espello en luz de escándalo.

Non digades que é así, que un herdeiro de Catulo e Frai Luís anotarán os fallos do prodixio, o fastío das máscaras, a solemne mentira do oráculo, e con estrépito axitarán as chaves e os signos no corazón da praza inconquistable.

## CRISTA DO XISTRAL

*César Antonio Molina*

E baixo este ceo  
no fondo do río  
nas covas da crista do Xistral  
baixo a sombra dun carballo  
haberá aquí algún lugar  
neste remoto confín  
onde o que alí se atope  
poida estar libre da morte?  
Nirvana:  
non nacido  
non transformado  
non feito  
non composto  
serenidade imperturbábel  
baixo a chuvia  
e o desexo que acende  
a fogueira  
e sobre ela o erro  
ardendo  
como un vello  
traxe  
e todo o corpo  
en chamas.  
Non hai fogo semellante ao desexo.  
Non hai garra semellante ao odio.  
Non hai rede semellante ao erro.  
Non hai río semellante á sede.  
E do desexo nace a pena  
do consumado.  
E do desexo nace a pena  
de non coñecer.  
De onde vén o temor?  
De onde vén o Eume?  
Imos a  
ningures.  
Cantas fronteiras teremos aínda que cruzar para chegar a casa?

*De Eume*



## UN BO NADADOR

Un bo nadador é aquel que se esquece da auga.

Ai!  
se atopase  
alguén  
que esquecese a linguaxe  
para ter con quen  
falar.

Un bo nadador é aquel que se esquece da auga.

*De Eume*



Castelo de Malahide (Dublin)

## IMAXE DE ROSALÍA

*Moncho Regueira*

*Non convén chorar máis*

*Ela chorou por todos e pra sempre*

Pimentel

Eu facería de ti unha imaxe etérea  
no pergameo dos meus sonos.  
Subiría cabo da prateada lúa  
pra roubarlle a súa fría luminosidade  
e nimbaría túa testa.  
Un alustre poñería na túa fronte marelecida  
e por ollos dúas pérolas de orballo  
nas túas concas cansas,  
baixo das pálpebras enxoitas.  
Deitaríate nun cadaleito de frío mirto  
e cubríndote con farrapos de brétema  
nomearíate:  
Noite...!

... ..

Ollos abertos de verdes afogados  
fitando pra ti.  
Ventos tristes con marmurios de verbas,  
falando:  
Fuxe, fuxe, muller, dos meus sonos  
esquece mortos e náufragos.  
Descansa...!  
Ti érala que non puido deixar de ser,  
pois a dor infinda da túa alma  
deixou en nós unha noite de astros enloitados  
que –no seu frío aloumiño–  
farán xurdir nosa esperanza...  
Fuxirás no intre en que a luz poida á noite.  
Voltarás do Alén por un vieiro tapizado de outos cipreses  
e pousaraste sobor da irta serán dos nosos sonos.

... ..

Ti éralo espírito senlleiro que voltou.

## POEMAS DE DAS ÚLTIMAS LÚAS

*Xoán Neira López*

### LÚA NOVA

Nas brétemas da nenez  
o corpo envolto  
en sabas de algodón de escuma  
co arrollo das ondas  
e as caricias da brisa de seda  
a d o r m e c e  
protexido polo halo da lúa  
-anel de xiz pintado na fiestra-

Comeza a insegura andaina  
da terra á auga  
paseo bautismal na chalana de cores  
nos días de vagar do pai.

Soñando estrelas e sereas  
xogan nenos de bronce  
entre as barcas do areal  
tentando as mareas.

## CUARTO CRECENTE

Medrou a ilusión de grumete  
no amor á herdanza  
e na promesa á rapaza:  
ser o patrón da barca grande  
-A POMBA-

.....

Daquela...

A lúa,  
veleiro branco,  
navegaba no misterio da noite,  
lento transitar,  
salpicando soños  
nun mar de lenzo.

E, os dous, na beiramar  
sopraban levemente,  
a favor de vento  
- para non desfacer o engado -  
desafiando ao mencer.

## LÚA CHEA

Convocouno a alba en preamar,  
largou amarras de espera  
sen reparar en temporais.

Longas travesías,  
no calendario de follas arrincadas,  
mesturaron nidios horizontes e zozobras,  
bágoas de sal duro e patelas cheas,  
empapándose de auga e ceo.

A ela...  
encollíase a alma  
entre olladas e prearias  
nos incertos días de ausencia.  
Vagaba pola praza do porto,  
mirando de esguello  
o monumento ao náufrago.

Xa... curtido por todos os ventos  
con todas as lúas esculpidas na pel  
nos milleiros de ronseis borrados no tempo,  
chegara a hora de rematar tantas singraduras.

Acolleuno, gozosa, a branca casa  
recostada fronte a ría  
co xardín en flor  
e unha aberta prolongada.

Agora pasea, ás tardes, en silencio  
polos arredores do mar.

## CUARTO MINGUANTE

O corpo vello  
achégase, no solpor,  
p a s e n i ñ o á beira  
e docemente escorrega entre os dedos  
o sal  
que o tempo dissolveu  
con tanta preamar.

.....

Agora,  
vello e neno  
ollan, outra vez, o mar da ilusión.  
Tenrura no reencontro.

Regresa...  
adiviñando outra lúa nova  
mergullándose nas ondas.

## POEMA DE CINCO BICICLETAS

*Celso Castro*

*Tradución ó galego de L. P. G.*

había unha putiña no paraíso  
que tiña un pente feito de anacos de peixe  
e o aspecto limpo e delicado  
dun labio debaixo da auga  
servíase do amor como dun espello  
todas as mañás arrincaba a cortiza das árbores  
para escribir no interior encantadoras liñas  
ou perfilar debuxos de iradas tartarugas  
e todas as mañás  
volvía xuntar cada fragmento e así  
coidaba crecerse entre o murmurio das follas  
axitándose en alas e paxaros  
remontar a indolencia dun caudaloso río  
ó devalar das mareas agachaba  
os seus pezóns vermellos na calor dos médanos  
e como rifaban ó lonxe as gaivotas  
un día anoxada por esta actitude  
que consideraba descortés e ofensiva  
finxiu morrer  
e reprimindo o alento abafouse tanto  
que ruborizou ás nubes e veu  
por un intre  
o fuxidío resplandor das escamas  
no afondaren na area

## COMO LIBRARSE...

*Suso Pensado*

¿Como librar-se da vitoria dos outonos,  
da inevitable vitoria dos outonos  
na pedra enmudecida,  
na chuvia fina como bruma, como un aire líquido,  
na folla case podre, apenas aferrada,  
na pobre luz, no vento que a manteñen alta?

¿Como librar-se da vitoria dos outonos?  
Ás veces caen chuvia e silencio  
e apenas roza o chan,  
apenas violenta o aire o seu caer  
desde o manto de nubes entre a terra e o frío.  
Case non roza o chan da rúa desertada,  
blindado o mundo en catro muros  
pregando o fin da chuvia.  
O fume fala do calor  
nutrido neste outono feroz  
por imitar un sol tan breve.

Ás veces cae furiosa,  
estrépito de auga desbordante nos foxos e nos muros,  
nos idoiros que baixan invadindo  
nun inmenso furor  
que afoga as voces breves, apenas pronunciadas.  
Furia ou silencio, cae  
indiferente a quen afronta o seu transcurso polo frío,  
ás pequenas traizóns de finos garfos ancorados na carne,  
parasitos tenaces, como un can vagabundo;  
ós enganos cotiáns, que empezan por palabras, ou pola mesma luz dun día  
como unha noite branca, opaca e mesta,  
como unha noite cegadora.



## WILLIAT CLIFF

alors? oiseaux marins! vieilles natures  
qui fréquentez obstinément les ports  
finirez-vous de crier des injures  
à nos vieux os couchés pleins de remords?  
comme des chiens vous aboyez alors  
que nous cherchons dans la nuit le sommeil  
mais vous ne cessez jamais vos appels  
brutalement vous criez vous criez  
à travers la procession éternelle  
des heures qu'il faut la nuit endurer

(serait-ce la période des amours  
pour que ces oiseaux ainsi se querellent  
lançant ces cris sur les toits d'alentour  
empêchant les humains qu'ils ne sommeillent  
ah! pauvres corps sans cesse qui appellent  
un autre corps pour se fondre avec lui!)  
telle est la raison pour que dans la nuit  
vous aboyiez comme de grands martyrs  
oiseaux marins torturés par l'ennui  
d'en désirer un autre pour jouir

et pour pouvoir enfin se résigner  
et tomber dans le gouffre de l'absence  
comme il semble que vous y parveniez  
à certains moments de cette nuit blanche...  
mais soudain les aboyements recommencent  
la querelle reprend sur les toitures  
c'est que toujours il faut que l'on endure  
l'absence torturante de l'amour  
et que nos corps crèvent pauvres natures  
vouées au mal de désirer toujours

nuit du mercredi 2 au jeudi 3 août 2006  
à La Corogne, hôtel España, chambre 105.

**A WILLIAM CLIFF**  
– polo seu poema “la pluie” –  
*Luz Pozo Garza*

Fuxías dunha chuvia fastidiosa. Teimuda irrevocable  
Fuxías dunha chuvia vertical na noite insomne

Caía directamente a chuvia sobre as rúas anfibias  
– pesadelo obstinado que non cesa no corazón do home

E fuxías da chuvia como dun poema mesmamente tedioso  
un poema insistente de palabras opacas desvalidas

Fuxías confundido no tempo desleigado da existencia  
Na noite reservada non sabías  
que talvez arelabas con paixón vehemente a túa libertade

William Cliff (Gemblous, Bélxica, 1940). Premio Parlement de la Communauté française, Grand Prix Société des Gens De Lettres (SGDL) de Poésie. Selección da obra poética: *Marcher ao Charbon*. América. *Journal d'un Innocent*. L'État Belge. *Adieu Patries*. *Le Pain Quotidien*.

Benvido a Clave Orión

## A SANDALIA DE MAN

*Xoán Abeleira*

### I

A sandalia de Man, xace agochada ou esquecida no xardín de Man?  
Levaríaa o mar e volvería traela pensando no seu dono?

Ah, tan só o caracol, ise pequeno ser vivo, está  
A apiadarse dil...

### II

Se un home que se bota a andar  
alén da terra  
Vai debuxando un fío de pegadas...  
Cantas pegadas deixaría  
esta sandalia pobre  
Co seu ar  
de franciscano pobre?

Cantas pegadas fai un ser humano  
Despois –non sei– de setenta anos de vida?

E Man  
nise tapiz inextricable  
Que está a tece-la Humanidade

Onde empezan onde acaban  
Tódalas pegadas de Man?



A sandalia de Man



*Luz Pozo Garza*

HOMENAXE A

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ  
BLÁZQUEZ

COMO UN ANXO LOITABAS

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

2008

R.A.G.



## A XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

*In memoriam*

Morrer de tanto amor de tanta entrega  
á familia ós tesouros á palabra  
Esquecer a dolor –patria galega–  
e darche a vida que en silencio labra

*A María Luísa Cáccamo Frieben*

*A Pepe*

*Á benamada familia toda*

*Luz Pozo Garza*



## COMO UN ANXO LOITABAS

*Luz Pozo Garza*

Irei con Rosalía á túa procura cando  
o tempo propicio nolo marque

Iremos ás albricias como as aves de marzo  
iremos a Baión. A Tui, nesa simbiose  
fascinación da infancia  
Ás orixes holísticas. Ás primicias da luz  
dun neno alucinado  
dun neno conmovido pola maxia  
da primeira palabra xerminar  
no patrimonio da existencia como  
un tesouro da alma

Tesouros. Liberdade  
Paraísos perennes. Balbucidos  
Edén sen sombra sen ofidios  
Sen froita envelenada. Consignas  
luminosas. Todo amor. Todo ofrenda  
Todo inocencia adámica  
sen escuros designios que vulneren  
con trécolas os principios da patria.

Era Tui o universo. E o centro era a familia.  
O pai un home sabio destinado ó martirio  
no holocausto da patria.  
A nai na plenitude da magnolia.  
Saudades caribeñas. Sensitivas lembranzas.

Vivías unha vida fluvial  
¿vivías ou soñabas?

Naquel reino do Miño e outros ríos docísimos  
que deixan instintivos sedimentos.  
Illas de ensoñación. Vestixios numinosos.  
Espazos inconscientes.  
Oníricos paxaros. Imaxes  
intensamente reservadas

¿era a vida un ensoño  
dentro do corazón?  
Vivías e soñabas...

Gándaras do Budiño  
O Baixo Miño. O Louro  
gloria de aves acuáticas

Os interfluvios seccionando os ríos:  
O monte Aloia-sacra  
Espazos fermosísimos consagran  
as rarezas botánicas

Día a día ofrecías ós astros tutelares  
os momentos tecidos co fío das herdanzas  
A terra. A dona. Os fillos  
Facíalo en silencio  
E ás veces entre o silencio e a palabra  
O valor ontolóxico da sombra  
polo silencio Pimentel clamaba  
E Rilke debatíase en silencio  
Ante o medo inefable da tenrura intacta.  
O silencio da sombra en Rosalía...

Como un anxo loitabas...

Era todo tan triste: o medo  
á guerra. A morte  
E Tui era tan tenra...

Unha arela infinita de consumir  
a vida en aras de Galicia  
Non era pola gloria  
A terra. A dona. Os fillos. Todo viña na alma.

Era todo tan triste  
Todo tan vulnerable  
Afastado da sombra como un anxo loitabas...

**Xa daquela mirabas no horizonte  
unha Sombra moi ácida...**

Talvez non saberías se o principio dos ríos  
era memoria ou mágoa  
ou se era tempo que inda non nacera  
Nace o tempo coa mágoa  
Contra o tempo que oscila. Contra os lindes  
Contra a corrente irreversible andabas  
Como un anxo batías co destino. Acaso presentiras  
que o mar de Vigo era unha urxente lámina

¿Era a vida un ensoño  
dentro do corazón?

Indefenso no medio da existencia  
como un barco sen luces. Sen amarras  
Mais tiñas fe na vida: coñecías  
a laberíntica condición humana  
Coidabas do teu ser nunha misión alquímica  
de beleza e amor  
Como un anxo loitabas...

**Andaba a definirse no horizonte  
a Sombra ensimesmada...**

Sen soños non se vive  
Da materia dos soños participa a alma  
A paixón polos teus e por Galicia  
era o troquel de conformar a patria  
Desde a infancia soñabas  
co misterio das illas e os tesouros  
das cousas olvidadas  
Cunchas de Venus. Caramuxos. Buguinas  
Certezas milenarias  
Urnas. Estrelas. Ánforas

Soñabas realidades  
como harmoniosa pedra sen dolor  
Intacta  
Unha pedra luída polo tempo para medir os días  
dos asombros. Felizmente branca  
Compromisos dinámicos  
Evidencias atlánticas  
Ás veces desafíos  
Nunca te demorabas. Febril. Febril  
Con Galicia no fondo  
O tempo xa era fábula...

**...No horizonte un latexo de Sombra envisa**

**Mágoa...**

E ti na luz coma unha supernova  
na noite de “Castrelos”. De “Monterrey”:  
rarezas bibliográficas  
E un Cancioeiro de Monfero inédito -novo Ossian-  
Escolmas medievais. Églogas e Alboradas...

Foron novos tesouros:  
Na muralla de Lugo Pimentel albiscaba  
aquele fulgor para o Barco sin Luces  
O poeta soñaba  
E o seu navío nunca emprendería  
-ata despois da morte-  
navegación de altura en ningún mapa

**...A morte acode á cita puntual**

**Exacta...**

**...E revélase a Sombra**  
nun bafo de camelias derramadas

Chamou por Colorín  
a filla benamada

Tanta dolor envisa  
Tanta tristura. Tanta

Apagáronse os astros  
O mar de Vigo era unha inmensa bágoa

Tanta dolor envisa  
tanta mágoa

Acendéronse os cirios  
Enmudeceron para sempre as arpas

...Ela no soño eterno  
onde reinan as almas

Luz Pozo Garza  
A Coruña, 18 de febreiro de 2008

*Luz Pozo Garza*

HOMENAXE Á  
TORRE BREOGHAN  
OU  
TORRE DE HÉRCULES

POEMAS DE NOVO LEABHAR GHABHALA





## LIMIAR DE OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

### NOVO LEABHAR GABHALA

A sorpresa vai en aumento cando nos achamos ante esta reescritura do *Leabhar Gabhala*. A fonte principal de Luz Pozo Garza é a edición e tradución de Ramón Sainero (1988). O manuscrito forma parte do *Libro de Leinster* (1100), redactado no mosteiro de Terriglass, baixo a supervisión do bispo de Kildare, Finn Mac Gorman; e sendo rei de Leinster Dermot Mac Murrrough. Seica sexa copia doutros manuscritos anteriores, algúns do s.VII, tomados da tradición oral dos bardos e *files*. Eles memorizaban en verso o corpus da súa cultura oral, ata que os monxes que seguiron a San Patricio na cristianización da illa no s. V, transcribiron algúns textos utilizando o alfabeto latino. Un dos ciclos das tradicións pagás, que sobreviviron ao cristianismo, é o Ciclo Histórico representado polo *Leabhar Gabhala*, que en lingua gaélica relata as diferentes invasións que sufriu a illa de Irlanda. A primeira foi levada a cabo por Ceasair, neta de Noé, antes do Dioivo. A segunda, por Partholon, outro descendente de Noé: orixinario de Sicilia, chega a Irlanda a través da Península Ibérica. A cuarta, por Neimhedh, que atravesa o mar Caspio, loita en Irlanda contra os Fomoraibh e abandona a illa despois. A penúltima, polos Thuata Dé Dannan, tamén chegados do norte de Grecia, onde con artes máxicas apoiaron os atenienses en loita cos filisteos. A derradeira é a protagonizada desde a Península Ibérica por Golam, alcumado Mil (probablemente «o guerreiro»), e os seus fillos; descendentes todos do rei Breogán. Os fillos de Mil ou Milesios chegan, segundo o

manuscrito, 3500 anos despois da creación de Adán. Orinarios de Escitia, pasan por Exipto onde axudan a Moisés contra o faraón. Tras varias escalas de moitos anos chegan á península, que conquista Breogán. Este rei funda a cidade de Brigantia e levanta a torre de Breogán, que se identifica coa chamada Torre de Hércules coruñesa. Golam, seu neto, fará unha viaxe de volta á Escitia grega dos seus antepasados. Alí casa e despois foxe cos fillos a Exipto, onde casa de novo con Scota, filla do faraón Nectonebus. Con ela volverá a Brigantia. Un dos fillos nados e educados en terras exipcias é Amirgin, que acompañará, unha vez morto o pai, a seus tíos á conquista de Irlanda. A idea da conquista xorde de Ith, irmán de Golam, cando albisca desde a torre brigantina unha mancha de terra e decide ir aló. Cando Ith é ferido de morte polos nativos da illa, e chega xa cadáver a Brigantia, os fillos de Mil preparan a súa vinganza, e volven embarcar capitaneados por Donn. Entre outros expedicionarios, o devandito Amirgin terá un importante papel como vencedor da maxía dos Tuata Dé Dannan, e como o primeiro poeta documentado en terras de Irlanda.

Cremos que esta historia ten moito da man do escriba que a fixa no manuscrito. Hai unha clara insistencia en conectar tódalas liñaxes coa tradición bíblica: Adán, a enigmática neta rebelde de Noé, Noé mesmo, Xafet, os exipcios, Moisés e os israelitas,... E do mesmo xeito hai un evidente empeño en conectar todo isto coa Escitia grega, coma se os monxes transcritores procedesen da Igrexa escindida do Imperio Romano de Oriente. De feito, a data da redacción dos manuscritos nos que bebe o definitivo *Leabhar Gabhala*, o s. VII, coincide coa creación da arte irlandesa de forte pegada copta, que se expandirá polos mosteiros de Europa. Coñecido é o éxodo de moitos sabios da primitiva Igrexa cristiá que preferiron emigrar a Occi-

dente. Isto explicaría o desexo de ennobrecer as orixes das invasións en Irlanda coa cultura grega oriental. A relación entre o que sería España e Irlanda ten unha máis sinxela explicación pola proximidade física e a tradición da cultura marítima de ámbolos dous pobos.

A influencia da xesta dos fillos de Mil é moi forte na conformación da idea de nación ou proto-nación galega xa nos historiadores do s. XIX, e pasará á literatura ossiánica de Eduardo Pondal nos termos sobradamente coñecidos, ao menos polo que sería a letra do xa centenario Himno Galego («Os pinos»). Pero non foi este ciclo histórico-mitolóxico-literario celta o que tivo máis fortuna na literatura galega, se o comparamos co ciclo artúrico.

Nós apuntaremos algúns datos sobre precedentes desta reescritura poética por parte de Luz Pozo Garza do *Leabhar Gabhala*: primeiro, a tradución na revista *Nós* do capítulo que o *Leabhar Gabhala* dedica á invasión de Irlanda polos fillos de Breogán. Aparece en catro entregas nos números 86, 89, 92 e 95, entre febreiro e novembro de 1931<sup>10</sup>. Non se dá o nome do tradutor nin do autor das introducións e as notas, o que se debe probablemente ao feito de que se trate dun labor colectivo. Seica estea o nome de Antón Vilar Ponte detrás da tradución, pero do que si estamos máis seguros é dos comentarios e notas debidas á pluma de Vicente Risco, porque a idea de publicar este texto parte del. Podemos ler no seu libro de viaxes *Mitteleuropa* (1934), do que previamente foi dando a coñecer textos desde o ano 1931 en *Nós*, que durante a súa estada de tres meses en Berlín durante o ano 1930, hospedado na casa de Frau Tornegg, «andou a debullar» no *Leabhar*

<sup>10</sup> Reeditado en [A *Historia d'El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhala*], introdución de Antonio Raúl de Toro Santos, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 2000.

*Gabhala*. E Risco fora a Alemaña a estudar etnografía. Na introdución ao fragmento publicado en *Nós* dá o nome do P. Álvarez Sotelo, profesor do Colexio Irlandés de Compostela como o primeiro historiador galego que utiliza como fonte o devandito libro. Tira a noticia da *Historia de Galicia* de M. Murguía, que tamén o utiliza, nunha versión francesa. O texto de *Nós*, asegúrase, está traducido o máis literalmente posible do texto inglés, na edición bilingüe publicada por Macalister e Mac Neill.

Outro texto inspirado no *Leabhar Gabhala*, escrito en castelán, pero moi achegado á literatura galega é o que publica no número 741 da revista *Vida Gallega* (1958) o pintor Urbano Lugrís. Titúlase «Liafail», e é un conto que narra o traslado da «pedra da coroación» desde Galicia, onde estivo agochada en tempos de guerra, ata Escocia. Esa pedra, que hoxe pode verse debaixo do trono no Palacio de Westminster, pertence tamén ao Ciclo Histórico das lendas irlandesas, malia ser mencionada moi brevemente no manuscrito de que nos estamos a ocupar (capítulo VII). O interese aquí do conto de Urbano Lugrís é a aparición dun canto en verso, celebrando a construción da Torre de Breogán<sup>11</sup>, que pode pórse en relación co ton épico-lendario do «Novo Leabhar Gabhala» de Luz Pozo Garza.

En canto ao poema de Amirgin recreado en *As arpas de Iwerddon*, Eduardo Moreiras fixo a súa tradución a partir da versión en inglés do *Libro de Leinster* por Douglas Hyde<sup>12</sup>. E a propia Luz Pozo Garza, en *Ondas do mar de*

<sup>11</sup> Y recordó las palabras de la consagración: «Levanto esta Torre, erijo este ojo marino, / Yo, Breogán, caudillo de los hombres de mi raza. / Encenderé en su cima una llama sin sueño, / Alimentada con el fuego de los corazones. / A los peces, y a los pájaros del mar, les digo ahora: / -Esta torre erijo yo, Breogán, con piedras inmortales, / para que por mares y por cielos pregonéis por siempre / que grande y fuerte es la raza que manda Breogán./».

<sup>12</sup> Eduardo Moreiras, «Viaxe á verde Eirín», *Nordés*, 7: 34-39, 1982.

Vigo (1996), despois de referirse á versión de Moreiras, ofrece a súa tradución a partir do texto en francés de Jean Markale<sup>13</sup>.

Luz Pozo Garza ofrece neste apartado nove poemas que inauguran no libro un ton distinto, épico e mesmo dramático en ocasións, onde a voz lírica xa non se personaliza tanto, enunciando nunha terceira persoa gramatical. O ton e a métrica están acordes: versos máis longos, preferentemente alexandrinos, agrupados de dous en dous, tres en tres, ou pouco máis. Excepto os dous últimos poemas, son fiel reescritura, francamente moi mellorada polo estro lírico da poeta, dos momentos xulgados de maior importancia no episodio. Nesta reescritura logra poñerse de relevo a potencia lírica do manuscrito medieval, ao tempo que se engaden novos elementos dunha beleza insuperable. No primeiro, «Torre de Breoghan», trala visión de Irlanda entre penumbras, préstase atención á teima de Ith de ir aló, fronte á miopía espiritual do seu irmán Bred, que insiste en que son nubes. A voz poética, amosando unha autora galega implícita, alude ás elipses diexéticas do manuscrito: «Tanto vigor e esforzo non consta na Gabhala / pero son descendentes de Breogán e basta». E acode á anticipación (como viamos xa en «Algún cisne») dramática. «Inis Elga» céntrase nun momento inmediatamente posterior no manuscrito: unha voz case xograresca introduce o diálogo entre Ith e os habitantes da illa. As palabras do heroe reproducense directamente, mentres que os interlocutores anónimos, aos que chama «amigos», falan a través da voz do narrador. O discurso de Ith na asemblea dos tres reis de Irlanda engade a circunstancia «os astros son propicios», que nos trae, xunto con máis riscos destes textos poéticos, ecos de *Medea en Corinto*. En «Morte de Ith», o heroe

<sup>13</sup> Luz Pozo Garza, op cit: 46 (cfr nota 4).

morre na travesía de volta á patria, despois de ser atacado a traizón polos enviados dos reis. Na viaxe entoa un pranto onde o sangue brigantino, a vela moura e o derradeiro salouco do milesio cos ollos postos na terra de Breogán, engaden maior expresividade ao momento esencialmente elexiaco. Despois dunha elipse, se non perdemos de vista o manuscrito medieval, Luz Pozo Garza presenta a Amirgin recitando o primeiro poema de Irlanda ao desembarcar na praia de Ingher Gota. «Pasaron nove ondas» é un verso que aparece sen antecedente por causa desta elipse: as nove ondas teñen que ver co esconxuro de Amirgin contra o vento máxico dos Thuata Dé Dannan. O «Primeiro discurso de Amirgin» suaviza o ton destrutivo que posuían as palabras na tradución de Ramón Sainero, e mellora con moito o valor lírico das outras versións. Limpia tamén o texto da serie de preguntas retóricas que pesaban de máis no orixinal gaélico. Mantén, iso si, o feliz xogo de anáforas «Eu son» / «Am» que introducen a enumeración de poderes do poeta, sabio e mago Amirgin. O peche do Coro rubrica a composición coa ilustre estirpe do primeiro poeta irlandés: recurso distanciador moi oportuno, que dixérase acabado de importar da *Medea en Corinto*.

«Crónica de Amirgin» pon en boca do personaxe que toma as rendas da xesta, Amirgin, o resumo da expedición dos fillos de Mil a Irlanda. Narra o que aconteceu antes de pronunciar o «Discurso»: a loita para esconxurar os feitizos da raza máxica que os precedera na invasión de Irlanda, comezados co accidente do irmán It, e a habelencia do poeta para levalos a cabo. Como crónica que é, o poema enmárcase nunha «precisa» datación tomada directamente do manuscrito, mesmo no detalle asombroso, e por iso de tanto potencial lírico, de que era xoves o día do desembarco.

Os dous poemas seguintes marcan unha clara transición: Amirgin mantén un diálogo con tres raíñas-deusas,

nunha escena anterior ao discurso de Amirgin, que Luz Pozo Garza reescribe explotando os seus riscos recedentes de conto oral. Primeiro, no «Diálogo das tres deusas», coa voz de Amirgin como eu lírico dirixindo as súas preguntas ás tres raíñas descritas como nun conto de fadas. E despois, no «Diálogo de Amirgin», onde o poeta responde ás preguntas que as tres lle fan sobre o seu saber e o seu poder. Todo se sabía xa, porque estaba nas profecías. Amirgin responde ás tres preguntas cunha belísima definición da súa misión, que Luz Pozo Garza debuxa nun ideograma: «son a ponte que abrangue / as mil rías atlánticas». Queda selada así a ligazón entre os poetas de Irlanda e Galicia, da que a autora implícita se mostra representante, a partir duns versos do bardo galés Taliesin, citados por Markale: «...fun unha inmensa ponte / interposta sobre sesenta rías»<sup>14</sup>.

Este broche final é unha virada clara desde a reescritura do enigmático libro á iniciación no misterio céltico, en que se converte neste intre *As arpas de Iwerddon*. «Litofanías» supón a irrupción entusiástica das escrituras nas pedras dos países célticos, revelándose a partir das palabras máxicas da poeta, que volve a apoderarse da voz lírica retomando o ton inicial do libro. Unha enumeración de nomes propios de pedras con símbolos célticos é rematada cunha oración, «Apréndenos...», dirixida a non se sabe quen, seica a divindade absoluta. Que o derradeiro poema se chame «Avalon Avalon»<sup>15</sup>, nome da illa onde unhas doncelas custodian o corpo do rei Arturo en espera de que poida volver a reinar sobre a Celtia, significa que a poeta entrega o seu libro como ofrenda de novo vigor a unha cultura que ha de revivir con toda intensidade.

<sup>14</sup> Segundo traduce Luz Pozo Garza do texto francés, en *Ondas do mar de Vigo*, op cit: 47.

<sup>15</sup> O título en francés e a cita no poema proceden do libro de Jean Markale, xa mencionado.



O eu lírico xa está en Avalón, xa chegou ao Paraíso, compendio e suma das illas míticas, habitadas polos deuses da asolagada Atlántida. Pasiño sobrevén o clímax final, como un acabamento de sinfonía. Hai unha ofrenda moi significativa a Dana, nai de tódolos deuses, antes da explosión mística da última estrofa, cos tópicos da música que suspende os sentidos, a luz vivísima e a rosa que fire docemente. A navegación para Luz Pozo Garza e os seus lectores por este libro apaixonante remata xa, deixándonos nun mundo novo.

NOVO LEABHAR GHABHALA

*Ó meu fillo Gonzalo  
Á miña nora Olivia*

## TORRE DE BREOGHAN

Ith fillo de Breoghan  
esculcaba o horizonte desde o alto  
da Torre de Brigantia

Era nunha noite clarísima de lúa  
Era como un espello toda a palma do mar

E daquela albiscou unha terra moi lonxe  
quizais era unha illa envolvida nas albas  
mar por medio

E chamou polos seus con alborozo  
Non vexo senón nubes  
respondéralle Bred fillo de Breoghan

Ith era experto en singraduras  
Ith era sabio e moi perseverante  
Ith impuxo a súa teima de conquistar Irlanda

Partiron cara ó Noroeste co corazón gozoso  
e con todas as xentes da súa tribo

Tanto vigor e esforzo non consta na Ghabhala  
pero son descendentes de Breoghan e basta...

En Brentracht en Moighi Iotha  
nas costas da invernia  
desembarcan con xúbilo e moi esperanzados...

Sen recelar un chisco do destino inclemente  
que os deuses lles deparan

## INIS ELGA

Así falara Ith fillo de Breoghan  
con voz altiva e grande maxestade  
na longa chaira de Mag Itha:

¿Que terra é esta amigos e quen o voso Rei?  
Inis Elga dixeron  
e dixeron tamén o nome dos tres reis  
que andaban en liortas

Ith entrou na asamblea e puxo paz  
nas vellas disensións entre irmáns disconformes:

A vosa terra é boa e chega para todos  
Calor e frío moderados  
A vosa terra é fértil  
Abonda en peixe e en pantrigo  
Abonda en mel  
Abonda en aves  
Os ríos son fermosos  
Os astros son propicios

Tende boa disposición boa irmandade...

Retírase Ith á súa nao cheo de paz o corazón  
Vai satisfeito de ofrendar a Brigantia unha terra  
tan farta mar por medio

## MORTE DE ITH

Regresa Ith satisfeito sen coidados:  
excedera en saberes ós xuíces da asamblea  
Os seus consellos xustamente louvados

Coidaba conseguir aliados moi fieis  
e festexan o triunfo cos cánticos da patria

Recelaban os nobres:  
mandan xentes armadas para lle sacar a vida  
a Ith fillo de Breoghan o temerario  
poío celo que mostra das terras irlandesas  
e o temor que suscitan as naos ben pertrechadas

E alí mesmo na chaira que hoxe leva o seu nome  
–Mag Iotha– foi ferido de morte

Non se pode enxugar o sangue brigantino  
que mana dunha fonte tan lozana  
e fica o chan tinguido como unha flor vermella

E con pranto e con labios da súa xente  
prodíganlle coidados na nave capitana  
a do fermoso casco de coiros de boi novo  
e izan a vela moura pola dor que os traspasa

Alí Ith o destemido volve a vista a Brigantia  
que ama tanto:

Patria de Breoghan  
Patria querida  
Lonxe de ti son eu  
a miña patria

Xa polo mar maior cos ollos aínda abertos  
Ith o noveno fillo dos dez de Breoghan  
entrega a alma

## PRIMEIRO DISCURSO DE AMIRGIN

Pasaron nove ondas  
pousa Amirgin o pé dereito  
na praia de Ingher Gotha  
na invocación de Irlanda  
e fala por dictame da plenitude cósmica:

Eu son a luminaria que fulgura no Soí  
Eu son a palabra que afasta a luz das tebras  
Eu escoitei a primeira palabra do mundo  
Eu son a ollada que fai medrar as fragas  
Eu son a brétema que defende a citania do inimigo

Eu son as ondas do mar que anuncian o peixe  
Eu son a lúa que alumea a singradura do *curragh*  
Eu son a fragua onde se templa o ferro  
Eu son a lanza que fire certaíra no combate  
Eu son quen divide ouro e ferro a partes iguais  
Eu son a lumarada que escorrenta a alimaña nocturna

Eu son a ferverza no beneficio da sede  
Eu son a voz que fala sen verbas  
Son o soño divino que afasta o mal e a mágoa  
Eu son quen decide a posición dos astros...

Eu son quen deseña o curso dos ríos e as súas afluencias



## CRÓNICA DE AMIRGIN

Nós os fillos de Mil desembarcamos en Inbear Sline  
Ibamos abatidos pola morte de It noso irmán benquerido  
Parecía que Irlanda nos traía de novo outra desgracia  
Partíraselle o remo nun esforzo e caera de costas rompendo  
o espiñazo

Ibamos decididos a enfrontarnos cos donos de Irlanda  
Os Tuatha Dé Danann donos tamén das artes e da maxia  
Unha raza sagrada de deuses e de sabios  
Xente moi poderosa tanto en videncia como en sortilexios  
Así falaban deles con temor e misterio  
e ninguén aseguraba de ónde procederían  
talvez unha raza divina das rexións hiperbóreas  
axiña sentiríamos o seu poder na nosa propia carne

Levaban ós Druídas nos seus desprazamentos  
moi sabios conselleiros magos de grande altura...  
aínda non nos ollaran pero estaban seguros da nosa presenza  
e envolveron a Irlanda nunha brétema densa  
que ningún ollo humano podía traspasar  
Dimos voltas e voltas ó redor destas costas  
ata que con ensalmos retruquei o feitizo  
e así desembarcamos en Inbear Sceine

Recordo que era un xoves víspera das calendas de maio  
sendo o ano do mundo de tres mil cinco centos

## DIÁLOGO DAS TRES DEUSAS

Pasados os tres días  
agardamos en Sleibh Mis  
a chegada de Banba  
a fermosa raíña  
que vestía de púrpura  
con diadema de prata  
Iba cos seus druídas  
e cos homes máis sabios  
Pregunteille o seu nome  
e ela contestou: Banba  
E esta terra que pisas  
tamén se chama Banba  
Pedi que conservaran  
o nome da súa terra  
e foille concedido

Falamos de segundas  
coa Fodla en Eblinne  
Era tamén fermosa  
e vestía de branco  
A cabelcira solta e na man  
unha rama de acivro  
Pregunteille o seu nome  
e respostoume Fodla  
o mesmo que esta terra  
que estades a pisar

Pediu que conservaran  
o nome da súa terra  
e foille concedido de inmediato

Na terceira entrevista  
a raíña Eriu dixo estas palabras:  
Sede benvidos fillos do nobre Mil  
Os nosos vates xa pronosticaron  
a chegada das naves de Brigantia  
Mais esta terra non será para vós  
nin para os vosos fillos  
Trátase do agasallo  
que os deuses me conceden  
Non existe unha illa mellor  
no mundo enteiro  
Eriu me chamo e é sabido  
que os deuses deben perpetuar  
este nome que os mesmos elixiron

Levaba un manto verde  
como os campos de Irlanda  
e era sabia e fermosa  
como a flor da cerdeira

Eu chámome Amirgin  
respondín e prometo  
conservar ese nome tan fermoso  
por enriba do tempo:  
a illa de Irlanda enteira  
hase de chamar Eire

Pediú que conservaran  
o nome da súa terra  
e foille concedido de inmediato

Na terceira entrevista  
a raíña Eriu dixo estas palabras:  
Sede benvidos fillos do nobre Mil  
Os nosos vates xa pronosticaron  
a chegada das naves de Brigantia  
Mais esta terra non será para vós  
nin para os vosos fillos  
Trátase do agasallo  
que os deuses me conceden  
Non existe unha illa mellor  
no mundo enteiro  
Eriu me chamo e é sabido  
que os deuses deben perpetuar  
este nome que os mesmos elexiron

Levaba un manto verde  
como os campos de Irlanda  
e era sabia e fermosa  
como a flor da cerdeira

Eu chámome Amirgin  
respondín e prometo  
conservar ese nome tan fermoso  
por enriba do tempo:  
a illa de Irlanda enteira  
hase de chamar Eire

## DIÁLOGO DE AMIRGIN

Así parlamentei con Banba no seu reino  
Así parlamentei con Fotla no seu reino  
Así parlamentei con Eriu no seu reino  
e prometín que Eire ha ser o nome de Irlanda  
para sempre

Elas quixeron coñecer a miña identidade  
e preguntou a raíña Banba:

Acaso es ti o tributario do Sol  
O dono do misterio  
a Lúa en fase crecente

E preguntou a raíña Fotla:

que sabes da correspondencia  
dos sete metais  
penetras na sabedoría dos Tuatha Dé Danann  
na relación da arpa e o sistema solar

E preguntou a raíña Eriu:

coñeces o fulgor da escritura oghámica  
o dominio das letras primordiais no cosmos  
as sílabas que impulsan o navío  
sen velas e sen remos

Eu Amirgin fun quen de responder:  
intégrome na Ara Solis das Fisterras  
na inmobilidade do centro místico  
na forza ascensional da Tor de Breogham

*Son a ponte que abrangue*  
as mil rías atlánticas das Fisterras

## LITOFANÍAS

Aquí reside a iniciación das formas  
a mística da luz mais no principio  
sería o milladoiro un contido enerxético  
que arela xa unha forma

Pero quen deseñaron os ritmos megalíticos  
Anta de Moruxosa na serra de Bocelo  
Dolme de Axeitos Dolme de Dombate  
Dolme de Legananny nas montañas de Mourne  
Dronnberg Stone Circle no solsticio de inverno  
Menhir de Kilmalkedar nun alfabeto oghámico  
ou tantos achegados ó misterio da terra  
a nosa Serra Faladoira de alucinados labirintos  
e o meu sacralizado Circo de Stonehenge  
en Salisbury  
por onde moitas noites encomendo os meus soños  
de espazos circulares e de ritmos concéntricos  
Son as rodas solares dos nosos Finisterres  
e esas pedras azuis que chantaron os deuses  
ó redor dun altar centro do mundo e onfalo  
do Universo...  
Ben quixera eu pasar as noites de luada  
nese centro do cosmos non-ser da nada mística  
e enchouparme na luz dalgunha estrela...

Apréndenos o culto destas litofanías  
A cerimonia axial para o coñecemento místico  
O rito do inconsciente na memoria solar

## AVALON AVALON

...e contemplar contemplo na alma toda  
aquela illa ensoñada diamante fuxidío  
nin sei cómo arribara a esta terra misteríca  
que se oculta e reserva  
e souben que era a Illa de Emain Ablach  
que chaman Avalon ou País das mazairas  
só tiña na memoria aquela estrofa  
incisa asumida no tempo:

«Quel pays merveilleux que ce pays  
les jeunes n'y vieillissent point...»

e souben que era a terra das mazairas celestes  
dos deuses hiperbóreos os donos do saber  
da asolagada Atlántida  
da asolagada Atlántida  
da asolagada Atlántida...

...aquí non hai delirios nin paixón nin designios  
hai camelias conscientes flores que deciden o aroma  
a fragancia precisa para cada misterio:  
crisantemos de inverno ou vellorita dos druídas  
perennifolio acivro inda hoxe sacrosanto  
ou glicinias exóticas consagradas a Dana...  
...e a ti ofrendo Nai de todos os deuses  
no ritmo boreal dos Tuatha Dé Danann  
o alfabeto celeste  
o dominio dos astros...



En Avalon hai ramas de brancura incisiva  
fritos de ouro purísimo e moi fráxiles  
como de vento extremo distanciados e sen patria  
non son manxares para dar sustento  
son unha forma esencial da concordia absoluta  
unha visión total da suprema harmonía...

Oh música enigmática que vén de nin se sabe!  
música que non se explica por salterios nin cítaras nin arpas!  
Oh luz radiante! Oh música que escurece os sentidos!  
Oh rosa sen mudanza que fire docemente!  
Oh eternidade que acende vida e morte  
nunha chama vivísima no exterminio da rosa...!

# IWERDDON





## LA VOZ DE LA TIERRA

*Texto de Michael Scott*

*Traducción ó castelán de Dana-Mónica*

¡Tierra a la vista! ¡Tierra a la vista!

Los gritos del vigía llevaron a todos a babor intentando dar forma a “la tierra mágica” de la que tanto habían oído hablar. Habían abandonado su tierra natal para buscar esta isla, pero la bruma matinal se esparcía a través de las olas impidiendo la visión.

Emer Donn, el mayor de los hijos de Mil, se dirigió hacia la proa del barco y echó un vistazo a través de la niebla. El hombre bajo y moreno movió su cabeza con enfado y le gritó al vigía, atado al mástil principal: ¿Qué pasa?

Erannan, su hermano menor, ensombreció sus ojos pálidos con sus manos y miró a través del mar sobre la superficie de la niebla en movimiento. Veo tierra verde, playa dorada y bosque. Puedo oler la esencia de la tierra y del bosque.

Emer Donn echó su cabeza hacia atrás y respiró profundamente: todo lo que podía oler era el mar salado y ver demasiados humanos apretados en un espacio pequeño.

¿Estás seguro de que no es una nube?, preguntó.

Un hombre alto de pelo blanco se puso delante del jefe. Emer Donn se vio forzado a mirar a los ojos gris-pálido del hombre mayor. Esto no es un sueño, no lo es esta vez, dijo el hombre de pelo blanco suavemente. Finalmente has alcanzado tu destino.

¿Estás seguro?, preguntó en voz alta.

Estoy seguro, dijo tranquilamente el mago Amergín.

Emer Donn todavía miraba con duda, aunque Amergín era una de las razones de que hubieran elegido este rumbo. El hombre santo les había prometido que una tierra especial, una tierra mágica yacía en esta dirección. Una tierra donde uno de sus antepasados, el jefe-guerrero Nemed, había reinado. Su gente, los Nemedios, habían derrotado a los terribles Fomorianos pero a su vez habían sido vencidos por los Firbolg. Muchos de los guerreros derrotados habían huido a la tierra

del este de la isla de Erín (Inglaterra), o incluso más al sur, hacia la gran tierra que rodea el mar del medio –costa francesa, Golfo de Vizcaya, mar Cantábrico, costa de Galicia–. Allí habían prosperado y crecido fuertes otra vez, pero nunca olvidaron la leyenda de la tierra de Erín y ahora volvían otra vez. Volvían a casa.

Amergín miró las nubes, buscando el disco solar naranja-pálido. Esta niebla pronto se levantará. Señaló hacia babor. Fija el rumbo allí, estaremos cerca de la playa cuando se levante la bruma; vararemos cuando la marea esté baja y después llegaremos a la orilla.

Emer Donn parecía incómodo. Pasaba la mano sobre su calva perfecta. No me gusta arribar tan cerca de la orilla sin tener idea de adónde vamos. Puede haber arrecifes o rocas escondidas en el agua.

Amergín se inclinó hacia estribor y echó un vistazo al agua, sus ojos casi sin color tomaron el gris-azul del mar. Cruzó el puente para mirar desde babor, cerrando casi los ojos a causa del brillo de las olas. Si mantienes el rumbo, dijo finalmente, no encontrarás ningún obstáculo. Hay rocas allí, allí... y allá, señaló. Pero si sigues este curso no tienes que preocuparte.

El capitán estuvo a punto de preguntar cómo el hombre mayor hablaba con tanta autoridad, pero se contentó con gritar a la tripulación las órdenes.

Amergín había sido uno de los amigos más íntimos de su padre y el consejero de mayor confianza. Había incluso rumores de que eran parientes en cierta manera. Lo que era totalmente cierto es que si Mil hubiera seguido el consejo de Amergín habría sobrevivido.

Amergín se asomó por la proa del barco de madera y observó la bruma. Su cabeza se inclinó hacia un lado, escuchando, clasificando los sonidos del mar y el viento, sin dejar que esos sonidos gradualmente cubrieran su inconsciente. Concentrarse en los sonidos del “otro mundo”, el reino del espíritu y de la magia. Ahora era mayor, mucho mayor que Emer Donn, el hijo mayor de Mil. Sabía que se sospechaba que Amergín era el hermano ilegítimo del rey muerto, Mil. Pero él era mayor cuando Mil nació. Había aconsejado al padre de Mil, a Mil y ahora aconsejaba a los hijos de Mil. Algunos le llamaban druida, o brujo, mago. Un hombre santo, pero la verdad es que no era

nada de eso. Aunque su padre era humano, su madre era una de las criaturas no-humanas que embrujaban los bosques salvajes. De su madre había recibido el don de la longevidad y su apreciación del mundo no humano. Amergín nunca se llamó a sí mismo mago o brujo, aunque era las dos cosas y más, pero prefería verse a sí mismo a tono con los espíritus y los elementos de la naturaleza. Todo tenía una esencia, un alma... y si uno escuchara esa voz, entonces adquiriría más conocimiento, y conocimiento era el último poder. Escuchaba ahora miríadas de sonidos de la tierra cercana. Era rica en magia y poder; las voces eran fuertes, vibrantes, clamorosas, deseosas de susurrarle. Él reconocía viento y mar, tierra y aire, expansión y espíritu en las voces. Los labios del anciano se movían mientras interpretaba la canción mágica de la tierra. Mírame, susurraban, óyeme, murmuraban, escúchame....

“Yo soy el viento del mar...”

“Yo soy las olas que envuelven el poderoso océano...”

“Yo soy la voz del mar...”

“Yo soy el toro de las siete batallas...”

“Yo soy la corneja que habita en el acantilado...”

“Yo soy la ínfima gota de rocío...”

“Yo soy la más hermosa de todas las flores...”

“Yo soy el más fuerte de todos los jabalíes...”

“Yo soy el más sabio de todos los salmones...”

“Yo soy el más profundo de los lagos en esta tierra...”

“Yo soy el espíritu que guía al hombre...”

“Yo soy la fuente de la destreza del hombre...”

“Yo soy el poder de la muerte...”

“Yo soy el espíritu que el hombre llama Dios...”

Como Amergín había predecido, estaban cerca de la playa cuando el sol de la mañana consumió finalmente la bruma. La tierra se abrió en un panorama de playa dorada respaldada por un bosque oscuro con apariencia sombría. Ahora las esencias de vida y expansión eran claras y distintas en el aire...

Emer Donn respiró profundamente. Saboreaba la rica humedad de la tierra después de secarse, la cortante salinidad del viaje. De repente, sus ojos se llenaron de lágrimas; su padre debería estar aquí para ver esto.

La mano callosa de Amergín cayó sobre el hombro descubierto del capitán. Él está aquí contigo, dijo el anciano suavemente, mientras tú y tus hermanos viváis, él vive dentro de todos vosotros. El nombre de los hijos de Mil vivirá para siempre en la historia de esta isla. Porque en cientos de generaciones, esta tierra pertenecerá a tu gente.

Emer Donn asintió con la cabeza mirando hacia la tierra. ¿Y qué pasa con la Tribu de Dana -Tuatha de Dannan? Ahora ellos gobiernan la isla.

Toda estirpe tiene su momento, un mundo en el que vivir. La Tribu de Dana ya ha vivido más allá de su tiempo; el mundo está cambiando dejándolos a ellos y su magia ancestral atrás. Ellos extrajeron su poder mágico de la tierra y del mar, usándolo descuidadamente. Pensaron que no se acabaría pero no era una provisión inagotable. Han gastado la mayor parte de la magia en este mundo. Dentro de cien años, otra parte de la magia se habrá agotado. Dentro de mil, solamente un mínimo indicio permanecerá. Lo que tú y yo encontramos ahora como normal, parte de la vida de todos los días, a los hijos de los hijos de nuestros hijos asombrará mañana.

No veo la cuestión, viejo. Emer Donn interrumpió.

La cuestión es que la Tribu de Dana es débil; puede ser derrotada... y entonces la tierra de Erín será tuya.

Emer Donn pasó la mano por su cabeza calva y miró hacia la tierra. Finalmente asintió. Mis antepasados en un tiempo reinaron en esta tierra; encaja que debamos volver aquí. Miró penetrantemente al anciano. ¿Habrà guerra?

Amergín se encogió de hombros. No sé... pero no creo que la Tribu de Dana abandone la tierra sin luchar.

Emer Donn asintió otra vez, también eso es bueno. Si ellos abandonasen la tierra yo pensaría entonces que la tierra misma no valdría la pena como para luchar por ella.

Esta tierra vale la pena, dijo Amergín fieramente. Esta tierra es poderosa. He oído sus voces, escuchado su canción.

Temo a esas Gentes de Dana, Emer Donn dijo de repente, porque están cerca de los dioses. Pero creo que te temo más a ti, Amergín, porque puedes ser un demonio.

El anciano apretó el hombro del guerrero haciéndole estremecerse por la fuerza del apretón. No soy demonio, yo soy simplemente un hombre, aunque soy ambos, más o menos como un humano.

El hijo mayor de Mil se volvió para ver cómo el hombre de pelo blanco atravesaba el barco. Fuese lo que fuese Amergín –dios o demonio, mago o brujo– no era un hombre. Se estaba volviendo para seguir al anciano cuando vio movimiento en la playa. El guerrero chasqueó los dientes con frustración. Esperaba desembarcar en la playa antes de ser visto, pero tendría que saber de antemano que esa maldita Tribu de Dana tenía espías por todos lados. Probablemente habrían circundado toda la isla con un tipo de encantamiento mágico que los avisaba cuando se aproximaban extraños. Ahora sabía que su propósito no tenía esperanza. Enfrentarse en batalla en la playa sería suicida en esas circunstancias. ¿Cuántos ves?, le preguntó a Erannan mirando hacia el mástil.

Tres, hermano.

¿Tres qué?, Emer Donn dijo en un tono brusco. ¿Tres legiones, tres cohortes, tres ejércitos? ¿Cuántos?

Erannan se asomó para mirar hacia abajo, hacia la brillante cabeza calva de su hermano. Sólo tres, hermano, nada más. Tres figuras que visten ropajes largos de oro, plata y bronce. Parecen mujeres, añadió.

¿Mujeres?, Emer Donn dijo varias palabrotas. Brujas entonces, mandadas para encantarnos.

Peor, dijo Amergín caminando en silencio detrás de Emer Donn. Ellas son los espíritus de la tierra.

Emer Donn remaba en un pequeño bote de madera y de coraza de piel llevando a Amergín a la orilla. Ningún hombre habló durante el corto trayecto a la playa. Ambos se concentraban en las figuras encapuchadas de ropajes largos y esperando en lo alto de la playa, a la sombra de los árboles que bordeaban la arena. Las figuras parecían vagamente femeninas, aunque con las capas de capucha sobre las vestimentas de oro, plata y bronce era imposible distinguir sus rasgos.



La arena rozó el fondo de la coraza del bote. Manteniéndose firme con una mano, Amergin saltó en el agua fría y después empujó el bote hacia las olas.

Déjame ir contigo, dijo Emer Donn.

El anciano movió la cabeza. Sólo yo puedo hacer esto. Si tengo éxito, tomaremos esta tierra. Si fallo, la tierra misma conspiraría para vencernos.

¿Cómo sabré si todo va bien?, gritó el guerrero mientras las olas llevaban el bote mar adentro.

¡Todavía estaré vivo! dijo Amergín severamente.

El anciano podía sentir el poder que irradiaban las tres figuras mientras él subía por la playa. Sus poderes eran tan potentes que las arenas bajo los pies de Amergín lentamente se curvaban y se revolvían en unos diseños ancestrales y el aire sabía metálico, con poder. Amergín sintió que el pelo de su nuca, sus brazos y su cabeza empezaban a erizarse y moverse por su propia cuenta, y cuando frotaba la mano en su ropa, una llama azul aparecía entre sus yemas y la ropa. Sin desear acercarse demasiado, paró e hizo una reverencia a cada una de las figuras. Me hacen un honor con su presencia, dijo.

Te damos la bienvenida. Las tres figuras hablaron como si fueran una. Sus voces tan perfectamente emparejadas que a él se le hacía imposible distinguir una de las otras. ¿Has escuchado nuestra canción?, preguntaron.

Amergín miró hacia la figura central, la mujer vestida de oro. Soy el viento del mar, soy las olas que envuelven el poderoso océano, la voz del mar...

Las tres mujeres asintieron. Sí, oíste nuestra llamada. ¡Entonces, hay gente con poder entre los tuyos!

Hemos sido criados a la manera antigua, dijo Amergín.

¿Honras a la tierra? -preguntó, esta vez, la mujer de la derecha vestida de bronce-

¿Y respetas las aguas? -demandó, a la izquierda, la mujer vestida de plata-

Amergín hizo una reverencia otra vez. Honramos la tierra que nos sostiene; respetamos las aguas que nos dan vida. Nuestros ritua-

les son los antiguos rituales; nuestros dioses y espíritus son aquellos de la tierra y aire, fuego y agua. No tomamos más de lo que necesitamos de la tierra, y lo que cogemos, lo reemplazamos.

Las dos figuras de los lados miraron a la central, vestida de oro, y Amergín se figuró que las mujeres estaban deliberando en silencio. Ahora se dio cuenta de que cada palabra era crucial. Él había hablado antes a espíritus y demonios pero nunca había experimentado tanto poder como éste.

La mujer vestida de oro dio un paso hacia adelante mientras sus dos compañeras se separaban un poco. El anciano notó el acercamiento porque el aire entre ellos se rompía con energía. Mantenía los ojos bajos: el mirar a la cara a esas criaturas era una invitación a la ceguera, locura o muerte.

Somos las Tres que es Una, y Una que es esta tierra. Somos el espíritu de este lugar, la esencia de la tierra y el agua, los bosques, los lagos, los acantilados y los pantanos. Somos la tierra. Aunque Amergín estaba delante de la criatura, su voz sonaba perdida y distante. ¿Se asentaría tu gente en esta tierra?, preguntó.

Ésa no es mi gente, éstos son los seguidores de Mil, un orgulloso y bravo guerrero que soñaba con esta tierra. Ahora está muerto y sus hijos han jurado realizar su último deseo; que su gente debería un día volver a esta tierra. Ahora han vuelto y les gustaría asentarse en esta tierra tan agradable.

Ha habido otros antes que tú, algunos agresivos y ordinarios, otros apacibles. Ahora La Tribu de Dana posee esta tierra. ¿Crees que puedes vencerlos?

Sólo podemos intentarlo, son una gran raza fuerte y arrogante pero quizá esa misma arrogancia puede probar su perdición.

No honran la tierra, dijo la mujer de túnica de oro.

La Tribu de Dana, las Gentes de la Diosa, destruyeron su previa tierra, dijo Amergín suavemente, Temo que lo hagan otra vez.

La figura de ropas doradas asintió. Compartimos ese miedo. Soy Banba, dijo de repente.

Amergín hizo una inclinación en silencio.

Sabrás que los dioses dependemos de que los humanos nos veneren como sustento. Cuanta más gente nos adore más fuertes nos volvemos.

El anciano asintió otra vez. Todos los dioses de los hombres compiten por la fe de los que les adoran. La fe de los humanos les dio a los dioses esencia y poder.

Somos las Tres que es Una, y Una es la tierra, dijo Banba suavemente. Somos iguales y aún así deseáramos que fuese lo contrario. El orden natural es que una gobierne y las otras la sigan. Júrame ahora, anciano, que tus seguidores llamen a la tierra en mi honor, y me moveré en contra de la Tribu de Dana y serás victorioso.

Amergín miró a la izquierda y derecha, a las dos figuras que llevaban túnicas de plata y de bronce. Ellas no lo deben saber.

Banba asintió. Ellas no lo deben saber por ahora, si no habrá disensión entre nosotras y nuestra batalla partirá la tierra totalmente. Nombra esta tierra en mi honor y cada vez que mi nombre sea mencionado, extraeré fuerza de eso,

Será un honor instruir a mi gente para que llamen a esta tierra Banba.

La figura vestida de oro siseó con placer y entonces, sin decir una palabra, se volvió y se deslizó silenciosamente hacia la parte alta de la playa. Amergín notó como si un peso se le quitara del pecho.

La mujer de túnica de plata, a la izquierda de Amergín, fue la siguiente en llegar. Su poder mágico era más fuerte, agudo, el aire era desapacible por la energía. Considerando que la energía de Banba había sido una presión sólida contra el cuerpo de Amergín, esto era un sentimiento más violento, casi doloroso.

Soy Fodla, dijo la mujer sin ningún preámbulo.

Tengo el honor, dijo Amergín, manteniendo su vista baja, mirando al suelo. Sin atreverse a cruzarse con su mirada.

Tu gente me necesita, dijo firmemente la criatura. Instrúyeles para que me rindan culto... y levantaré la tierra en su favor. Estate de acuerdo, y puedes marchar confiado de que la tierra es tuya.

Nombraremos a la tierra en tu honor, dijo Amergín. ¿Pero qué pasa con las otras dos...? preguntó en voz alta. ¿Qué pasa con tus hermanas?

No deben saber, dijo Fodla inmediatamente y Amergín notó que incluso su voz era más aguda y violenta que la de Banba. La figura retrocedió y el anciano sintió una ola de alivio mientras ella se marchaba.

Amergín sintió la presencia de la tercera mujer vestida de bronce como un baño de agua templada que abrazaba su cuerpo. Era dulce, placentera.

No sé qué querían mis hermanas, murmuró. Aunque me imagino que sus peticiones son análogas a la mía. Soy Erín, y mi petición es la misma... mi oferta idéntica. Adórame y esta tierra será tuya.

El anciano hizo otra reverencia. Es un nombre magnífico. Haré lo que tú dices. Esta tierra se llamará Erín.

Mis hermanas no lo deben saber, dijo la mujer de la túnica de bronce.

No lo sabrán. Danos esta tierra y en los días y noches venideros escucharás a los seguidores de los hijos de Mil hablar de esta tierra con tu nombre.

Erín asintió. Eso me hará fuerte, dijo moviéndose hacia atrás.

Amergín esperó a que las tres figuras hubieran reasumido sus posiciones originales, con Banba en el centro, la plateada Fodla a su izquierda y la de bronce Erín a su derecha. Soy Amergín, dijo en voz alta. Os he dado mi nombre y por consiguiente me pongo en vuestras manos. He hecho a cada una de vosotras un juramento y a su vez cada una de vosotras me ha hecho una promesa. Yo guardaré esa promesa... ¿Guardaréis la vuestra?

La guardaremos, las mujeres contestaron a una.

Entonces que así sea, dijo Amergín inclinándose. Los días de la Tribu de Dana están contados, el reino de los hijos de Mil va a comenzar. Volviendo la espalda a las tres figuras, caminó por la orilla de la playa. Cuando miró atrás por encima de su hombro ya se habían marchado. Una sonrisa torció el labio del anciano: se preguntaba qué iba a pasar cuando ellas descubrieran que las había engañado. Se preguntaba qué pensarían cuando descubrieran que él iba a instruir a los hijos de Mil para que llamasen a la tierra Banba, Fodla o Erín. Ellas ganarían el poder pero permanecerían iguales. Seguro que estarían de acuerdo.



*Claudio Rodríguez Fer*

## IR A IRLANDA





## IR A IRLANDA

*Claudio Rodríguez Fer*

Ir a Irlanda, terra do Eire. Eu nacín querendo ir á Irlanda celta nos verdes ollos da miña nai, medrei querendo asistir á Irlanda asoballada coa solidariedade do meu pai, madurei cara á Irlanda mítica e real na compañía de quen ama ir a Irlanda. E igual que fun sen ir tamén sen ir fun. Así se fixeron *Viaxes a ti*, así se fan *Viaxes ao Paraíso*.

A especular Irlanda naceu sobre o verde da herba e das árbores para vivir baixo o verde das esperanzas, dos símbolos e das bandeiras. O visitante anota verdecente na illa máis celta:

### VERDE

Todo é verde  
baixo o teu nome.

O verde recobre os monumentos megalíticos da Prehistoria, o verde identifícase coa invasión celta e a cultura que alí asenta na Idade Antiga, o verde exprésase en lingua gaélica e fertiliza as cuñas e as pedras do destino, o verde asiste á cristianización e ás incursións viquingas e subsiste á colonización de normandos e de ingleses, o verde emigra famélico aos Estados Unidos de América e os reviste de tal, o verde reverdece co renacemento cultural e os estalidos patrióticos revolucionarios, o verde amusga sobre a guerra civil e a partición da illa dando orixe á República de Irlanda, o verde é o zume céltico da literatura e das artes en todas as linguas do mundo, o verde pinta a cebada que inunda os campos e as cidades coa xerfa sen fin da cervexa totémica...

### IRLANDA

Palpamos a Pedra do Destino,  
baixamos aos túmulos sagrados,  
subimos ás verdes cuñas do mito  
e compartimos os libros de nós sós  
para bebermos a cervexa da vida.

Porque a vida foi mellor compartida con Jonathan Swift, Laurence Sterne, Oscar Wilde, Bram Stoker, Lord Dunsany, George



Bernard Shaw, Lady Gregory, Willian Butler Yeats, Sean O'Casey, James Joyce, Samuel Beckett... e tantos excelentes escritores irlandeses que, con independencia da súa orixe, pero tamén pola súa orixe, verdadeiramente fixeron da literatura parte da miña existencia, e só con nomealos se me pon unha cousa verde e fresca nos ollos e na boca. Ademais, dende o medieval Leabhar Gabhála Érennn, épico *Libro das Conquistas de Irlanda*, á lírica actual de Seamus Heaney, eu lin moitas veces a produción literaria irlandesa polo simple feito de selo e nunca deixou de interesarme.

En efecto, Irlanda emerxe en nós como a fascinante torre redonda do primitivo mosteiro lacustre de Glendalough, fantasmagórico emblema do pasado en medio do verde presente, tal se a civilización pretérita dos fundadores fose anterior á natureza actual dos visitantes.

### Do Eire de pedra ao Eire de metal

A era dos megálitos deixou no Eire dolmens que aínda protagonizan lugares tan cheos de beleza e simboloxía neolítica como o Val do Boyne, escenario da fatídica derrota histórica ante os ingleses, onde se atravesan todas as idades dende o presente perpetuo, único que hai.

#### TÚMULOS

Descendemos  
á Idade de Pedra  
e xa entón era igual.



Estátua de Molly Malone (Dublín)

O máis grande e fermoso túmulo é a impresionante cámara funeraria de Brú na Bóinne (Newgrange), composta por un enorme dolmen (93 metros de diámetro e 12 de altura) arrodeado dun círculo de menhires e hoxe restaurado e convertido nun gran centro turístico. O recinto, parece que construído en función do culto solar, contén unha variada decoración simbólica baseada na espiral, no círculo, no arco, no rombo e na onda, a miúdo en formas concéntricas e serpeantes. Trátase, pois, de enigmáticos labirintos naturistas relacionados coa terra, co sol ou coa auga e, por tanto, quizais correlativamente, coa morte, coa divindade ou coa vida.

Os famosos gravados rupestres de Brú na Bóinne, descubertos con Carmen Blanco na nosa xuventude, serviron de base para algún dos debuxos do meu libro *Tigres de ternura*, por ela deseñado, en harmonía espiral con toda a xeométrica simboloxía neolítica xa antes de irmos a Irlanda. Aqueles restos prehistóricos convertéronse co tempo en símbolos asimilados pola cultura celta alí establecida, mais tamén en iconas da nosa propia historia persoal. Así, o labirinto e a espiral que María Lopo considerou nos cadernos de *Unión libre*, en sintonía con Venceslas Kruta e demais celtólogos, como símbolos fundamentais da civilización dos celtas, reveláronsenos triplos aos tres en Brú na Bóinne dende tres mil anos antes de Cristo.

#### BRÚ NA BÓINNE

A espiral primixenia  
eran tres na prehistoria.

Xa na Idade Antiga, a Irlanda celta tivo entre os seus centros político-relixiosos o outeiro de Tara, un mítico lugar de pasado neolítico, como acredita o funerario dolmen de corredor existente na cuíña dende a Idade de Pedra. Non en van atopamos en simbólico encontro imprevisto, gravada nunha rocha de granito, unha case esvaecida *Sheela-na-Gigs*, pétrea figuración dunha divindade da fecundidade feminina.

Ademais, en Tara proclamáronse os reis de Meath e, máis tarde, os reis supremos, sobre a Pedra do Destino (*Lia Fáil*), fálico símbolo da fertilidade que, segundo a lenda, bruaba cando o candidato era aceptado. Antigo lugar de reunión de reis, nobres, guerreiros e druídas, foino despois de independentistas, nostálxicos, artistas e amantes das

ruínas, ata converterse hoxe en centro de atracción histórica e, por suposto, tamén de explotación turística.

Alí concibiú Carmen Blanco o seu escrito “Tres en Tara”, incluído no seu libro *Vermella con lobos*: “Estivera en Tara. Estivéramos tres en Tara e víramos o centro alto do poder cubrindo o centro da vida. Soñaba eu con este primeiro centro cálido iluminado no solsticio. Como o soñá-bamos os tres”. O camiño de regreso, chovendo corvos no gris sobre cabalos no verde, quedou tamén acuñado no caderniño de notas onde foi agromando o relato: “Volviamos de ter estado en Tara e o negro dos corvos co marrón dos cabalos sobre o verde máis profundo baixo a chuva contiña toda a beleza do mundo. Tres miradas a contemplaban”.

Tamén alí concibiú María Lopo a súa teoría do mito incesante de Tara no ensaio sobre “Amor e celtismo”, publicado en *Unión libre*. Nel mostra como a fascinación por Tara, símbolo da terra e da rexeneración da vida, continúa transvasada a América na nova Tara da novela *Foise co vento*, de Margaret Mitchell (filla dunha sufraxista irlandesa), e da súa famosa adaptación cinematográfica. En efecto, nestas obras a terra segue a ser vista como nai polos personaxes de sangue celta e a forza da familia O’Hara vén precisamente daquel humus do que forman parte indisociable.

E mentres chove sobre o contorno da cuíña orixinal de todas as superposicións e de todos os transvases, Tara está no centro das triplas mitoloxías: as primixenias e autóctonas do Eire, as ficcionalizadas tras a emigración e a mestizaxe, as vividas polos visitantes de maneira persoal e intransferible.

#### TARA

Soamente pedra fita  
na terra fértil e fecunda  
dos vosos outeiros  
ubérrimos e ancestrais.

Mais a bela Irlanda que arrodea de auga, de verde e de granito o neolítico Val do Boyne e a céltica cuíña de Tara contén unha sincopada sinfonía de costas e ribeiras, vales e montañas, lagos e fervenzas, dolmens e crómlechs, igrexas e castelos, espirais e cruces, praias e baías... E un bo número de illas perdidas no contorno marítimo da illa,

como Valentia, no condado de Kerry, en cuxo cemiterio de Kilmore repousan, por certo, decenas de mariñeiros galegos traxicamente falecidos no mar.

Na tamén arredada península de Dingle, no mesmo condado de Kerry, lugar que a revista *National Geographic Traveller* chegou a cualificar como o máis fermoso da Terra, atópanse as grandiosas praias e as impresionantes paraxes rodadas por David Lean na película *A filla de Ryan*. Trátase dun contorno no que aínda sobrevive a lingua gaélica, resistindo os embates do tempo como os *clocháin* (sólidas chozas de pedra en forma de colmea) e os *currachs* (lixoiras embarcacións de pel animal cosida, actualmente substituída por tea alcatranada).

A omnipresente cruz celta fusiona nunha variada e decorada estatuaria de riquísima iconografía a roda solar pagá e a cruz cristiá, pois os brazos desta aparecen sempre significativamente circundados polo círculo precristián. E, de feito, seguindo similar deriva, púidose percorrer a pé a baía de Dublín, inzada de torres e de rochas, envolvendo na conversa o mar do descubrimento. Non en van o topónimo Dublín é anglicismo do gaélico Dubhlinn, que significa Estanque Negro, aínda que a cidade foi denominada tamén nesta última lingua Baile Átha Cliath (algo así como A vila do vao do valo das varas).

## Dublín e a Irlanda da historia

Arribase a Dublín chovendo ou non se arriba. Eu arribei a un Dublín literario na miña adolescencia mentres chovía en Lugo e lía e relía a novela *Ulises* e outras obras dublinesas de James Joyce. Como a de tantos lectores do mundo, esta foi a miña primeira visita e visión da capital da República de Irlanda. Así que cando arribei en persoa non me foi difícil recoñecer este Dublín joyceano, polo demais sinalado nunha rota por toda a cidade e revivido no Centro James Joyce, onde mesmo se conserva a porta orixinal do número 7 de Eccles Street, morada dos personaxes Leopold e Molly Bloom no *Ulises*.

En Duke Street, o Pub Davy Byrnes decorado con iconografía joyceana e radicado no lugar onde almorza Leopold Bloom no *Ulises*, ofrece un menú co mesmo que alí comeu o personaxe na novela, e en Parnell Street, o Convay's Pub and Restaurant, lembra autor e obra nunha placa. A espiral da creatividade e do recoñecemento non se

detén nunca: a cidade que deu vida á novela ve agora como a novela dá vida á cidade, e a cidade que se alimenta daquela creación alimenta á súa vez outras creacións.

Do mesmo xeito, Joyce está omnipresente na súa amada e odiada cidade nativa, dende o busto en St. Stephen's Green á estatua hiperealista en Earl Street, sen esquecer o contorno da capital, pois na próxima torre de Sandycove, que leva o seu nome, existe un museo en lembranza do seu axitado aloxamento nela. Polo demais, lugares públicos e privados aluden ao seu nome ou ao dos seus personaxes por toda Irlanda, dende a fonte dedicada a Anna Livia Plurabelle, personificación joyceana do río Liffey que atravesa Dublín, á floraría Molly Blooms.

Mais a insistente metaliteratura urbana e a simbólica bibliofaxia irlandesa non se deteñen en Joyce e afectan a todos os grandes escritores angloirlandeses, tan lidos e admirados por min dende moi novo. Dende logo, non esquecín o encontro coa casa natal de Jonathan Swift, nin a placa e o seu busto na catedral, nin o próximo edificio con curiosos relevos inspirados en *As viaxes de Gulliver*. Non en van o primeiro escritor irlandés que lin, xa na adolescencia, foi precisamente Swift, a quen quizais seguira o tamén clásico e polifacético Goldsmith.

E, coa mesma óptica, gostei de ver a antiga vivenda de Yeats en Merrion Square e o colorido monumento a Wilde en Merrion Square Park, á beira da súa morada familiar, así como o museo e casa natal de Shaw en Synge Street. Non moi lonxe, en Harcourt Street, morou Bram Stoker e acaso o seu propio *Drácula*. E tampouco a Universidade esquece a sinalética literaria: unha placa lembra na Newman House do católico University College a Hopkins como profesor e a Joyce como alumno, mentres que no anglicano Trinity College outras placas sitúan o Centro Samuel Beckett. O Bewley's Cafe (Grafton Street), fundado por cuáqueros, garda memoria de clientes como Yeats, Shaw, Wilde, Joyce, O'Casey ou Beckett. E a todos eles e a moitos máis hai referencias no interesante Museo de Escritores de Dublín. Porque a capital de Irlanda foi tumba ou berce dos máis varios autores, dende Lord Dunsany a Iris Murdoch.

## LITERATURA

Os libros están abertos  
nas torres e nas rúas  
e os autores bébense  
e cómense nos pubs.

Polo demais, o Trinity College dispón nun interesante campus da súa antiga e millonaria biblioteca, unha das máis valiosas e fermosas do mundo, representada ao público pola fastosa, longa e alta sala de madeira con bóvedas de canón, franqueada por bustos de escritores en mármore. No seu centro exhibese a máis antiga arpa irlandesa, chamada de Brian Boru por ter sido este un mítico rei, bardo e arpista medieval, aínda que moi anterior ao instrumento exhibido (a arpa é o emblema do escudo e a moeda e, en xeral, o símbolo de Irlanda). Entre as múltiples xoias antigas e modernas, dende o papiro ao libro, gárdanse aquí numerosos e característicos manuscritos iluminados da Idade Media, como o marabilloso *Libro de Kells*, un dos evanxeliarios que non esquece o mundo cotián nin a presenza animal. En fin, un lugar de onde non quixen nunca marchar, como Brú na Bóinne ou a cuíña de Tara.

Mais a historia configura, en boa medida, Dublín como un libro aberto ao tempo, dende a Catedral de San Patricio, evanxelizador de Irlanda, ao reconstruído castelo ou ao museo masón. E o mesmo ocorre coa arte, sobre todo na variada Galería Nacional, que contén moita pintura irlandesa (por exemplo, as características escenas de Jack B. Yeats), pero tamén foránea (por exemplo, a “Muller escribindo unha carta, e a súa criada”, de Vermeer, e “Unha muller lendo unha carta” de Metsu), sen esquecer outras galerías, como a da Royal Hibernian Academy ou a do National Photographic Archive.



Ireland Cards

Non obstante, o recinto máis frecuentado, por particular querenza de Carmen Blanco, resultou ser para nós o Museo Nacional de Irlanda, interesante edificio cheo de antigüidades pagás e cristiás (caldeiros de bronce, torques de ouro, broches e fibelas, cruces e cálices). Alí, os obxectos do museo conectan directamente cos espazos musealizados ao aire libre, que a mesma Carmen Blanco evocaría conxuntamente no citado texto “Tres en Tara”: “Tres contemplaran tamén os torques, a trompa, o triángulo, o tríscele. Tres a tripla espiral”. E non foi aquela hora só da espiral da palabra, senón que se impuxo a da imaxe da trompa bocexada ou a do signo oghámico reproducindo o nome amado.

E por suposto foi tamén a hora da gran espiral do tempo. Neste sentido, resultou particularmente impresionante a canoa prehistórica de Lurgan, consistente nun enorme carballo baleirado sobre o ano 2.500 a. C. que se preservou por atoparse fosilizado en turba e que dá a impresión de ser un dos obxectos humanos máis vellos conservados no mundo (por certo, tamén en madeira se conserva unha magnífica gran roda para carro que parece conter toda a vida humana na súa circunferencia).

Algunha das xoias do Museo Nacional de Irlanda fora xa debuxada por Sara Lamas para ilustrar o número de *Unión libre* dedicado ao mundo celta, como o fermoso barco de ouro de Kerry, á parte de que a mesma artista retomou tamén a escritura oghámica cunha estética máis ben abstracta e informalista en dito monográfico. Da prehistoria á independencia, pasando pola incursión viquinga, a filigrana da historia e da arte se entretece con fío de ouro e de sangue como o medieval broche de Tara alí exposto.

Moitas son as lembranzas de loitas que nos parecen familiares e vividas. Tanta historia, tanta literatura, tanto cine sobre o camiño de Irlanda á independencia fainos inmediatamente recoñecibles as figuras dos seus protagonistas, salientadas no Museo e espalladas por todo Dublín. Así o poñen en evidencia os monumentos de O’Connell Street aos pioneiros O’Connell, O’Brian, Parnell ou Larkin. O símbolo da resistencia abatida é o mítico heroe celta Cu Chuláinn, representado, ferido de morte, no Pazo de Correos onde se proclamou a independencia de Irlanda e onde finalmente foi derrotada a insurrección antiimperialista de 1916, hoxe obxecto de culto no Xardín da Memoria.

A brutal represión inglesa perpetrou o fusilamento do nacionalista Pearse, do socialista Connolly e dos demais líderes daquela heroica revolta. Mais a loita daqueles *fianas* (guerreiros en gaélico) continuou en 1918 coa vitoria electoral do Sinn Féin (partido fundado por Griffith baixo o lema Nós Mesmos) e da guerra de liberación desatada polo IRA (Exército Republicano Irlandés). Dublín lémbrao a cada paso e a todos nos son familiares personaxes como o activista Collins ou o que sería primeiro presidente, De Valera. Entre as mulleres, a feminista e revolucionaria Constance Markievicz, a condesa vermella de orixe polaca que chegou a ministra, ten tamén busto en St. Stephen's Green.

Os sufrimentos do Eire, expresados por Padraig Pearse no seu poema en gaélico "Eu son Irlanda" (onde a patria, máis vella que a mítica vella de Beara, chora polos seus fillos traidores e polos seus fillos mártires), ecoaron a miúdo na cultura galega e no meu propio círculo creativo (por exemplo, Carmen Blanco antepuxo uns versos desta composición ao seu ensaio sobre o celtófilo poeta galego Pondal no monográfico sobre o celtismo en *Unión libre* e fixo así mesmo unha recreación subversiva do mito da Vella de Beara no seu poemario *Mil mulleres*). Yeats elevou á poesía e ao teatro o mito da vella patria que chora coa "terrible beleza" que el mesmo asegura que naceu en 1916.

Nesta mesma liña temática, xa na miña adolescencia escribín un poema inspirado pola película *O delator*, do director norteamericano John Ford (aínda que de orixe tan irlandesa como o seu nome orixinal, Seán O'Fearná), baseada na novela homónima de Liam O'Flaherty. De feito, Ford remite constantemente no seu cine a Irlanda e aos irlandeses e mesmo levou ao celuloide a xuventude do escritor Sean O'Casey. En calquera caso, a miña composición sobre *O delator*, que foi incluída no libro *Cinepoemas*, trataba precisamente sobre aqueles "tempos tristes para os fillos dos fianas", envoltos na néboa da represión, que xa entón me obsesionaban, como revela o final do poema:

Sinn Fein Sinn Fein  
nós sós  
sangue verde de Irlanda  
agromará na froita  
da vindeira república  
ceibe e nacional como a pesca e a caza



Mais a República de Irlanda non foi tampouco a desexada por moitos dos precursores da independencia, senón outra dabondo vaticanista, conservadora e angloparlante. De feito, malia o bilingüismo oficial, sorprende tan pouco gaélico nun estado celta independente que se supón moi afastado do autoodio expresado polo Duque de Wellington (“Nacer nunha corte non converte a ninguén nun cabalo”). A lingua gaélica de Irlanda, presente xa nas antigas inscricións rupes-tres en escritura oghámica, desenvolveuse na Idade Media a través das lendas épicas e da literatura relixiosa, mais o imperialismo inglés logrou finalmente a súa lamentable decadencia.

No século XIX, a Liga Gaélica representou o inicio do proceso de recuperación lingüística e cultural da que andando o tempo participarían numerosos intelectuais, como Synge, e iniciativas, como a do Abbey Theatre, un teatro nacional celta e bilingüe fundado por Yeats e Lady Gregory que continúa existindo, aínda que reconstruído tras o seu incendio, en Abbey Street. Aínda que o pobo que latexa en *O crepúsculo celta* e en *A rosa secreta* fixo de Yeats portavoz principal do imaxinario irlandés no mundo, ou precisamente por iso, quixemos que no monográfico de *Unión libre* sobre a cultura celta, coordinado por María Lopo, tivese presenza Lady Gregory, así como que se incluíse un estudo sobre a poesía en gaélico, debido ao especialista no tema Pierre-Yves Lambert.

Porque ir a Irlanda é tamén escoitar gaélico, cousa infrecuente fóra da rural zona Gaeltacht, ou de locais determinados, como An Siopa Leabher, antigo cuartel do Sinn Féin en Dublín e actual librería gaélica. Neste sentido, a celtista María Lopo tivo especial interese en visitar a Biblioteca Nacional de Irlanda, adxunta ao Museo e moi rica en documentación literaria angloirlandesa, e a encantadora Biblioteca Marsh, que aínda conserva as gaiolas onde se pechaba os lectores de libros especiais, así como a histórica Royal Irish Academy.

Agora ben, en realidade, a lingua máis común en Dublín parece ser a pastosa da cervexa, sobre todo a *stout* de pouco lúpulo e malte moi tostado que ten a súa catedral turística na fábrica e museo Guinness. Desta e doutras escumosas cervexas negras engúlese millóns de pintas ao día só en Irlanda, un dos maiores produtores e consumidores de tal bebida no mundo, como pode apreciarse facilmente polos pubs e polas rúas abarrotadas de bebedores e bebedoras

e así mesmo de bébedos. Dende o característico e popular Pub O'Neill's (Suffolk Street), co seu vistoso reloxo exterior, á cervexería *Bad Ass Café* (Crown Alley), no bohemio contorno de Temple Bar Street, onde serviu Sinéad O'Connor antes de consagrarse como cantante, escoitei falar e serpear a multitude en todas as pastosas linguas posibles nas idas e vidas da morada establecida no Temple Bar Hotel de Fleet Street. Non en van o prestixioso *whiskey* irlandés debe o seu nome á expresión gaélica *uisce beatha*, que significa auga da vida.

Polo demais, Dublín ofrece remansos diúrnos como o paseo polo parque St. Stephen's Green e as súas vidradas galerías comerciais, ou a pescuda pola arquitectura, a decoración e as características portas de estilo xeorxiano, que tanto proliferou no século XVIII. E tamén o internarse polas tendas alternativas, como Connolly Books (en Essex Street), que lembra o revolucionario James Connolly en intención converxente co monumento ubicado no contorno de Custom House e Tara Street Station.

### **As verdes visións do iris**

Eu coñecín a Irlanda da diáspora antes que a Irlanda da illa. Concretamente, durante a miña estancia en Nova York nos primeiros anos noventa e en diversas viaxes e estancias nesta cidade e en Boston tiven ocasión de comprobar a enorme presenza dos millóns de descendentes da emigración irlandesa aos Estados Unidos de América. Lembro a celebración do Día de San Patricio como unha semana onde todo, dende o comercio e a cervexa ás luces do edificio Empire State, se volvía verde. O multitudinario, interminable e heteroxéneo desfile conmemorativo ao longo da Quinta Avenida, onde se encontra precisamente a Igrexa de San Patricio, celébrase en Nova York dende o século XVIII, antes mesmo que na propia Irlanda.

Ademais, foi precisamente en Nova York onde coñecín moitos dos rituais, tradicións e personaxes folclóricos irlandeses, como as fadas e os elfos de atavíos vermellos denominados *fear dearg* e os solitarios trasgos chamados *clurichauns*, que cabalgan sobre cans ou sobre ovellas pola noite. As múltiples representacións do máis verde e simpático dos trasgos irlandeses, denominado *leprechaun* (diminuto e escorregadizo gardián de tesouros que oculta nun caldeiro ao final do arco da vella), atraeron moito a atención da miña filla Mariña cando foi de nena a Nova York.

E precisamente pola miña filla veume referida máis tarde a vida cotiá de Irlanda, pois Mariña pasou un verán en Dublín aprendendo inglés, no seo dunha familia nativa, durante a súa adolescencia. Alí reencontrouse por certo coa nosa amiga Orla Somers, quen fora alumna universitaria miña, como moitos outros estudantes irlandeses procedentes das universidades de Limerick e de Cork. A dublinesa Orla Somers foi a primeira persoa irlandesa que tiven como alumna no Campus Universitario de Lugo, concretamente no curso 1992-1993, e dela quedou na nosa casa espiral lembranza en cerámica de Donegal.

A verdade é que eu sempre asociei o nome de Limerick, onde por certo naceu o actor Richard Harris, ás humorísticas quintillas absurdas así chamadas, aínda que parece que o precursor delas foi o romántico dublinés Thomas Moore. Da universidade de Limerick procedía o alumnado irlandés que chegou ao Campus Universitario de Lugo a través do Programa Erasmus durante os anos noventa, continente do que formou parte a encantadora Clodagh Bannigan, coa que miña filla Mariña practicou inglés.

En canto a Cork, famosa pola súa abondosa actividade cultural, artística e literaria (no ronsel de *A Irlanda oculta* de Daniel Corkery), cómpre dicir tamén, dende a perspectiva galaica, que na súa universidade existe un Centro Irlandés de Estudos Galegos. Precisamente da Universidade de Cork veu a Santiago de Compostela, nos anos dous mil, o doutorando Manus O'Duibhir, quen se puxo en contacto comigo para estudar a Valente en relación co Romanticismo inglés e participar nas actividades da Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética.

Outra galega que me aproximou a un Dublín cotián a través de interesantísimos relatorios foi a poeta Luz Pozo Garza, quen morou tempadas en casa da súa filla Dana Mónica, tras establecerse esta en Irlanda como teclista e cantante de música latina e promotora alí do grupo poliétnico Salsa Brava. Destas estancias naceron os nun principio chamados "Poemas gaélicos", que deron orixe ao libro *As arpas de Iwerddon* e a decenas de deliciosas e anecdóticas lembranzas de Irlanda relatadas oralmente pola escritora. O misterioso Iwerddon do título é o nome galés de Irlanda, tomado pola poeta do *Mabinogion*, obra épica galesa compilada na Idade Media e unha das fontes referenciais célticas, xunto a Yeats e Joyce, dese poemario.

Eu coñecín ás fillas de Luz Pozo Garza, Mónica e Luz, nun encontro literario celebrado n'O Castro de Samoedo con motivo da presentación do número da revista *Nordés* dirixida pola poeta, dedicado á lírica galega do momento e no que eu fora incluído. Pois ben, naquel mesmo lugar de remoto pasado castrexo e de expansivo laboratorio de formas identitarias no presente, nai e fillas inspiráronme un poema celtista dirixido ás creadoras e ás musas solares, con múltiples referencias á Irlanda da que me falaba Luz. Por iso se titulou "Fillas de luz" e por iso se publicou no libro denominado *Extrema Europa* en referencia aos célticos fisterrás atlánticos do vello continente:

Viñéchedes candeais no bronce atlántico  
espidas espirais da xerfa e do trisquel.

Viñéchedes no amor ao labirinto  
como soles debullados polas arpas.

Viñéchedes no son dos olifantes  
con recendos de lontras e de cervos.

Viñéchedes nas ondas dos teclados  
como dunas dos pozos do nordés.

Viñéchedes con diademas de moreiras  
e rosetas oghámicas na pel.

Viñéchedes concéntricas coa lúa  
como torques sobre o colo dunha garza.

Viñéchedes dende antes da memoria  
tatuadas por un saxo de neón.

Viñéchedes trocarme nun deus celta  
no castro en que viñéchedes da luz.

Pero ademais do Eire existe o Ulster. Lembro que unha das primeiras figuras políticas nas que reparei na miña adolescencia foi a moza deputada de Irlanda do Norte Bernadette Devlin, acaso porque me fascinou a súa rebeldía antiimperialista en informal minisaia, así que axiña merquei o seu persoal libro *O prezo da miña alma*, que enchín de recortes e de citas dela. Bernadette Devlin, líder das revoltas antibritánicas de Londonderry no ano 1969, fundou o Partido Socialista Republicano Irlandés e representou un tempo o nacionalismo da

Irlanda sometida. Dende entón, sempre prestei atención ao arrepiante conflito do Ulster, lugar desgrazadamente máis coñecido no mundo pola violencia que pola importante arquitectura da súa capital Belfast ou polo fabuloso capricho xeolóxico da chamada Calzada dos Xigantes, corenta mil columnas de basalto que se estenden dende a costa ao fondo do mar. Mágoa que a visión universal do Ulster non sexa precisamente a do seu poeta natal Seamus Heaney.

Non é fácil dende logo que se escoite a voz dos creadores, aínda que eu tiven o pracer de facelo compartindo varias veces sesión ou tribuna con escritores irlandeses. Así, nos anos noventa, participei cos poetas Michael Harnett e Theo Dorgan (quen dixo identificarse coa miña poética do espazo, que percibía próxima a de Bachelard), nun encontro organizado en Barcelona pola escritora Marta Pessarrodona. E, xa nos anos dous mil, recitei conxuntamente coa poeta e novelista Mary O'Donnell, por certo incluída nunha suxestiva mostra de *Irish Eros*, nun acto da Universidade de Santiago de Compostela promovido polas profesoras Manuela Palacios e Laura Lojo, activas impulsoras das relacións literarias galaico-irlandesas. Mais, realmente, a Irlanda que se recoñece masivamente fóra de Irlanda é a do tópico turístico e a do cinema de acción.

En Dublín, o Irish Film Centre, de gran interese para cinéfilos e celtófilos, deume a oportunidade de coñecer o controvertido culto existente en Irlanda á divertidísima égloga celta *O home tranquilo*, de John Ford, baseada nunha narración de Maurice Walsh, tal como se pon de manifesto na entusiástica guía sobre a película escrita por Des MacHale, e malia a visión crítica dos seus tópicos estereotipados por parte de determinados sectores. En calquera caso, existe un fetichista Quiet Man Cottage Museum en Cong, vila onde se filmou a película, aínda que baixo o nome de Innisfree (topónimo que aparece no poema "A illa de Innisfree" de Yeats e título dun documental español sobre as lembranzas da rodaxe fordiana). A Cabana ou Granxa Museo Home Tranquilo é unha réplica da morada Branca Mañá que comparten no filme en cuestión os personaxes encarnados por John Wayne, orixinario de Irlanda, e Maureen O'Hara, irlandesa nativa como a tamén actriz Maureen O'Sullivan.

Preto de Cong, atópase o idílico parque nacional de Connemara (*locus amoenus* da película de Ford, terra orixinaria da súa familia e por certo tamén lugar natal do actor Peter O'Toole), que segue destinado

ao pasto do gando de la. A pastorela visual na que aparece Maureen O'Hara reloucando descalza coas súas ovellas semella inspirada directamente no cadro "Unha moza de Connemara", de Augustus Nicholas Burke, que pode contemplarse na Galería Nacional de Dublín. Maureen O'Hara, por certo rubia de ollos verdes como miña nai, foi a primeira persoa á que escoitei falar gaélico, concretamente cando ao seu personaxe lle parece máis íntimo que o inglés para facer confidencias ao cura interpretado por Ward Bond (excelente actor de reparto, como o irlandés Barry Fitzgerald, que interpreta ao alcohólico casamenteiro).

A capital da zona é a histórica e medieval Galway (que debe o seu nome á mítica princesa Galvia, segundo a lenda arrastrada polas ondas). Precisamente na Baía de Galway se atopan as Illas de Arán, dadas a coñecer mundialmente polo norteamericano Robert Flaherty, de orixe irlandesa, no seu clásico documental antropolóxico *Homes de Arán*, que vin moitas veces con atención e admiración. A choza que se construíu para a rodaxe é hoxe tamén atracción cinefílica. Así mesmo, escritores irlandeses como Synge ou O'Flaherty tamén se teñen inspirado na dura vida destas illas batidas por ondas indómitas e imponentes tormentas.

Mais o animado Irish Film Centre permite tamén aproximarse e afondar no para min sempre interesante cinema irlandés ou sobre Irlanda, a miúdo centrado en cuestións políticas (*Michael Collins*, *No nome do pai*, *No nome do fillo*, *Cal*, *Xogo de bágoas*, *O vento que axita a cebada*), sociais (*O prado*, *As cinzas de Ánxela*, *O baile de agosto*, *As irmás da Magdalena*, *Noiva de decembro*, *Durme meu neno*) e mesmo literarias (*O meu pé esquerdo*, *Dublíneses*, *Norah*), ás veces en moi graciosa clave cómica: *Reefer e a modelo*, *Os Commitments* ou *O bebé*, que aquí se titulou, para maior identificación positiva do produto, *Café irlandés...* Os irlandeses Jim Sheridan e Neil Jordan son os directores de boa parte das películas citadas.

Moitos destes filmes inclúen excelentes bandas sonoras que me acompañaron a miúdo ao longo da vida, e, de feito, á música irlandesa, que ocupou un lugar verdadeiramente importante na miña existencia dende que descubrín aos Chieftains, dediqueille un escrito específico que me exime de tratar dela aquí. Non casualmente o meu paso por Dublín estivo amenizado por toda clase de música de fondo, ás

veces materializada en plena rúa, como ocorre co monumento hiperrealista a Molly Malone portando a súa carretilla. Porque Molly Malone quedou para sempre baixo a neve na bola da lembranza, como o cervo gravado sobre a lousa azulada da memoria e a tripla espiral simbolizando as árbores que somos sobre a mesa. E a popularísima canción que narra a morte da mítica peixeira e que coñecen todos os irlandeses e mesmo todos os asiduos aos pubs irlandeses espallados polo mundo, é tamén un recomezo sen fin para sempre ir a Irlanda:

In Dublin's fair city,  
'where the girls are so pretty,  
'I first set my eyes on sweet Molly Malone...



Halfpenny Bridge sobre o río Liffey

*Luz Pozo Garza*

SHERPA, A CADELA IRLANDESA







**Nordés**

**Luz Pozo Garza**  
Académica da RAG

## *Sherpa, a cadela irlandesa*

Polo mañá aparecera un letreiro pendurado dunha árbore senlleira: “Búscase unha cadeliña que atende por SHERPA”.

-Víchela onte?

O avó atusou o bigote. Deu unha bocallada á pipa e mirou para o teito:

-Vina, Xandre, Galgaba polo campo das dedaleiras tras dunha revoada de pombas. Eran as dez da noite pecha e a cadela non aparecía. Os nenos non quixeron cear.

-Tomade polo menos a cunca de leite-mandaba a nai.

A Luchía choraba. Caían as bágoas grandísimas na cunca. O rapaz ollaba pola fiestra a noite noitébrega. Afora arreciaba en nesgo.

As veces unha luciña moi triste pintaba ó lonxe.

O avó sentou preto da lareira. A pipa amada na comisura dos labios.

As labaradas do lume poñíanlle a barba de prata.

-Vinde, neníños. Imos facer un plan...

O Xandre repetía mecanicamente: Se estivera aquí o papá xa a tiña atopado. Non vou durmir ata que aparezca a nosa cadeliña...

Caían máis bágoas na cunca...

O avó tirou a pipa da boca: Agora chove recio. Non se pode saír. Da mañanciña douvos palabra de ir en procura desa toleirana. Seguro que galgaría ata a torre-ta das pombas na Xunqueira. Mañá heina buscar, pero o máis probable é que xa veña de camiño...


Os nenos non podían durmir. De cando en vez caían nun sopor enfermizo. O Xandre vía a Sherpa no fondo dun pozo. Laiaba o animal por saír e o eco reforzaba os seus laios. A nena ensoñaba unha cadela na corrente da torrenteira...

Pero todo non fora senón un pesadelo: de mañanciña chegou a cadela cunha pomba esnafrada na boca ensanguentada de zorro cativo...



# PARADISO

## *Autógrafos de Eduardo Moreiras*



AMIDA BUDDHA  
Black lacquer on wood with traces of gilt Kamakura style. 15th century  
*In the possession of Mr. Christmas Humphreys*



# AVALOKITESVARA

A Luz.

Onde é o Bodhisattva  
que passou sorrindo  
pelo freixeiro?

Fuziu a luz namorada.

Ouh, meu amor,  
ainda os raios  
da mananheita se frol  
tremam ao ar,

e o coração sente  
o calor da vida.

Onde é o Bodhisattva  
que arrebolou  
o meu sono de home?

Fuziu a luz namorada.

§ encerra

# INDRA

A Luz

Escintila a corsa da Luz  
de Indra  
nos pinheiros á serán

queima o ceo do vrán  
co seu sopro de aueos...

mais eu non vexo a Indra!

Canta o regato no ár  
da roseira mamorada

e Indra ~~acende~~ <sup>acende</sup> no ceo  
o círculo de ouro  
dos seus dedos

pra dar aos homes esperanza  
e compasión...

mais os meus ollos de terra  
non ven a Indra.

Eduardo

## CANTIGA DOS NAMORADOS

A Luz.

Si eles quitárem o abreite luminoso  
cairão no chão coma dois paxaros cegos.

Roubáremos hemus o sanel dos labios?  
Non resistirá o méo bico de noite.

Imos a adiacetar o relo' do tempo:  
saírán do furado do sono arrepiados.

Atrincarámos in doutro polos cabelos  
entrelazados coma duas follas pensativas.

Ciscáremos as cinzas diste fogo pequeno  
pra que o verdadeiro calor os abure no viro.

E logo, in pos in, deitáremos lonxe

pra que o corazón conoza a súa forza

e choren coma nenos para recepre.

† duccorde



# O DUXETO DA POESÍA É A POESÍA.

A Luz

Primeiro facer cala  
na praia interior.

Sin desfaces e vó  
das aves fuxidias  
deixalas vir intactas  
ao seu tempo. Despois  
vencer a resistencia  
do ser diante do enigma.

O poema será a ponte  
maldita sobos do río  
entre o irreal e min.

Sois tes a linguaxe  
elixida, manantío de amor  
na historia que vives.

Ainda hai que dicir non  
é beleza e mesturar  
o poema coa impureza  
da vida. E así...

Aguarda mentras chega  
soitaria, dorosa, nua  
a inospitada herba xusta.

Ferreiros

## O SON ESQUECIDO

Para Luz

Óivros, frutas agrestes:

Pan vos tanxe.

O deus rudo e pódete aínda xoga  
cos amoricos de pedra negra dos meus ollos.

Frutas douradas entre os carballeiros,  
doceas sons que o río lonxe leva  
e fai  
a morres nos meus beizos.

Toda Galicia déitase soñando.

Xa nada tal ninquere.

Roula, terra miúda, cabo do mundo  
tola de luz divítia  
polo ceo.

Tímidas roseiras alumeáanche a faz  
cando o deus máo  
escintila no bosque.

Xa ninquere olla para tí:

nin a mariña mausa

nin os teus fillos de ollos pechados,  
estatuíñas de pau enxuto e morto.

Somente o marmurio das frutas  
entre as follas  
fala na lingua pura esquecida dos homes.

‡ amoricos

## PEQUENA HISTORIA DUNHA RAPARIGA

A Luz.

Cando naciches  
un deus ficou pensativo  
no bosque de estrelas,

unha brasa pura  
alumiou sinxelamente  
a segreda tebra da vida.

Cando medraches  
cos teus zoquiños  
pola chuva arribá,

queimaban as roseiras  
do camiño,  
abriuse o ceo en ondas  
repedan hasta os humanos.

Miña nena, cando mosreeches  
xa deprenderas cedo  
a traballar nos sulcos  
sin xusticia, sin máis.

Agora o candil alumia  
a alcoba valeira

e na fiestra aberta ao ceo  
un anxo silencioso  
chora.

‡ clemencia

A MAÑÁN PODE NACER CALQUER DÍA.  
A LUZ.

Non pasa, non, o río misterioso  
deitado no fogo da terra  
beberdo os corpos dos inmortales.

Atafegados, os homiños mouros  
cachean a morte polo chá,.  
pechando os ollos, parindo agoiros  
de indiferencia pra que o tempo pase.

Rebelle, ao redor, un vento de froes,  
murmura as follitas das silveiras,  
recee as escumas unha finta rosada  
pra os cabelos da terra uameorada.

‡ eterna é esta luz uais outa  
que fia o corazón á verdadeira vida.

Vou parerme os homes do meu pobo  
nun ringleiro de sombras  
ruchando a luz cós mans lermantadas.

Duras mans de loita e de traballo  
¡cómo uexo nas liñas  
distas oscuras mans sin nome  
raioar o sol da nación prometida!

‡ decardes

## MONTES DA GROVA

4 Luz.

Fiquei o vento xeme  
às grandes svedades.  
Cantam os vieiros na curva da montanha  
meu amor  
voltarei algún día silencioso  
pra reconhecer a estrela  
na frente dos cavalos  
e a marca de ferro e lume  
chavetada no lombo.

Nos me digas adiós.

Voltarei pola erba chea de ás e esenchas  
rinchos lonxanos [leiras,  
e o gran vento coma unha chuvia moza.

Ficarei para ti  
espavorido de relixioso amor.

— Eduardo

## IRREAL, I

A Luz.

Sobor da terra na sombra deitada  
Vixia o centro de aueor:  
Fíes do tear xunquen a vida mortal  
ao manantío, cecais na brisa levada  
ou nas ondas que a música entresona.

Xira a terra e se congoxa  
no saabris do ceo coa ferida amante.  
Remanese o camiño das arelas  
infundas, deitada á sombra azul  
do espaco, bébedo de aueor, inmóvil.

Fernando

# TERRA CASTIGADA

A Luz.

O menso bessa "Teño fame!":  
Voan as follas arrincadas d'um tison  
en remuídos.

O home marmulla "Teño sono..."  
Qué soledade.

A carón do lume quéntase estalécidos.  
Aletan d'um trago  
todo o preto fulgor nocturno.

A terra ao redor encalla e cruze.  
Polas gretas aroma hostil, cavándolles  
a morte.


Alí están, a carón do lume.  
Qué duramente aperta a goxa a terra.  
Il teude as mans coma si os ollos novos  
multiplicasen a forza da vida.

Man non hai vida; il tou soio escoita  
os millos e millos de pasos patalexando  
o mundo, repesándose, esufocando entre os duros exios

a semente estéril,  
a esperanza vana  
da primavera que aínda non nace.

## A PLUMA NA MAN

*Cartas a Eduardo Moreiras de  
Ramón Otero Pedrayo e Miguel González Garcés*



Trinity College (Dublín)





Compostela, 19-VI-72

Querido Eduardo:

Acabo de recibir carta de Rodriguez Lapa agradecendome un libro que lle mandei — "Sátira e invectiva en la España medieval", de Kenneth R. Scholberg, que se refire frecuentemente á edición que fixo o Lapa das "Cantigas d'Escarnho e Mal-Dizer" —, e na carta hai un párrafo que fala de ti. Prácome copiarcho:

"A propósito da Galicia: ando a ler, con muito interese e até apaixonado alvoroco, o diário de Eduardo Moreiras, Follas de vagar. O home e a paisagem galega resaltan de suas páxinas impresionantemente verdadeiros. Aponhei alguns pedaços, que são trechos de antologia. Quem é esse home, onde mora, o que fez até aquí? Agradecido-lhe que me informe con abundancia".

Caléprome muito de che comunicar este xuício da gran Rodriguez Lapa.

Unha cordial aperta do teu amigo

Ramón

Ourense 24 abril 1974

Sr. D. E. Utracinos,  
Vigo

Meu querido amigo: Estou emazado. Coide ter voltado ós 18, or 17, cando  
vra meia se desvelaban os misterios dos ribeiros outonizos e as liberrarias  
antigas das aldeas. Millos co escrever dos libros, e a frodoes do meuo. Pois  
vra libro é de primaveras, abel formos como os "Choiras de Primavera"  
de Tomso, venet. Fica o foz consagrada como o Orillons e o foz e o foz.  
Sua outro libro romerion e libro "Follis de Vagos" fozome comen.  
vra meia venen. Este novo seu é meu análise de foz, seu meo seu.  
Fica o valle seu seu cu fozos vellos camidos fozelos. É fozome com.  
fuz na Nova Terra com xozuras com Vestimentas. De fozde moito:  
na exornar de moitada, na demora seu com, na meia fozedias, un av.  
te seu fozes cu manexar a foz. É moitos moitos descobertas. Eic cu  
meu foz camitante e foz a ilurion de chegar ó interio do seu  
libro.

Musa aperta de vello amigo e abunido,

Ammon Otero Pedrayo

Durcure 27. Wabuf do 74

Sr. Dr. Eduardo Morcison.

Vizô

Meu querido e querido amigo:

Graciosa. U ma operaçâo com a fixaçâo  
muito bem. U melhor medicina que nua é a amizade.  
Estou velho, devido pela doença da minha mulher des-  
pois de mais de medos recumb de amante melancô-  
nô, sobre deute de foi cinco meses, e lá brava a obra a  
mãe de me reter a fazer mais de reposte maximo. Eu  
estou aqui a ler na frente do medico.

Vida trabalho, de boa forma. Somente o trabalho é a  
sua parte no mundo como vive no coração um choro e  
me afastar do mundo pensamentor

Sempre seu velho admirador e apaixonado  
meio em casa e cabido aqui  
Amore Otavo Pedro

La Coruña, 21 de noviembre de 1.969

Sr. D. EDUARDO NORRINAS

Querido Eduardo:

Muchas gracias por el envío de tus poemas. Me parece acertada la selección. Y muy buena la traducción.

Respecto a esto quiero plantearte un pequeño problema, que no creo que lo sea verdaderamente. Según la fotocopia que te envío, correspondiente a carta de la editorial, como ves, tengo que aparecer yo como traductor de los poemas. En la mayor parte de los casos -casi en todos- así será. Pero en el tuyo, y de algún otro buen amigo y que sepa que sus versiones han de ser preferibles por la conservación del matiz propio, he preferido que fueseis vosotros los que lo hicierais. ¿Tendrás inconveniente que utilice tu traducción como mía? Lo importante es el poema. Y lo que se trata es de que el poema quede lo menos traicionado posible. Pimentel, Aquilino, Luz Pozo, Franco Grande, Tovar, etc., etc., han de ser traducidos por mí. O ya lo fueron, en la mayor parte de los casos.

Otra pequeña cuestión, que planteo por la amistad y porque creo que, aunque cueste trabajo, debo procurar la mayor perfección posible en lo que se pueda:

En los poemas II, III, IV, V y VI, absolutamente ningún reparo. Me gusta mucho la versión castellana. Y, naturalmente, los poemas en sí. Ya sabes que eres de los pocos poetas cuya inclusión tiene que ser indiscutible.

Respecto a la traducción del I, también buena. Un requieño matiz modificaría, con tu permiso: "amorcillos" en lugar del actual "amorcillos" y también suprimiría el "tal" del verso que continúa "estatuillas de palo enjuto y muerto". Que dejaría así. Formando un perfecto endecasílabo. Que se correspondería con el siguiente.

Tampoco me gusta "ni tus hijos de ojos". Resulta un poco cacofónico.

Todos los demás poemas, sin la más ligera modificación.

Decae mucho, a mi parecer, sobre todo en la traducción, el VII. Aparece un aire de serranilla o Cancionero que no es propio de tu poesía. Tal personal e interesante. Yo lo sustituiría.

Confieso que añoro, por ejemplo, aquel poema "Muller do pobo" ya seleccionado por mí en "Diez Poetas Gallegos". Y no es que me gusten menos los que ahora me envías. Ni mucho menos. Excepto al VII. Apreciación personal, discutible y en la que más que planteamiento de discusión quisiera meditada confirmación o rectificación.

Me envió los poemas Pura Vázquez. Aquí sí que tengo problema. Las traducciones son infames. No hay más remedio que reescribirlas por completo. Los poemas tampoco me gustan mucho. Te los enviaré para que me des tu opinión.

Muy fuerte abrazo

"11/11/11"

La Coruña, 30 de junio de 1978

Sr. P.  
Eduardo Moreiras  
VIGO

Querido Eduardo:

Gracias por tu nueva muestra de amistad.

Es muy importante para mí que creas lo que dices de mi antología publicada por Ediciones del Castro. Nunca, aunque hay que pretenderlo, se puede hacer una antología definitiva, pero sinceramente sabes tú mejor que nadie que el trabajo no fue pequeño.

Conoces mi poesía perfectamente. Incluso lo que yo quisiera hacer.


Se nota que este libro no es lo que prefieres. Puedo que tengas razón, pero yo aun tengo el entusiasmo de lo últimamente hecho. Y me parece que era necesario el planteamiento del tema (siempre secundario), de un modo actual.

Miguel D'Ors, en amplio estudio, miravalora al poeta que tú prefieres. Yo estoy en una posición equidistante.

Hay suerte siempre y la expresión de mi gratitud por tu hermosa y asistencial trabajo.



# PARTITURA







## OUTRA CANCIÓN CON LETRA DE MARÍA DO CARME KRUCKENBERG

Aurora López

Neste novo volume de *Clave Orión* volvo a ter o privilexio de publicar unha partitura na fermosa sección que ideou con exquisita sensibilidade a editora, miña queridísima Luz Pozo Garza, que non pon inconveniente a que me apodere deste recuncho musical nas últimas cinco entregas da revista. Hoxe achégome á interpretación dun poema de inmensa sensibilidade, cunha fonda tensión emocional, que deriva de tres motivos esenciais: a) do eu poético, unha nai que escribe un testamento; b) da receptora, unha filla, a única filla da poeta; e c) dun texto redactado nunha linguaxe poética que nada ten que ver coa xurídica que sería de agardar nun testamento. O poema escollido é a primeira das tres partes de “Testamento a Cristina”, un inédito ata que foi escollido pola autora, María do Carme Kruckenberg, para pechar a súa *Obra poética case completa* (Edicións do Castro, Sada, 2000).

O poema, como digo, divídese en tres partes, das que a primeira é a que soporta a carga emocional do eu poético que a autora transfire, como se dun testamento se tratase, á receptora, a súa filla Cristina. Os outros dous apartados son reflexións vitais do eu poético, que percorre dous camiños: o do lamento polo que quixera ter sido, pechado con esta amarga confesión: *Si. Lamento non ter un corazón / para o esquenzo*; e o da visión do que pode ser a súa morte, iniciada co tópico poético do solpor. Os tres apartados están concibidos dentro dunha reflexión filosófica de natureza existencial, mais a min, como lectora, apréixame estreitamente o primeiro, no que, sempre na miña opinión persoal, as cordas coas que a poeta executa a súa partitura mais sentida vibran de xeito especial, como cando un intérprete pon a súa técnica e o seu ser enteiros na execución dunha peza por el amada. Velaí a razón de ter escollido esa parte para reflectir sobre os versos de Chuchi Kruckenberg a miña lectura musical; unha lectura na que non me soaba ben a palabra “testamento” no título, que me atrevín a substituír polas dúas iniciais “Cando marche”, tan tristemente suxeridoras.

A filla está sempre presente na nai, como é natural, e a nosa autora non dubida en nomeala unha e outra vez na súa escrita, mesmo por veces sen mención nominal. A Cristina dedica María do Carme *A sombra Ergueita* (1976); *Cantares de mi Silencio* (1980), onde especifica “A mi hija Cristina, siempre”; o primeiro dos 20 poemas (*rescatados del olvido*)

y una canción a Chuca Pereda (1983), que curiosamente ten un punto de partida semellante ó que trato hoxe: *Cuando yo muera en la niebla / me enterrareis bajo un pino / en cementerio de aldea*. É segue Cristina na dedicatoria de *Vivir, aventura irrepitable* (1998), e no primeiro poema de “Nomes no recordó” do libro *Poemas sen resposta* (1999), ata chegarmos, no ano 2000, ó “Testamento a Cristina”. O último poemario publicado, *As complexas mareas da noite* (Espiral Maior, 2006), leva a seguinte dedicatoria: “A Cristina, miña filla, única razón de vida”. Poucas veces teño visto unha mostra mais aberta do amor a un ser querido, a unha filla, ó longo da obra literaria de toda unha vida.

Polo que respecta á miña interpretación musical do poema, o comezo, que nos introduce na viaxe da morte, subliñada polo adxectivo *pretos* que cualifica a *vieiros*, iníciase en ascenso, culminando nun descenso ó ton grave para de novo ascender cun coidado especial para que a música reflicta un precioso momento de amor no testamento deixado pola nai: *un anaco de estrela / nos teus ollos*. O poema discorre sen sobresaltos, ofrecendo o eu poético o seu persoal legado lírico: *un pequeno buraco / no corazón do tempo, / e unha cantiga / sementada na terra [...]*; e despois *o mundo / con un feixe de soños*, para rematar coa herdanza do pobo galego, de Galicia. Musicalmente mantéñense os mesmos parámetros que predispoñen claramente a un sosego emocional.

Esa música así pensada vai completada por un fermoso acompañamento pensado para ela, obra da miña querida amiga Teresa Luján, que os lectores de *Clave Orión* coñecerán por todas as partituras publicadas anteriormente por min. Ela foi tamén a responsable dos arranxos das partituras de *Saloucos. Quince poetas da terra nai* (Vigo, Galaxia, 1999), no que figura a primeira canción que compuxen cun poema de María do Carme Kruckenberg, “Dóenme os ollos”, tomado do libro *A sombra Ergueita*; unha canción moi diferente, cunha forza reivindicativa, cunha dor de vivir, que culmina nunha sorprendente comparación de forza tremenda: “un cadaleito cheo de rosas murchas”.

Esta é a miña pequena viaxe musical, xamais á altura de quen é unha experta viaxeira, non só no sentido propio da palabra, mais tamén nas súas viaxes poéticas, filosófico-existenciais, sociais, que traslada ós versos a forza da protesta e da denuncia, pero se entenrece co legado persoal dunha nai a unha filla moi querida. E eu, pola miña parte, trato de deixar nesta composición, querida Chuchi, a pegada do meu cariño por ti, feita posible nesta publicación por outra poeta moi querida, Luz Pozo Garza.

**CANDO MARCHE**  
*María do Carme Kruckenberg*

I

Cando marche polos vieiros  
pretos da noite,  
vouche deixar  
un anaco de estrela  
nos teus ollos.  
Quizais un pequeno buraco  
no corazón do tempo,  
e unha cantiga  
sementada na terra,  
como se fose unha herba  
tremelante.  
E deixareiche todo o mundo  
con un feixe de soños,  
(que esmoreceron sen amor).  
E tamén, como non, deixareiche  
o agarimo e a ledicia deste povo  
que fixo de min  
unha onda escumosa  
polas areas fondas da señardade

II

LAMENTO non ter a voz  
renovada da historia,  
nin a evolución permanente  
do por vir.  
Quixera a sabedoría do vento  
memorable,  
que da forza as mareas,  
roubando espacio ás praias.  
Desfacendo a escuridade  
das verbas espelladas do sofrimento.  
Facer un anaco na mirada  
indiferente da tolemia  
e non ter un coitelo  
cravándome á delor insistente de realidade.  
Si lamento non ter un corazón  
para o esquenzo.

### III

O CHORO pode vir a hora do mencer,  
cando o sol desapareza o deu corpo  
de fogo e luz.  
As bagoas de non ter a dozura  
cristalina da fonte, de seren  
un anaco de mar  
sen posible retorno.  
Entón viran os recordos a fundir  
En agonía toda esperanza...  
Logo o tempo, Señor absoluto de realidades  
deixará a beira de calquera camiño,  
a imaxe sesdibuxada da faciana durmida.

# CANDO MARCHÉ

Letra: M<sup>ra</sup> do Carmo Kruekenberg

Música: Aurora López

Arranxos: Teresa Luján

Andante

The musical score is written for voice and piano. It consists of four systems of music. The first system shows the beginning of the piece with a treble clef, a key signature of one flat (B-flat), and a 3/4 time signature. The tempo is marked 'Andante'. The piano part features a rhythmic accompaniment with triplets and slurs. The second system continues the piano accompaniment. The third system introduces the vocal line with the lyrics 'Cando marche polo mar de los'. The piano part continues with chords and rhythmic patterns. The fourth system continues the vocal line with the lyrics 'países da nosa terra' and 'marche o mar de los'. The piano part concludes with a final chord and a double bar line.

*mf*  
*molte*  
*mf*  
*molte*  
*mf*  
*molte*

Cando marche polo mar de los  
países da nosa terra  
marche o mar de los

First system of musical notation. It consists of three staves: a vocal line in treble clef with a key signature of one flat and a 3/4 time signature, and two piano accompaniment staves (right and left hand) in bass clef. The lyrics are: "sua un anaco de es - tre - la".

Second system of musical notation, continuing from the first. It consists of three staves. The lyrics are: "nos cas o - los".

Third system of musical notation. It consists of three staves. The lyrics are: "Casi...rais un pequeno bu - raco". A triplet of eighth notes is marked with a '3' above it.

Fourth system of musical notation. It consists of three staves. The lyrics are: "no com - ten do te - mpo e unha can - ti".

cu se - Arrivada na te - ra,

como se jo ginha be - rba, (re - ma lu - nte)

*mf*



E deixa - rei - te, to - do o me - ndo  
 com um fei - xe de so - ras que es - tre - la - ra  
 o - ron ser a - mor  
 E ta - men como

meu, dei-xa nei-te

ca-rga ni-mo sa-te di-ca deste peso que fi-ro de.

min un-ha on-das... cu-mo-sa

pa-las a-mas fo-ndas du-se-mar

5

Handwritten musical score for the first system. It consists of a vocal line on a single staff and a piano accompaniment on two staves. The vocal line begins with a treble clef, a key signature of one flat (B-flat), and a 3/4 time signature. The lyrics "du... de" are written below the first few notes. The piano accompaniment starts with a bass clef and a 3/4 time signature, featuring a rhythmic pattern of eighth and sixteenth notes.

Handwritten musical score for the second system. It consists of a vocal line on a single staff and a piano accompaniment on two staves. The vocal line begins with a treble clef, a key signature of one flat (B-flat), and a 3/4 time signature. The piano accompaniment starts with a bass clef and a 3/4 time signature, featuring a rhythmic pattern of eighth and sixteenth notes. A double bar line is present at the end of the system.

Three empty musical staves, consisting of a single staff on top and two staves below, arranged in a grand staff format.

Three empty musical staves, consisting of a single staff on top and two staves below, arranged in a grand staff format.

HOMENAJE A

CARMEN BLANCO

E

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER





Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer en Brú na Bóinne





*Ex Libris*  
**Luz Pozo Garza**





# CLAVE ORIÓN

ISBN 978-84-453-4778-2



*E o faro estraviado  
daba o S-O-S.  
no morse*

*—clave Orión—*

*d'as estrelas*

*Manoel Antonio*